

I.E.S. VALLE INCLÁN

Pontevedra

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Curso 2018/2019

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Programación de Valores Éticos de 1º, 2º, 3º e 4º curso de ESO.....	6
3. Programación de Filosofía de Cuarto Curso de ESO.....	51
4. Programación de Filosofía de Primeiro Curso de Bacharelato.....	86
5. Programación de Ética e Filosofía do Dereito de Segundo Curso de Bacharelato.....	119
6. Programación de Historia da Filosofía de Segundo Curso de Bacharelato.....	145
7. Programación de Psicoloxía de Segundo Curso de Bacharelato.....	173
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial (na ESO).....	208
9. Plans de traballo para a superación das materias pendentes e procedemento para a superación das mesmas (na ESO).....	208
10. Programas específicos persoalizados para o alumnado repetidor (na ESO).....	209
11. Actividades de seguimento para alumnos pendentes da materia de Filosofía de primeiro curso de Bacharelato.....	209
12. Procedemento para a cualificación das materias pendentes (na ESO).....	209
13. Procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos previos.....	210
14. Metodoloxía didáctica xeral do Departamento.....	210
15. Medidas de Atención á Diversidade.....	217

16. Concreción dos elementos transversais que se traballarán nos distintos niveis educativos.....	218
17. Accións de contribución ao Plan TIC.....	219
18. Accións de contribución ao Plan de Convivencia.....	220
19. Materiais e recursos didácticos.....	220
20. Actividades complementarias e extraescolares.....	221
21. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.....	222

## 1. Introdución e contextualización xeral

O Instituto de Educación Secundaria Valle Inclán de Pontevedra acolle principalmente a un alumnado procedente do núcleo central da cidade, ofertando en turno diurno catro liñas de Educación Secundaria Obrigatoria e cinco liñas de Bacharelato, nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. Asimesmo, imparte en quenda nocturna ensinanzas para persoas adultas.

Os resultados finais do alumnado adoitan ser satisfactorios e unha maioría dos matriculados en ambas quendas emprende estudos universitarios tras concluir os de Bacharelato.

O Departamento de Filosofía do IES Valle Inclán ten asignada durante o curso 2018/2019 a docencia das seguintes materias:

- Historia da Filosofía** (materia troncal nos itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais e materia específica de opción nos itinerarios científicos de 2º curso de Bacharelato).
- Psicoloxía** (materia específica de opción en 2º curso de Bacharelato).
- Filosofía** (materia específica de opción en 4º curso de ESO).
- Filosofía** (materia troncal común en 1º curso de Bacharelato).
- Ética e Filosofía do Dereito** (materia específica de opción en 2º curso de Bacharelato).
- Valores éticos** (materia específica de opción nos cursos 1º, 2º, 3º e 4º de ESO).

A docencia destas materias asignadas estará a cargo dos profesores relacionados a continuación:

D. Alberto Domínguez Méndez (Xefe do Departamento)  
D. Alfonso Sola Limia  
Dña. Milagros Sánchez Blázquez

Tendo previsto producirse no vindeiro mes de outubro a xubilación do profesor D. Alfonso Sola Limia, asumirá a docencia das materias e grupos que lle correspondan un profesor sustituto que se incorporará ao Centro nas datas indicadas.

Durante o presente curso 2018/19 este Departamento imparte a docencia en todos os niveis educativos e grupos de alumnado existentes no Centro, atendendo as necesidades educativas duns 700 alumnos, aproximadamente.

Sinalamos igualmente que a docencia correspondente a cinco horas da materia Valores Éticos de ESO será asumida polo Departamento de Lingua Española e Literatura.

**A presente Programación Didáctica estrutúrase contemplando principios, consideracións e criterios de carácter xeral para todas as materias do Departamento que concretamos e desenvolvemos nas Programacións específicas correspondentes a cada materia asignada.**

O presente documento concreta e contextualiza a seguinte normativa en vigor para as materias asignadas a este Departamento:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño de 2015).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG do 21 de xullo de 2015).
- Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obrigatoria y el bachillerato.
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/2017, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Programación de Valores Éticos

### Materia optativa de 1º, 2º, 3º e 4º Curso de ESO

#### Índice

- 2.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.
- 2.2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.
- 2.3. Obxectivos específicos para a materia de Valores Éticos.
- 2.4. Como contribúe a materia á consecución das competencias básicas.
- 2.5. Contidos para cada nivel educativo.
  - 2.5.1 Contidos para Primeiro Curso de ESO.
  - 2.5.2 Contidos para Segundo Curso de ESO.
  - 2.5.3 Contidos para Terceiro Curso de ESO.
  - 2.5.4 Contidos para Cuarto Curso de ESO.
- 2.6. Temporalización.
- 2.7. Concreción por niveis para cada estándar de aprendizaxe.
  - 2.7.1 Concreción para Primeiro Curso de ESO.
  - 2.7.2 Concreción para Segundo Curso de ESO.
  - 2.7.3 Concreción para Terceiro Curso de ESO.
  - 2.7.4 Concreción para Cuarto Curso de ESO.
- 2.8. Metodoloxía.
- 2.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
  - 2.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.
  - 2.9.2 Actividades de recuperación:
  - 2.9.3 Avaliación extraordinaria.
  - 2.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.
  - 2.9.5 Rúbrica para a avaliación do diario-caderno de clase.
- 2.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación.
- 2.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.
- 2.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

## **2.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.**

O valor da reflexión ética que ofrece a materia de Valores Éticos debe centrarse en dotar ao alumnado dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuízos valorativos teñan o rigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren, co fin de que as súas decisións sexan dignas de guiar a súa conduta, a súa vida persoal e as súas relacións sociais.

O currículo básico da materia estrúcturase en torno a tres eixos:

En primeiro lugar, pretende cumprir co mandato da Constitución Española, que fixa como obxectivo fundamental da educación o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

En segundo lugar, contribúe a potenciar a autonomía do alumno e a preparalo para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos, un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Finalmente, contribúe a favorecer a construción dunha sociedade libre, igualitaria, próspera e xusta, mediante a participación activa de cidadáns conscientes e respetuosos dos valores éticos nos que debe fundamentarse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como referencia universal para superar os conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.

## **2.2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a

violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **2.3. Obxectivos específicos da materia Valores Éticos.**

1. Valorar a dignidade humana e entender a especificidade do humano.
2. Identificar as características ou rasgos psicolóxicos propios da personalidade.
3. Comprender a importancia do desenvolvemento da autonomía na construción da identidade persoal durante a adolescencia.
4. Comprender a relación entre liberdade persoal e responsabilidade.
5. Distinguir entre autonomía e heteronomía moral.
6. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a importancia das habilidades sociais e emocionais na vida do adolescente.
8. Desenvolver actitudes e habilidades para potenciar a autoestima.
9. Coñecer as diferenzas entre os conceptos de ética e moral.
10. Identificar a liberdade e a sociabilidade como bases da moralidade.
11. Valorar a función que desempeñan os valores morais, como orientadores do comportamento humano, na vida persoal e social.
12. Entender o concepto de norma moral e valorar a súa influencia no comportamento humano.
13. Entender a relación existente entre ética, política e xustiza.
14. Coñecer algunhas das teorías éticas máis importantes ao longo da historia: eudemonismo aristotélico, hedonismo de Epicuro, a ética utilitarista e a ética formal kantiana.
15. Descubrir como se creou a ONU e as circunstancias históricas que motivaron a redacción da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.



16. Identificar os valores e os principios éticos que sustentan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
17. Coñecer o contido da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
18. Identificar as situacións que supoñen unha violación dos dereitos da muller e da infancia.
19. Analizar a problemática á que se enfronta, hoxe en día, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
20. Descubrir os valores nos que se fundamenta a Constitución Española, e os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.
21. Familiarizarse co contido da Constitución Española.
22. Valorar a importancia da participación cidadá na vida política e coñecer algunhas das formas máis comúns de exercer esa participación.
23. Averiguar que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos principais.
24. Reflexionar sobre os avances tecnolóxicos e científicos para considerar a posibilidade de fixar uns límites éticos e xurídicos, sobre a base do respecto á dignidade humana e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
25. Coñecer as causas e os síntomas da tecnodependencia.
26. Entender o concepto de conciencia ecolóxica e valorar a necesidade de apostar por un desenvolvemento sostible.

#### 2.4. Cómo contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.

As competencias clave representan un grupo de coñecementos, habilidades e actitudes, valores éticos e emocións, transferibles e multifuncionais. Son competencias que toda persoa necesita para o seu desenvolvemento persoal.

##### Competencias clave:

- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia para aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (SIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CEC)

A materia de Valores Éticos contribúe a desenvolver as competencias relativas ao pensamento crítico e a resolución de problemas desde o momento en que incide na necesidade de analizar, plantexar, argumentar e dar solucións fundamentadas aos problemas éticos, sendo este o eixo sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético.

A competencia social e cívica, a de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborativo incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores culturais. Ademais, a solución de conflitos interpersoais de forma non violenta promove no alumnado o interese por desenvolver actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

A competencia de aprender a aprender promóvese mediante o exercicio dos procesos cognitivos que se realizan no desenvolvemento do currículo básico, tales como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, avaliar, argumentar, etc., e favorecendo nos alumnos a satisfacción que produce o descubrimento do coñecemento.

Por último, a presentación de dilemas éticos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, porque esixe exercitarse na escoita, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, empregando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

### Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Para desenvolver esta competencia é fundamental o fomento da lectura, así como a análise e comentario dos libros e textos sobre valores éticos e dereitos humanos incluídos en cada unha das unidades didácticas do libro de texto.

Outros obxectivos asociados a esta competencia son, por un lado, a mellora da comunicación e, por outro, a transmisión de valores morais mediante a exposición e resolución de dilemas morais. Estes requiren o exercicio de habilidades sociais e comunicativas como a expresión de ideas e sentimentos, a escoita activa e a empatía.

### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Esta competencia nos ofrece a posibilidade de realizar argumentacións, plantexar e realizar xuízos morais, así como aplicar estratexias para a resolución de problemas e dilemas morais.

### Competencia dixital (CD)

A competencia dixital está ligada ao uso de dispositivos informáticos que permitan ao alumnado entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, e facilitar o acceso al coñecemento de feitos sociais e documentos históricos que mostren a contribución dos valores éticos á sociedade.

### Competencia para aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender implica recoñecer as necesidades educativas e exercitar procesos cognitivos tales como a análise, a argumentación, a comparación, etc., que caracterizan calquera proceso de aprendizaxe.

### Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas son as que están relacionadas dunha forma máis directa coa materia de Valores Éticos. As habilidades sociais e as actitudes cívicas resultan potenciadas cando se recoñece a importancia que teñen os valores éticos na sociedade na que vivimos. Igualmente axudan a fortalecer a identidade persoal, facilitando a resolución de conflitos interpersoais, ao tempo que desenvolven valores tan importantes como son a tolerancia, a solidariedade e o respecto á diversidade cultural, ideolóxica, relixiosa, etc.

### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

A autonomía, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor e a creatividade son aspectos da personalidade que benefician notablemente á sociedade. Para entrenar e desenvolver estas habilidades é recomendable ofrecer ao alumnado unha serie de actividades e su-

postos prácticos relacionados coa vida cotiá que lle permitan expoñer as súas propias ideas e ofrecer solucións orixinais e creativas.

### Conciencia e expresións culturais (CEC)

A materia de Valores Éticos permite o desenvolvemento de pautas persoais, sociais e interculturais que fomentan a participación activa en calquera sociedade democrática, respectando os dereitos e os valores éticos socialmente recoñecidos.

## 2.5. Bloques de contidos por niveis.

No currículo básico poden distinguirse dúas partes claramente diferenciadas:

A primeira iníciase co estudo da dignidade da persoa, como fundamento dos valores éticos e a capacidade que esta posúe para elixir as súas accións e modelar a súa propia personalidade, asumindo a responsabilidade de ser libre. Seguidamente, plantéxanse as relacións interpersoais co fin de entendelas a partir do respecto e a igualdade, resaltando a natureza social do ser humano, a necesidade de desenvolver a capacidade de relación coa comunidade, a importancia das influencias sociais no individuo e os límites que supoñen para a práctica da súa liberdade, tomando como criterio normativo de esta relación o respecto á dignidade aos dereitos humanos. Continúase realizando a reflexión ética acerca dos valores e a súa relación coa autorrealización humana, o seu desenvolvemento moral e a análise dalgunhas teorías éticas realizadas por pensadores especialmente significativos.

A segunda parte conduce á aplicación dos valores éticos en algúns ámbitos da acción humana. Propón a análise da actividade política no mundo actual, o papel da democracia, a súa vinculación co Estado de Dereito e a división de poderes, facendo posible unha sociedade que garanta os Dereitos humanos. Continúa coa reflexión sobre os valores éticos que sinala a Constitución Española e as relacións que esta establece entre o Estado e o cidadán, así como co feito histórico da súa integración na Unión Europea. Insístese no papel da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como criterio internacional para unha xustificación ética do Dereito.

Finalmente, valórase a necesidade dunha reflexión seria acerca da función que debe desempeñar a Ética no relativo á investigación científica e tecnolóxica, co fin de asegurar que os avances nestes ámbitos e a súa aplicación non violen o respecto á dignidade e aos Dereitos Humanos, nin á protección e conservación do medio ambiente.

### BLOQUE 1: A dignidade da persoa.

Estudo do concepto de persoa, os seus rasgos distintivos, como son a racionalidade, a liberdade e intelixencia emocional e a construción da personalidade a nivel cognitivo, afectivo e especificamente moral.

### BLOQUE 2: A comprensión o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.

Análise dos factores de asertividade e habilidades sociais inherentes á apertura do individuo á sociedade, así como da necesidade de establecer límites xurídicos e éticos no eido das relacións interpersoais.

### BLOQUE 3: A reflexión ética.

Introdución ao estudo dos valores morais e a súa relación coas normas éticas, así como do papel de ambos elementos na configuración da vida persoal e social. Abunda na natureza moral da persoa humana e, finalmente, profundiza no coñecemento de teorías éticas fundamentais como o socratismo, o aristotelismo, o epicureísmo e o utilitarismo.

### BLOQUE 4: A xustiza e a política.

Plantexamento das relacións entre a ética e a política e os principios éticos regulativos das democracias contemporáneas, materializados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Constitución, e unha revisión das organizacións implicadas na defensa de estes dereitos e a súa aplicación ao mundo actual.

### BLOQUE 5: Os valores éticos, o Dereito, a Declaración Universal de Dereitos Humanos e outros tratados internacionais sobre valores humanos.

Análise das conexións y diverxencias entre ética, xustiza e dereito, e un estudo dos contidos máis relevantes da Declaración Universal de Dereitos Humanos. Insiste na importancia da súa achega no contexto histórico no que xurdiron e a vixencia e actualidade dos mesmos.

### BLOQUE 6: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

Plantexamento crítico do impacto da tecnociencia na vida humana, que formula os dilemas e problemas éticos derivados da mesma en medicina e biotecnoloxía e, finalmente, constatar a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos a un progreso científico que vulnere a dignidade do ser humano.

Estrutturamos e adaptamos os contidos que marca a lexislación para o seu traballo na aula, en unidades didácticas que destacamos nas seguintes relacións para cada nivel educativo. Cada unha delas concrétese, á súa vez, en distintos apartados.

## **2.5.1 Contidos para Primeiro Curso de ESO.**

### Bloque 1. A dignidade da persoa.

B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.

B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.

B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral.

B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.

B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos.

B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano.

- B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán.
- B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa.
- B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral.
- B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.
- B1.11. Habilidades emocionais segundo Goleman.
- B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas.
- B1.13. Introspección: autoconhecimento, autocontrol e autonomía.
- B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.
- B1.15. Persoa como proxecto vital.

### Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.

- B2.1. A natureza social do ser humano.
- B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.
- B2.3. Os valores éticos como guías das relacións interpersoais na sociedade.
- B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.
- B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade.
- B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana.
- B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos.
- B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relacións humanas.
- B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición.
- B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas.
- B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais.
- B2.12. Valores e virtudes éticas nas relacións interpersoais.
- B2.13. Deber moral e cívico do auxilio.

### Bloque 3. A reflexión ética.

- B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.
- B3.2. Conduta instintiva animal e o comportamento racional, libre e moral do ser humano.
- B3.3. Liberdade e concepto de persoa.
- B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade.
- B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación.
- B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva.
- B3.7. Clases de valores.
- B3.8. Xerarquías de valores
- B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos.
- B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.

### Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.

- B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.

B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.

B5.3. Dereitos da infancia.

B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG.

## **2.5.2 Contidos para Segundo Curso de ESO.**

### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.

B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.

B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.

### **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.

B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.

### **Bloque 3. A reflexión ética**

B3.1. Diferenza entre ética e moral.

B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.

B3.3. Estrutura moral da persoa.

B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.

B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.

B3.6. Características distintivas dos valores éticos.

B3.7. Valores éticos e dignidade humana.

B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.

B3.9. Relativismo moral dos sofistas.

B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.

B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.

B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.

B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.

B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.

B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.

B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.

#### Bloque 4. A xustiza e a política

- B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.
- B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.
- B4.3. A política de Aristóteles.
- B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.

#### Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

- B5.1. Relacións entre ética e dereito.

#### Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

- B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.
- B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.
- B6.3. Problemas da tecnodependencia.
- B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.

### **2.5.3 Contidos para Terceiro Curso de ESO.**

#### Bloque 4. A xustiza e a política.

- B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.
- B4.2. O Estado de dereito.
- B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.
- B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.
- B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.
- B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.
- B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.
- B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.
- B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH.
- B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española.
- B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.
- B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.
- B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH.
- B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.

## Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.

- B5.1. Relación entre ética e dereito.
- B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.
- B5.3. Xustificación das normas xurídicas.
- B5.4. Convencionalismo dos sofistas
- B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke.
- B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.
- B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados.
- B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.
- B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.
- B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.

## Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

- B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.

### **2.5.4 Contidos para Cuarto Curso de ESO.**

#### Bloque 1. A dignidade da persoa.

- B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.
- B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.
- B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.

#### Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

- B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.
- B2.2. Fenómeno da socialización global.
- B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.
- B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.

#### Bloque 3. A reflexión ética.

- B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.
- B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.
- B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.
- B3.4. Éticas formais e éticas materiais.
- B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.
- B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de



Kant.

#### Bloque 4. A xustiza e a política.

B4.1. Democracia e xustiza.

B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.

B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.

B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.

#### Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.

B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.

B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.

B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis.

B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.

B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.

B5.7. Dereito á seguridade e a paz.

B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.

B5.9. Ameazas á paz.

B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.

B5.11. Misións das Forzas Armadas.

B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.

#### Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.

B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.

### 2.6. Temporalización.

Tendo en conta a escasa carga horaria da materia (unha hora semanal), o número de sesións dedicadas a cada unidade didáctica dependerá do criterio do profesor e, sobre todo, do interese e participación amosados polo alumnado durante o desenvolvemento da mesma.

Con carácter xeral, a distribución de contidos por avaliacións e para todos os niveis educativos quedará como sigue:

-Primeiro trimestre (65 días lectivos, 14 sesións): Bloques 1 e 2.

-Segundo trimestre (52 días lectivos, aprox. 10-11 sesións): Bloques 3 e 4.

-Terceiro trimestre (56 días lectivos, aprox. 11 sesións): Bloques 5 e 6.

## 2.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

### 2.7.1 Concreción para Primeiro Curso de ESO.

Valores éticos. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A dignidade da persoa</b>				
a d h	B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico. B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade. B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral.	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico.	CCL
			VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.	CCL
			VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".	CSC
a b d e g h	B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente. B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos.	B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.	VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.	CAA CSC
			VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos.	CSIEE
a f g l	B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano.	B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.	VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.	CSC CSIEE
a d g h	B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a con-	B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os va-	VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa perso-	CSC

	formarán.	lores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	nalidade. VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.	CSIEE
a b d e g h	B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa. B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral. B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.	B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.	VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.	CCL
			VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.	CCL
			VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras	CAA CSC CSIEE
a b d g h m	B1.11. Habilidades emocionais segundo Goleman. B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas. B1.13. Introspección: autoconhecimento, autocontrol e autonomía.	B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.	VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo.	CAA
			VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.	CSC
			VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.	CAA CSIEE

a d g m	B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.	B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.	VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a.	CSIEE
	B1.15. Persoa como proxecto vital.		VEB1.7.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.	CSIEE
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
a b d e g h	B2.1. A natureza social do ser humano.	B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.	VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.	CSC
	B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.		VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.	CCL CSC
	B2.3. Os valores éticos como guías das relacións interpersoais na sociedade.		VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema.	CD CSIEE
a b d e g h ñ	B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.	B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.	VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive.	CCL
	B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade.		VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclu-	CAA CD CSC
	B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana.			

			sións, utilizando soportes informáticos.	
			VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais.	CSC
a h	B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos.	B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.	VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos.	CCL
a b d h	B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relacións humanas.	B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas.	VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema.	CAA
a b d g h	B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición. B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas. B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais.	B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.	VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.  VEB2.5.2. Amosa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ningún, etc.	CCL CSIEE
			VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou	CAA CCL

			inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas.	
			VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersonal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado.	CAA CCL CSIEE
a b d h	B2.12. Valores e virtudes éticas nas relación interpersoais. B2.13. Deber moral e cívico do auxilio.	B2.6. Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.	VEB2.6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.	CSC
			VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc.	CSC
			VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia.	CSC
<b>Bloque 3. A reflexión ética</b>				
a d h	B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.	B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as similitudes e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral.	CSC
			VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.	CSC
a d	B3.2. Conduta instintiva animal e o comportamento	B3.2. Destacar o significado e a importancia da nature-	VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do ani-	CMCCT CSC

f h	racional, libre e moral do ser humano.	za moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas.	mal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.	
a b d e f g h	B3.3. Liberdade e concepto de persoa. B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade. B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa.	CCL
			VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer.	CAA
			VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.	CCL CD CMCCT
a b d e h	B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva. B3.7. Clases de valores. B3.8. Xerarquías de valores.	B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa importancia.	VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.	CCL
			VEB3.4.2. Procura e selecciona información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc.	CAA CSC
			VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.	CD CSC
a d h	B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos.	B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos.	CSC

a d e g h	B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.	B3.6. Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.	VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.	CSC
			VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.	CAA CSC CSIEE
<b>Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos</b>				
a c d h	B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.	B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.	VEB5.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.	CCL
a b c d e g h	B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero. B5.3. Dereitos da infancia.	B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución.	VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.	CSC
			VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.	CSC
			VEB5.2.3. Emprende, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación	CSC CSIEE



			da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos.	
a d e g	B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG.	B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos.	VEB5.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións.	CAA CSC CCL

### 2.7.2 Concreción para Segundo Curso de ESO.

Valores éticos. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
a d h l	B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.	CCL
a c d h l	B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.	B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.	VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.	CSC
			VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.	CSC
a b	B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter.	B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do	VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en	CSC

d h l	ter. Virtudes éticas.	carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.	Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.  VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	CAA CCL CSC
<b>Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais</b>				
a b e g h	B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.	B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.	VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.	CCL CD
			VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.	CCL CSC CSIEE
<b>Bloque 3. A reflexión ética</b>				
a d h	B3.1. Diferenza entre ética e moral. B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.	B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	CSC
			VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	CSC
a b d g h	B3.3. Estrutura moral da persoa. B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.	B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do	VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.	CSC
			VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento	CCL CSC

		seu comportamento.	mento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.	
a g h	B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	CCL
a b c d e g h	B3.6. Características distintivas dos valores éticos. B3.7. Valores éticos e dignidade humana.	B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.  VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.	CCL  CSC CSIEE
a b h l	B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas. B3.9. Relativismo moral dos sofistas. B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.	B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.	VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.  VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.  VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.  VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.	CCL  CCEC  CCEC  CCL CSC

b e g h l	<p>B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.</p> <p>B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.</p>	<p>B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.</p>	<p>VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.</p>	<p>CAA CCL</p>
			<p>VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.</p>	<p>CCEC</p>
			<p>VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.</p>	<p>CAA CCL</p>
b h l	<p>B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.</p> <p>B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.</p>	<p>B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.</p>	<p>VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.</p>	<p>CCL</p>
			<p>VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.</p>	<p>CCEC</p>
			<p>VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.</p>	<p>CCL</p>
b g h l	<p>B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.</p>	<p>B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoo como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.</p>	<p>VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.</p>	<p>CCL</p>
			<p>VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.</p>	<p>CCEC</p>
			<p>VEB3.8.3. Argumenta</p>	<p>CCL</p>

			racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.	CSIEE
<b>Bloque 4. A xustiza e a política</b>				
a b e h l	B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico. B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.	B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.	VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.	CCEC
			VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.	CAA
b e g h l	B4.3. A política de Aristóteles. B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.	B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.	VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.	CSIEE CD CSC
			VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.	CAA CCL
<b>Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos</b>				
b e h	B5.1. Relacións entre ética e dereito.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.	VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.	CCL CD
<b>Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía</b>				
a b d e	B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida	B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e	VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o im-	CAA CMCCT CSC

f g h m	humana. B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.	xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.	pacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).	
			VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.	CCL CMCCT CSC
			VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.	CD CSIEE
a d g m	B6.3. Problemas da tecnodedependencia.	B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodedependencia e a alienación humana á que conduce.	VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodedependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.	CMCCT
a b d e f g h m	B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.	B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.	VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	CCL CMCCT CSC
			VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen	CSC CSIEE

			esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.	
--	--	--	---	--

### 2.7.3 Concreción para Terceiro Curso de ESO.

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 4. A xustiza e a política</b>				
a c d h l	B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH. B4.2. O Estado de dereito. B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.	B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".	VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.	CSC
			VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.	CCL
			VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.	CCL
			VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder lexislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado.	CSC
a d g h	B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia. B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.	B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.	CSC
			VEB4.2.2. Define a magnitude	CSC

			dalguns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagogia, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos.	CSIEE
a b c d h l	B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.	B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.	VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.	CCL CSCE
			VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.	CCL
a c d h	B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.	B4.4. Aposar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español.	VEB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites.	CSC
a b c d g h	B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH. B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española. B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.	B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52).	VEB4.5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica.	CSC
			VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordénalos segundo a súa importancia, xustificando a orde elixida.	CCL CSIEE
			VEB4.5.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus	CSC



			dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.	
			VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e da cidadáns, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.	CSC
a b g h l ñ	B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.	B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.	VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.	CAA CSC
			VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego".	CCL
			VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II.	CCL
a d h l	B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH. B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadáns.	B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.	VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH.	CSC
			VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadáns (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.).	CSC
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
a b e h	B5.1. Relación entre ética e dereito. B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.	VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.	CAA CD
a b	B5.3. Xustificación das normas xurídicas.	B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xu-	VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con sopor-	CD CSC

e g h l	B5.4. Convencionalismo dos sofistas B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke. B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	rídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.	te dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado.	
			VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema.	CCEC
			VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.	CCEC
			VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións.	CAA CD CSIEE
a b d e h l	B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados.	B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.	VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.	CSC
			VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc.	CAA
			VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.	CCEC

a b c d e g h i	B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.	B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecela e propiciar o seu aprecio e respecto.	VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira: Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación. Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais. Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade. Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas. Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais. Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.	CAA CCL
			VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social.	CCEC CSC CSIEE
b h l	B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.	B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade	VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).	CCEC
a c d e	B5.10. Problemas aos que se enfrenta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.	B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH.	VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.).	CAA CD CSC

Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
a b d e f g h	B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.	B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.	VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas.	CAA CD CMCCT CSC
			VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.	CCL CMCCT
			VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.).	CCL CMCCT CSIEE

### 2.7.4 Concreción para Cuarto Curso de ESO.

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				
a b c d h	B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de derei-	B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirir os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.	CSC
			VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.	CCL
			VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expre-	CAA

	tos, etc.		sións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	
<b>Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais</b>				
a b c d e g h	B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.	B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	CCL
			VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	CCL
			VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.	CCL CD CSIEE
a c d g h	B2.2. Fenómeno da socialización global.	B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.	VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	CCEC CCL
	B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.		VEB2.2.2. Señala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	CSC
	B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos.		VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	CCEC CCL
			VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	CCEC CSC

Bloque 3. A reflexión ética				
a d f h	B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.	CSC
			VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	CMCCT CSIEE
a d g h m	B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	CSIEE
a b d h l	B3.4. Éticas formais e éticas materiais. B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.	B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	CCL
			VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	CCL
			VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	CSC
b c d e g h	B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.	B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.	CAA

		xustas.	VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	CD CSIEE
Bloque 4. A xustiza e a política				
a c d h l	B4.1. Democracia e xustiza. B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.	B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	CSC
a c d h l	B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.	B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	CAA CSC
			VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	CSC

Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
a d g h	B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.	B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle imponen as leis xurídicas.	VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	CCL
			VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	CCL CSIEE
a b c d e g h	B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.	B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.	VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	CAA CD
			VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	CCL
a b c d e g h	B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.	B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	CSC
			VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	CSC
			VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgúns institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella,	CCEC CD CSC



			etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	
a b d e g h	B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz.	B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	CCL
			VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	CSC
			VEB5.4.3. Emrende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	CD CSC
a d h	B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. B5.11. Misións das Forzas Armadas. B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.	B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.	VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	CSC
			VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.	CSC
			VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	CSC

Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.				
a b e f h m	B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.	B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.	VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	CAA CMCCT CSC CSIEE
a d f g h	B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.	B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	CMCCT CSC CSIEE

## 2.8. Metodoloxía a empregar para a materia de Valores Éticos.

Ademáis dos principios que con carácter xeral sinalamos no apartado correspondente da Programación xeral para todas as materias do Departamento, resumimos aquí algunhas consideracións específicas en relación coa metodoloxía para Valores Éticos.

No pasado curso 207/18, tanto o Centro como o Departamento de Filosofía incorporáronse ao **Proxecto ABALAR-EDIXGAL** (libro dixital) para o Primeiro Ciclo de ESO, que comezou a ser empregado con regularidade polo profesorado a partires do mes de xaneiro, cando se completou a chegada do material correspondente. Durante este segundo curso de implantación agardamos dispoñer dos materiais, recursos e formación do profesorado necesarios para desenvolver o mencionado Proxecto dun xeito completo. A metodoloxía correspondente a cada unha das materias nas que se implanta ou desenvolve, levarase a cabo de acordo cos principios xerais expresados na presente Programación.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe da materia Valores Éticos non se limita ao ámbito dos coñecementos. Unha asignatura que pretende unha formación integral do alumno, debe considerar tamén os procedementos que permitan a adquisición de capacidades e estratexias para un traballo autónomo e, ao mesmo tempo, o desenvolvemento de valores e actitudes de convivencia democrática que fagan posible a actitude crítica do alumnado e que faciliten a súa inserción na sociedade na que viven.

O punto de partida de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe deben ser os coñecementos previos do alumnado para proceder a partir de aí, con un espírito sempre constructivo, a unha análise crítica dos mesmos.

Conforme a este principio, propoñemos as seguintes orientacións metodolóxicas:

- A aprendizaxe non ha de basearse exclusivamente nun proceso acumulativo no que as ideas son impostas externamente e vanse engadindo unhas a outras. O profesor

deberá evitar as explicacións maxistras dando protagonismo ao alumno. Trátase de que sexan os alumnos e alumnas, nun proceso continuo de intercambio de opinións, coñecementos e experiencias, tanto persoais como alleas, os encargados de construír a súa propia aprendizaxe.

- Débense potenciar aquelas actividades orientadas a aprender a razoar e argumentar dun modo crítico e autónomo, tal e como ven recollido en nos obxectivos da materia.

O desenvolvemento das unidades didácticas que compoñen o programa da materia, iníciase cunhas cuestións iniciais que o profesor plantexará aos seus alumnos e alumnas na primeira sesión e que lle permitirá obter a información necesaria (detectar os seus coñecementos e experiencias previos) para orientar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e anticipar algúns dos conceptos máis importantes que se irán abordando ao longo da unidade.

Durante as seguintes sesións, os alumnos realizarán as actividades (individuais e de grupo) seleccionadas polo profesor entre as que se ofrecen tanto no libro de texto como na páxina web (recursos multimedia: cortos, contos, crucigramas, puzzles, etc.). As actividades propostas son moi numerosas e de diferente natureza, de feito algunhas delas require o uso de internet e das novas tecnoloxías, polo que corresponde ao docente decidir, en función do tempo dispoñible e, sobre todo, do interese que teña suscitado a temática da unidade, se traballalas no aula de forma oral ou bien facerlos por escrito. Deberá, ao mesmo tempo, considerar a conveniencia de que algunhas delas poidan ser realizadas na casa polo alumno, ou alumnos (se se trata dun traballo en grupo) para ser revisadas na próxima sesión.

Tamén existe a posibilidade, que deixamos ao criterio do profesor, de traballar por proxectos, isto é, de propoñer ao alumnado un proxecto de investigación cuns obxectivos concretos que deben lograr. Son eles, os propios estudantes, os que deben organizarse, conseguir a información, organizala e elaborala para responder á pregunta proposta ou para solucionar o problema plantexado. O resultado final pode ter distintos formatos: un folleto, unha campaña, unha presentación, unha investigación científica...

## 2.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### 2.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de aprendizaxe realízase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS propostos e realización das tarefas encomendadas no CADERNO DE CLASE e OBSERVACIÓN directa do alumno.

**-O 70% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais.**

A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 6 desta Programación.

**-O 25% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno, así como á realización das actividades no caderno de clase.**

Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os traballos de investigación e a súa exposición en clase, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.

**-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno.**

Valoraranse neste apartado a participación na clase, a asistencia, a puntualidade, a colaboración na aula e nas actividades, a actitude e boa disposición, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

PROCEDEMENTO	MÍNIMO	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO
Cuestionario (1/2 por av.)	5 puntos sobre 10	70 %	Examen
Traballos propostos e exposición na clase.	Nivel C na rúbrica de avaliación de traballos escritos.	25 %	Rúbrica
Observación directa do alumno	Asistencia, puntualidade e participación regulares	5 %	Observación diaria por parte do profesorado.

**Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes.**

**Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final do curso será a media aritmética das tres.** Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un **traballo de ampliación** –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

**2.9.2 Actividades de recuperación:** A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos ou actividades do caderno de clase non realizados ou avaliados negativamente, así como a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

**2.9.3 Avaliación extraordinaria:** Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberán presentarse a un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

**2.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito:**

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.	A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.	A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.
CONTIDO	O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás fontes.	O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento bo dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.
VOCABULARIO	Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.	Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún erro.	Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.	O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.

<b>GRAMÁTICA</b>	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.	Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.	Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Non comete ningún erro ortográfico.	Comete un ou dous erros ortográficos.	Comete entre tres e cinco erros ortográficos.	Comete máis de cinco erros ortográficos.
<b>PRESENTACIÓN</b>	A presentación do traballo é esmerada, coitada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada, coitada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada e coitada, pero non é atractiva e inclúe algún recurso visual (fotografía, gráfico...).	A presentación do traballo non é esmerada, é descoitada e non resulta atractiva, e non inclúe recursos visuais.
<b>ENTREGA</b>	Cumpre o prazo establecido para a entrega do traballo.	Atrásase na entrega do traballo, pero faino no mesmo día do prazo establecido.	Atrásase na entrega do traballo un ou varios días despois do prazo establecido.	Non entrega o traballo no prazo establecido.

### 2.9.5 Rúbrica para a avaliación do caderno-diario de clase.

Rúbrica para a avaliación do caderno-diario de clase			
	BAJO	MEDIO	ALTO
¿A portada do caderno inclúe o nome e apelidos, o título da materia, o curso e grupo?			
¿Deixa unha páxina ao comezo do caderno para o índice de contidos (títulos das unidades didácticas)?			
¿Titula cada unidade e escribe a data na que realiza as actividades?			
¿Copia sempre os enunciados das actividades e cuida a ortografía e a presentación (orde e limpeza)?			
¿Respeto as marxes e organiza correctamente as actividades realizadas ao longo de cada unidade?			
¿Corrixe as actividades seguindo as explicacións dos seus compañeiros e as do profesor?			
¿Apunta as dúbidas para consultalas co profesor na próxima sesión?			
¿Realiza esquemas e resumos destacando as ideas principais en cada un dos temas?			
¿Separa claramente cada unha das unidades didácticas e comeza cada unidade nunha páxina nova?			
¿Entrega o caderno para a súa revisión na data indicada?			

## 2.10. Medidas de atención á diversidade.

En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de traballos que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

Rúbrica para avaliar a atención á diversidade:

TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos dacordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se plantexan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.		
DIVERSIDADE DE INTERÉS E MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e moti-	Seguir potencian-	

	vación.		
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas á súa realidade.	
<b>DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en algunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grado de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se plantexan.	Propoñer problemas dacordo ás súas capacidades para ir desenvolvendoas.	
<b>DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN</b>	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	



	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	
--	---	--	--

### 2.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector

Como guía para o profesor, recoméndase o **libro de texto** do alumno: **“VALORES ÉTICOS”** -Editorial PROYECTO EDUCA-, Edición 2015. Non obstante, o profesorado da materia poderá empregar outros materiais escritos ou audiovisuais complementarios que considere apropiados, especialmente no Segundo Ciclo de ESO, **tendo sempre en conta que o material de referencia para a exposición dos contidos fundamentais, a adquisición dos coñecementos e a realización dos exercicios de clase correspondentes ao Primeiro Ciclo de ESO serán os suministrados no entorno virtual do Proxecto ABALAR-EDIXGAL** ao que se atopa adscrito este Centro.

- Recursos multimedia da páxina <http://www.proyectoeduca.net/>:
  - Cortos
  - Contos
  - Puzzles
  - Crucigramas
  - Xogos online
  - Herramientas 2.0...
- Novas tecnoloxías da información e a comunicación (smartphones, tablets e ordenadores).
- Películas e lecturas recomendadas (novelas xuveniles), suxeridas ao alumnado por parte do profesorado da materia.

### 2.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia programación.

Co fin de poder mellorar a programación didáctica dos vindeiros cursos recoméndase:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do curso vindeiro.
- Realizar unha comprobación dos indicadores que se especifican na relación seguinte:

ESCALA: 1 2 3 4

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
10. Adecuación do libro de texto.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos etc.
13. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar

# 3. Programación didáctica de Filosofía. Materia optativa de Cuarto Curso de ESO

## Índice.

- 3.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.
- 3.2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.
- 3.3. Obxectivos xerais para a materia
- 3.4. Como contribúe a materia á consecución das competencias básicas.
- 3.5. Contidos.
- 3.6. Temporalización.
- 3.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.
- 3.8. Metodoloxía.
- 3.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
  - 3.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.
  - 3.9.2 Actividades de recuperación:
  - 3.9.3 Avaliación extraordinaria.
  - 3.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.
- 3.10. Medidas de atención á diversidade.
- 3.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.
- 3.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

### 3.1. Introdución. Contextualización e xustificación da materia.

A materia de Filosofía de Cuarto Curso de ESO supón o inicio para o alumno dunha reflexión que terá continuidade no Bacharelato mediante a asignatura do mesmo nome que se imparte no Primeiro Curso e, no seu caso, a través da materia optativa para Segundo Curso de Historia da Filosofía. Ao tempo trátase dunha materia que ten sentido propio ou autónomo con respecto destas, xa que posúe unha grande utilidade para todo o alumnado, con independencia do seu posterior itinerario de estudos e das decisións que vaia tomar respecto ao seu futuro académico ou profesional.

Precisamente, Filosofía de Cuarto de ESO, impártese no curso final da Etapa, despois de que o alumnado tivera a posibilidade de estudar contidos introductorios aos filosóficos nas materias de Valores Éticos e supón unha achega importante para insistir na tarefa de acadar unha madurez intelectual e vital que lle será precisa no seu desenvolvemento persoal. Esa necesidade de madurez inscríbese nun período, o da adolescencia, no que o individuo afronta os seus propios interrogantes acerca do sentido da existencia propia e allea e cuestiona boa parte do experimentado hasta ese momento, os conceptos aprendidos, os prexuízos adquiridos, as súas relacións cos demais e a sociedade na que se atopa. Nese contexto, a ensinanza da filosofía pode converterse nunha axuda fundamental na súa búsqueda dunha posición ante o mundo, que lle permita a toma de decisións dun xeito autónomo, seguro e responsable.

A materia de Filosofía pode servir ao alumnado desta idade como mapa que lle oriente cara á comprensión de sí mesmo e do seu entorno e lle faga coñecer os grandes interrogantes da nosa cultura, que indefectiblemente han de conectar cos seus propios, ao tempo que toma contacto cos conceptos e teorías que intentan dar resposta a esas grandes cuestións. Deste xeito, o alumno dotarase de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lle levará a non admitir ideas que non teñan sido rigurosamente analizadas e evidenciadas. Entrará en contacto con ideas que lle fagan capaz de apreciar a beleza e a capacidade transformadora das manifestacións artísticas e de afrontar a xestión creativa das súas propias capacidades estéticas. Poderá distinguir o razoamento e a argumentación fundamentada e coherente, como capacidade necesaria para evitar o pensamento único e dogmático, de modo que o alumno poida elaborar a súa propia visión moral e política de maneira autónoma, informada e cimentada. Ademais, polo seu carácter transversal, teórico e práctico, a materia de Filosofía permitirá ao alumno integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores.

Todos estes saberes e aptitudes resultan insustituíbles na súa formación, xa que grazas a eles poderá profundizar posteriormente nese ámbito de reflexión que lle posibilite converterse nunha persona e nun cidadán crítico e autónomo, preparado para a asunción de sus responsabilidades e a participación na súa comunidade.

### 3.2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### 3.3. Obxectivos xerais para a materia de Filosofía.

1. Afondar no coñecemento da filosofía como saber teórico e como razón práctica.
2. Analizar a diferenza entre filosofía, ciencia e relixión.
3. Identificar os usos lóxico e práctico da filosofía.
4. Identificar a filosofía como actitude crítica.
5. Analizar o nacemento da filosofía e identificalo en Grecia.
6. Identificar a primeira pregunta filosófica e afondar nos primeiros autores: Sócrates, Platón, Aristóteles...
7. Afondar no coñecemento do temperamento e do carácter persoais.
8. Comprender e extrapolar as teorías da personalidade a contextos actuais de análise.
9. Comprender a importancia das emocións e da motivación na configuración do eu persoal.
10. Discriminar entre o que se entende por conciencia e inconsciente.
11. Identificar as visións da humanidade da filosofía antiga.
12. Afondar na concepción medieval do ser humano.
13. Reflexionar sobre a visión moderna da natureza humana.
14. Coñecer e analizar as teorías contemporáneas sobre o ser humano.
15. Coñecer os conceptos de cultura, de civilización e de sociedade, e os elementos que conforman unha cultura.
16. Afondar nas diferentes etapas e nos distintos procesos de socialización.
17. Recoñecer as diferentes actitudes humanas ante a diversidade cultural.

18. Distinguir entre coñecemento e opinión e coñecer os métodos da ciencia para achegarse á razón.
19. Coñecer as principais teorías clásicas do coñecemento e a definición e as diversas concepcións da verdade.
20. Analizar as teorías da intelixencia de Gardner e de Goleman e reflexionar sobre a súa aplicación no mundo actual.
21. Atopar o equilibrio entre a racionalidade teórica e práctica, relacionándoas coa cultura desde un punto de vista crítico.
22. Coñecer a liberdade nos seus múltiples sentidos, diferenciando entre liberdade negativa e liberdade positiva, e relacionala co determinismo.
23. Dialogar sobre a polémica filosófica do libre albedrío.
24. Reflexionar sobre a diferenza entre ética e moral.
25. Coñecer o concepto e os problemas da bioética.
26. Atopar argumentos éticos sobre o uso da tecnoloxía en distintos contextos.
27. Analizar os problemas das éticas ambiental e dos negocios.
28. Pensar na pregunta metafísica pola esencia da realidade, cuestionándose a filosofía da natureza.
29. Analizar o problema da liberdade e a ciencia contemporánea e o sentido da existencia.
30. Reflexionar sobre as teorías filosóficas da vida, a existencia e a temporalidade.
31. Recoñecer as etapas da creatividade e as súas fontes.
32. Apreciar a creación artística afondando no sentido de beleza.

### 3.4. Como contribúe a materia á consecución das competencias básicas.

A materia de Filosofía de Cuarto Curso de Educación Secundaria Obligatoria traballa moitas das competencias clave. Tal e como estableceu a UNESCO en 1996, a aprendizaxe competencial é ao mesmo tempo, o vehículo da aplicación do ensino e o pilar básico dunha educación permanente para o século XXI. A OCDE, a Unión Europea e os gobernos que a integran apostan claramente por sistemas educativos basados en competencias. Vexamos como a materia de Filosofía pode contribuir á súa adquisición:

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Na medida en que a filosofía foi historicamente a nai de diferentes disciplinas científicas, e que tamén abordou cuestións como a estrutura do coñecemento científico e das consecuencias da tecnoloxía para a vida humana, esta competencia é crucial neste proxecto. Ademais, a lóxica, como disciplina que vincula filosofía e matemática recibe un tratamento especial nesta materia.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

#### -Comunicación lingüística (CCL).

A Filosofía é unha disciplina fundamentalmente racional, discursiva e conceptual, os estudantes deberán practicar a comprensión textual, a definición de termos específicos da materia, a expresión escrita, a adecuación a certos contextos de comunicación e a comunicación oral en debates e argumentacións en clase.

Polo tanto, destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.



- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para facer un mellor uso dela.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas

-Competencia dixital (CD).

A competencia dixital trabállase fundamentalmente mediante a análise de produtos audiovisuais, películas en especial, que tratan temas que podemos vincular coas cuestións desenvolvidas en cada unidade. Por outra parte, tamén se intentou fomentar o uso de novas tecnoloxías na exposición didáctica e, para iso, propónse o uso de recursos dixitais na presentación e exposición de traballos.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

-Conciencia e expresións culturais (CEC).

A importancia da cultura, da arte, da historia, etc., e a necesaria conciencia do seu valor tamén desempeñan un papel crucial neste proxecto de Filosofía de 4.º ESO. Mediante a análise de diferentes obras de arte, pretendemos incentivar a conciencia e o gusto estético. Polo demais, a conexión entre a Filosofía e o ámbito da cultura en xeral é evidente e, por conseguinte, é necesario fomentar unha actitude de respecto, de tolerancia e de coñecemento do amplo patrimonio cultural que constitúe a nosa forma de vida.

Polo que, nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...) e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

#### -Competencias sociais e cívicas (CSC).

A función social da filosofía e a súa vinculación coa teoría da sociedade implican que a reflexión sobre os valores sociais e morais, os hábitos, etc., sexan parte ineludible do labor filosófico. Por unha parte, intentamos presentar nocións e teorías básicas relativas á natureza social do ser humano. Por outra, ademais, pretendeuse cultivar a capacidade de diálogo e de entendemento a través de actividades participativas, como, por exemplo, o debate.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e de ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

#### -Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)

O desenvolvemento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e das alumnas, e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, o alumnado debe recoñecer os seus recursos e desenvolver hábitos que permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas

establecidas. Valores como o liderazgo, a creatividade, a iniciativa persoal ou a autonomía non son alleos á educación filosófica. Capacidades como a argumentación, o razoamento ou a exposición pública están ligadas ao fomento da iniciativa individual. Máis alá destes valores transversais, presentes en todas as unidades, o mundo da empresa e a economía recibe un tratamento específico nestes materiais.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

#### Aprender a aprender (CAA).

A competencia de aprender a aprender pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Fomentárase a autonomía dos estudantes e o seu desenvolvemento como aprendices capaces de xerar novo coñecemento a partir dos contidos impartidos en clase.

Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### 3.5. Contidos.

A materia estrutúrase en **seis bloques**: "A filosofía", "Identidade persoal", "Socialización", "Pensamento", "Realidade e metafísica" e "Transformación". Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.

#### Bloque 1. A Filosofía.

- B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc.
- B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.
- B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito).
- B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese.
- B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito.
- B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.
- B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano.
- B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.

#### Bloque 2. Identidade persoal

- B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humana, psicanálise, etc.
- B2.2. A personalidade.
- B2.3. Teorías sobre a personalidade
- B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.
- B2.5. O inconsciente na psicanálise.
- B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade.
- B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia.
- B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.
- B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.

- B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.
- B2.11. Condición afectiva humana
- B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos.
- B2.13. Papel do corpo na afectividade
- B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor.
- B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia polo estímulo de iniciativas
- B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.
- B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía.
- B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.
- B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona.
- B2.20. O cogito de Descartes
- B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII.
- B2.22. A vontade como elemento definitorio do humano.
- B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade.
- B2.24. O ser humano como proxecto.

### Bloque 3. Socialización

- B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.
- B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano.
- B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.
- B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.
- B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.
- B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.
- B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.
- B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal.
- B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.
- B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.
- B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.

### Bloque 4. Pensamento

B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.

B4.2. Características da racionalidade humana.

B4.3. Posibilidades e límites da razón.

B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.

B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia.

B4.6. Teoría da intelixencia emocional.

B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso.

B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.

#### Bloque 5. Realidade e metafísica

B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.

B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.

B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo.

B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación.

B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo.

B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.

B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.

B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte.

B5.9. Sentido da historia.

B5.10. Lugar do ser humano no mundo.

#### Bloque 6. Transformación

B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.

B6.2. Libre albedrío e vontade.

B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos.

B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia.

B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.

B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.

B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.

B6.7. Imaxinación humana: características.

- B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas.
- B6.9. Creatividade humana.
- B6.10. Fases do proceso creativo.
- B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión.
- B6.12. Técnica do brainstorming.
- B6.13. Relación entre liberdade e creatividade.
- B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio.
- B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos.

### 3.6. Temporalización.

A distribución de contidos por avaliación quedará como sigue:

- Primeiro trimestre (65 días lectivos, 41 sesións): Bloques 1 e 2.
- Segundo trimestre (52 días lectivos, aprox. 38 sesións): Bloques 3 e 4
- Terceiro trimestre (56 días lectivos, aprox. 17 sesións): Bloques 5 e 6.

### 3.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A filosofía</b>				
=b =e =f =h	=B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc.  =B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar,	=B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo.	=FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.	=CAA

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	razoar, analizar, criticar, descubrir, crear.		≠FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.	≠CCL
≠b ≠e ≠h ≠l	≠B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito). ≠B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese.	≠B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais.	≠FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais. ≠FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.	≠CCE C ≠CCL
≠h ≠l	≠B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito.	≠B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.	≠FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.	≠CCE C ≠CCL
≠a ≠h ≠l	≠B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras.	≠B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.	≠FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.	≠CSC
≠g ≠h	≠B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano.	≠B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.	≠FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.	≠CAA ≠CCL



Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=h =l	=B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica.	=B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	=FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.	=CCL
Bloque 2. Identidade persoal				
=b =d =h	=B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc.	=B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito.	=FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.	=CCL
=h	=B2.2. A personalidade.	=B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela.	=FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.	=CCL
=h	=B2.3. Teorías sobre a personalidade	=B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade.	=FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.	=CCL
=a =b =d =g =h	=B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade.	=B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos.	=FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.	=CAA =CCL
=l	=B2.5. O inconsciente na psicanálise.	=B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise.	=FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente.	=CCE C

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=a =b =e =h =n	=B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade.	=B2.6. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade.	=FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autoconecemento.	=CAA =CCL =CMC CT
=b =e =g	=B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia.	=B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa.	=FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.	=CCL =CD
=d =h	=B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	=B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.	=FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.	=CCL
=d	=B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación.	=B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como animal racional.	=FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.	=CAA
=d =h	=B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista.	=B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal.	=FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.  =FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.	=CAA =CCL  =CAA
=d =h	=B2.11. Condición afectiva humana =B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos.	=B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo.	=FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opi-	=CCL

Filosofía. 4º de ESO				
	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	≡B2.13. Papel do corpo na afectividade		nións.	
≡d ≡h ≡m	≡B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor.	≡B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade.	≡FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.	≡CCL ≡CSC
≡b ≡d ≡g ≡h	≡B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compiacencia polo estímulo de iniciativas	≡B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compiacencia polo estímulo de iniciativas, etc.	≡FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.	≡CAA ≡CCL
≡d ≡g ≡h	≡B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.	≡B2.14. Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor/a e creativo/A.	≡FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.	≡CCL ≡CSIE E
≡b ≡d ≡g ≡h	≡B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía.	≡B2.15. Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa.	≡FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.	≡CD ≡CSC
≡h ≡l	≡B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos.	≡B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías.	≡FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón. ≡FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles. ≡FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou	≡CCE C ≡CCE C ≡CAA

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			alma.	
≡g ≡h ≡l	≡B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona.	≡B2.17. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de auto-coñecemento e de formación da propia identidade.	≡FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.	≡CAA
≡h ≡l	≡B2.20. O cogito de Descartes ≡B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII.	≡B2.18. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII.	≡FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo". ≡FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.	≡CCE C ≡CCE C ≡CSC
≡h	≡B2.22. A vontade como elemento definitorio do humano.	≡B2.19. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definitorio do humano.	≡FIB2.19.1. Explica o que é a vontade.	≡CCL
≡d ≡h	≡B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade.	≡B2.20. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo.	≡FIB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal.	≡CCL
≡g ≡h	≡B2.24. O ser humano como proxecto.	≡B2.21. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto.	≡FIB2.21.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto.	≡CCL ≡CSIE E
Bloque 3. Socialización				

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=a =b =g =h =l	=B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc.	=B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade.	=FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.	=CCL =CSC
=a =h =l	=B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano.	=B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.	=FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano.	=CCE C =CCL
=a =l =ñ =o	=B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc.  =B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura.	=B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autopercepción.	=FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc.  =FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.	=CCE C  =CAA =CCE C
=d =h	=B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria.	=B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade.	=FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.	=CSC
=a =h	=B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	=B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto.	=FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.	=CSC
=a =b =d =l	=B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente.	=B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura.	=FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occi-	=CAA =CCE C =CSC

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dente.	
≡e ≡g ≡h	≡B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal. ≡B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación.	≡B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación.	≡FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.	≡CD
≡a ≡g ≡l	≡B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais.	≡B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais.	≡FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.	≡CCL ≡CSIE E
≡a ≡b ≡e ≡h ≡l ≡ñ ≡o	≡B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo.	≡B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo.	≡FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.	≡CAA ≡CCE C ≡CD
<b>Bloque 4. Pensamento</b>				
≡b h	≡B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. B4.2. Características da racionalidade humana.			
≡b ≡h ≡h	≡B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. ≡B4.2. Características da racionalidade humana.			

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I	B4.3. Posibilidades e límites da razón.			
≡b ≡h ≡h ≡l ≡f	≡B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. ≡B4.2. Características da racionalidade humana. ≡B4.3. Posibilidades e límites da razón. ≡B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.	≡B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.	≡FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.	≡CCL
≡d ≡h ≡l	≡B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. ≡B4.6. Teoría da intelixencia emocional.	≡B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.	≡FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características. ≡FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.	≡CCL ≡CCL
≡d ≡h ≡l ≡b ≡g ≡h	≡B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. ≡B4.6. Teoría da intelixencia emocional. ≡B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso. ≡B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.	≡B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.	≡FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.	≡CAA ≡CCE C
≡d ≡h ≡l ≡b ≡g ≡h	≡B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. ≡B4.6. Teoría da intelixencia emocional. ≡B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o	≡B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.	≡FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional. ≡FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.	≡CSC ≡CCL ≡CSC

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=b =g =h =i	perspectivismo e o consenso. =B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade. =B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso. =B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade. =Bloque 5. Realidade e metafísica			
=b =g =h =h =i	=B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso. =B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade. =Bloque 5. Realidade e metafísica =B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, contingente, mecanicismo e determinismo. =B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.	=B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.	=FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo. =FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.	=CCL =CAA =CSIE
=h =i =b =f =h =i n	=B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, contingente, mecanicismo e determinismo. =B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método. =B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo. =B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. =B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo.			



Filosofía. 4º de ESO										
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave						
=h =l =b =f =h =l =n =b =f =h =l =n =f =h	=B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. =B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método. =B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo. =B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. =B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. =B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo. =B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo. =B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. =B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. =B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo. =B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.	=B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	=FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. =FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.	=CCL =CCE C						
					=b =f =h =l =n =f =h	=B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo. =B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. =B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. =B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo. =B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos.	=B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións.	=FIB5.2.1. Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas. =FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e	=CAA =CCE C =CMC CT	
										=CAA =CCE CT

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=I =n	=B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte. =B5.9. Sentido da historia. =B5.10. Lugar do ser humano no mundo.		argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto.	=CCL
			=FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.	
=f =h =I =n =	=B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte. =B5.9. Sentido da historia. =B5.10. Lugar do ser humano no mundo. =	=B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana.	=FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.	=CMC CT
=f =h =I =n =	=B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte. =B5.9. Sentido da historia. =B5.10. Lugar do ser humano no mundo. =	=B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgúns teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	=FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.	=CCE C
			=FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.	
<b>Bloque 6. Transformación</b>				

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b g h h a f g h	B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.  B6.2. Libre albedrío e vontade.  B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos.  B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia.	B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicarlos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior.	FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.	CSC
			FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.	
h	B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza.	B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade.	FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.	CCL
h l	B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta.	B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política.	FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia.	CMC CT CSC
b d h	B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza.	FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural.	CCL CSC
g h	B6.7. Imaxinación humana: características.  B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas.	B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta.	FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.	CSC

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=g =h =b =e =g =h =n	=B6.7. Imaxinación humana: características. =B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas. =B6.9. Creatividade humana.	=B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza.	=FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.	=CCL =CMC CT
=g =h =b =e =g =h =n =g =h =n =b =n =b =n =a =b =g =h	=B6.7. Imaxinación humana: características. =B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas. =B6.9. Creatividade humana. =B6.10. Fases do proceso creativo.	=B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son as súas características.	=FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.	=CAA =CCL
			=FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.	=CCL =CSIE E
	=B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión.	=B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro.	=FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.	=CCL =CSIE E
=B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión. =B6.12. Técnica do brainstorming.	=B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos.	=FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.	=CSIE E	

Filosofía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
=b =n =a =b =g =h =b =g =h =g =h =n	=B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión. =B6.12. Técnica do brainstorming. =B6.13. Relación entre liberdade e creatividade.	=B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade.	=FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica. =FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.	=CAA =CSIE E
	=B6.14. Elementos que potencian a creatividade: motivación, perseveranza, orixinalidade e medio.	=B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica.	=FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.	=CAA =CSC
=g =	=B6.15. Innovación e creación como asunción de riscos.	=B6.12. Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade innovadora, a conexión entre si das ideas preexistentes e a competitividade.	=FIB6.12.1. Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión.	=CCL =CSC
	=	=B6.13. Coñecer as características das persoas especialmente creativas, como a motivación, a perseveranza, a orixinalidade e o medio, e investigar sobre como se poden potenciar esas calidades.	=FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.	=CCE C =CSIE E

### 3.8. Metodoloxía.

Traballar de xeito competencial na aula implica un cambio moi relevante no enfoque metodolóxico; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Filosofía:

A área de Filosofía será concebida desde dúas perspectivas: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos ou das alumnas noutras áreas.

Neste proceso é necesario o **adestramento individual** e o **traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a lectura e a argumentación sobre formulacións filosóficas, a expresión oral e escrita, as estratexias de análise, comprensión e reflexión sobre fenómenos, e a creación e conformación do carácter persoal.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de autonomía de pensamento e discernimento, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e do enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula, e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos e todas as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Filosofía é indispensable a **vinculación a contextos reais** e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar a comprensión do alumno ou da alumna. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

### 3.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

#### 3.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS propostos e OBSERVACIÓN directa do alumno.

**-O 70% da cualificación corresponde ás probas obxectivas individuais.**

A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 6 desta Programación.

**-O 25% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno.**

Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os traballos de investigación e a súa exposición en clase, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.

**-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno.**

Valoraranse neste apartado a participación na clase, a asistencia, a puntualidade, a colaboración na aula e nas actividades, a actitude e boa disposición, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

PROCEDEMENTO	MÍNIMO	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO
Cuestionario (1/2 por av.)	5 puntos sobre 10	70,00%	Examen
Traballos propostos e exposición na clase.	Nivel C na rúbrica de avaliación de traballos escritos.	15,00%	Rúbrica
Observación directa do alumno	Asistencia, puntualidade e participación regulares	5,00%	Observación diaria por parte do profesorado.

**Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes.**

Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a **cualificación final** do curso será a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer

un **traballo de ampliación** –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

**3.9.2 Actividades de recuperación:** A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

**3.9.3 Avaliación extraordinaria:** Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberán presentarse a un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

**3.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.**

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.	A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.	A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.



<b>CONTIDO</b>	O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás fontes.	O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.
<b>VOCABULARIO</b>	Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.	Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún erro.	Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.	O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.
<b>GRAMÁTICA</b>	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.	Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.	Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Non comete ningún erro ortográfico.	Comete un ou dous erros ortográficos.	Comete entre tres e cinco erros ortográficos.	Comete máis de cinco erros ortográficos.
<b>PRESENTACIÓN</b>	A presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada e coidada, pero non é atractiva e inclúe algún recurso visual (fotografía, gráfico...).	A presentación do traballo non é esmerada, é descoidada e non resulta atractiva, e non inclúe recursos visuais.
<b>ENTREGA</b>	Cumpre o prazo establecido para a entrega do traballo.	Atrásase na entrega do traballo, pero faíno no mesmo día do prazo establecido.	Atrásase na entrega do traballo un ou varios días despois do prazo establecido.	Non entrega o traballo no prazo establecido.

### 3.10. Medidas de atención á diversidade.

En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de traballos que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes ana-

lógicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

En calquera caso, o instrumento de referencia para a avaliación da diversidade será a rúbrica que aparece máis arriba na Programación da materia anterior.

### 3.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.

-Recoméndase o uso do libro de texto *Filosofía, Cuarto de ESO* de Diego Sánchez Meca, publicado por la Editorial Anaya (2016). Non obstante, o profesorado poderá escoller outro texto distinto, así como diferentes materiais impresos ou audiovisuais que de xeito complementario considere oportunos.

-Páxina web de recursos de filosofía do MEC: <http://encina.pntic.mec.es/>

-Recursos audiovisuais en distintos soportes para informar, realizar actividades comentario de texto e debate: Internet, películas, documentais, artigos de prensa.-Selección de textos dos autores contemplados no programa.

-Proposta de lectura a escoller entre os seguintes títulos:

BAROJA, Pío: *El árbol de la ciencia*, Alianza Editorial.

BAILLARGEON, Normand: *Curso de autodefensa intelectual*. Editorial Crítica.

BRECHT, Bertolt: *-Historias de Almanaque*, Alianza Editorial. *-Historias del Señor Keuner*, Editorial Alba.

DAGERMAN, Stig: *- Otoño alemán*, Editorial Octaedro.

DARWIN, Charles: *-Autobiografía y otros escritos*, Alianza Editorial. *-EL VIAJE DEL BEAGLE*

DE QUINCEY, Thomas: *Los últimos días de Immanuel Kant*, Ed. Valdemar.

EINSTEIN, Albert: *Escritos autobiográficos*. Alianza Editorial.

GOETHE, J. W.: *Fausto* (1ª parte), Alianza Editorial.

GOMBRICH, E.H. : *Breve historia del mundo*, Edit. Península.

HESSE, Hermann: *-Bajo las ruedas. -Demian*. Ambas obras en Alianza Editorial.

LESSING, G. E.: *Natán, el sabio*. Espasa-Calpe (y otras). Teatro.

MAETERLINCK, M.: *-Vida de las abejas. -Vida de las hormigas. -Vida de los termites. Edits. Espasa-Calpe y EDAF*

MANN, Thomas: *Confesiones del estafador Felix Krull*. Editorial Edhasa.

MEYRINK, Gustav: *El Golem*, Editorial Tusquets.

MUSIL, Robert: *Las tribulaciones del estudiante Törless*, Ed. Seix Barral.

RAMÓN Y CAJAL, Santiago: *Los tónicos de la voluntad*, Ed. Espasa-Calpe.

REMARQUE, Erich Mª: *Sin novedad en el frente*. Edhasa y otras editoriales.

RILKE, Rainer Mª: *Cartas a un joven poeta*. Alianza Editorial (y otras).

ROUSSEAU, J. J.: *Discurso sobre el origen y los fundamentos de la desigualdad entre los hombres*. Alianza Editorial.

SERRANO, P.: *Desinformación. Cómo los medios nos ocultan el mundo*. Editorial Península.

SCHILLER, Friedrich: *-Los bandidos. -Don Carlos. -Guillermo Tell*. Editorial Aguilar. Editorial Planeta.

SLOTERDIJK, Peter: *El árbol mágico*. Editorial Seix-Barral.

TWAIN, Mark: *El forastero misterioso*. Editorial Siruela.

WATSON, J.: *La doble hélice*. Alianza Bolsillo.

WASSERMANN, J.: *Caspar Hauser*. Ediciones El Acanalado.

ZWEIG, Stefan: *-Momentos estelares de la Humanidad. -El mundo de ayer: memorias de un europeo. -Castellio contra Calvino. -Carta de una desconocida*. Todas las obras de Zweig están en Ediciones El Acanalado.

### 3.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia programación.

Co fin de poder mellorar a programación didáctica dos vindeiros cursos recoméndase:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do curso vindeiro.
- Realizar unha comprobación dos indicadores que se especifican na relación seguinte:

#### ESCALA: 1 2 3 4

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
10. Adecuación do libro de texto.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.

12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos etc.
13. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.

## 4. Programación didáctica de Filosofía Materia troncal de Primeiro Curso de Bacharelato

### Índice

- 4.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.
- 4.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.
- 4.3. Obxectivos xerais para a materia de Filosofía.
- 4.4. Como contribúe a materia á consecución das competencias básicas.
- 4.5. Contidos.
- 4.6. Temporalización.
- 4.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.
- 4.8. Metodoloxía.
- 4.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
  - 4.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.
  - 4.9.2 Actividades de recuperación:
  - 4.9.3 Avaliación extraordinaria.
  - 4.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.
- 4.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación.
- 4.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.
- 4.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

#### 4.1 Introdución e xustificación da materia.

A través da UNESCO, a ONU alenta aos seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía en todos os niveis do ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta. A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin. A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumnas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007). Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

En segundo lugar, a materia de Filosofía impulsa no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. É por iso que o tratamento na aula desta materia ten que facer reflexionar ao alumnado sobre as

razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.

A materia de Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas. A meditación filosófica esperta no alumnado o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente. Mercé ao autoconecemento que promove a filosofía, o alumnado pode chegar a recoñecer que a fragilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

En cuarto lugar, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, soportar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están aglutinadas en varios bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación. Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e na metafísica) con rigor e precisión. Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a autoconecemento e o autoconecemento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida demo-

crática. Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razoamento lóxico e respectando as máximas que rexen a conduta racional comunicativa. Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. A finalidade é apropiarse criticamente dun conxunto de criterios estéticos para estimar o valor da produción cultural e artística e, chegado o caso, producir obras artísticas innovadoras con contido filosófico.

## 4.2 Obxectivos xerais do Bacharelato.

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu medio social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j ) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l ) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

### 4.3 Obxectivos xerais para a materia de filosofía.

-A materia de Filosofía ten como meta que o alumnado sexa capaz de pensar e comprender, abstraéndose racionalmente do campo concreto estudado en cada unha das outras materias, para centrarse naquilo que caracteriza especificamente a filosofía, isto é, reflexionar, razoar, criticar e argumentar, utilizando o modo de preguntar radical e último que lle é propio, sobre os problemas referidos á totalidade da vivencia humana, e iso sen deixar de lado a súa capacidade de transformación e cambio tanto do individuo coma da sociedade.

-A filosofía é un modo especial de preguntar e de saber, un xeito de entender e de enfrontarse á realidade que nos rodea, ás circunstancias nas que vivimos e que, en boa medida, nos fan ser e comprender como somos. Por iso, a materia de Filosofía persegue como obxectivo principal a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándoo para iso de ferramentas cognitivas tanto teóricas coma prácticas.

-No plano teórico, o alumnado coñecerá os grandes interrogantes, os conceptos especializados e as teorías que intentan dar resposta ás grandes cuestións. Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lles ensina aos alumnos e alumnas a non admitir ideas que non foron rigorosamente analizadas e evidenciadas, o saber pensar, razoar e argumentar con fundamento, coherencia e de forma autónoma, a habilidade discursiva para dialogar e convencer evitando o pensamento único e dogmático, a capacidade para discernir entre o evidente e o arbitrario, o substancial e o accidental, a xestión creativa das súas capacidades estéticas ou o razoamento moral e político autónomo, coherente e cimentado e, en definitiva, a valorar a capacidade da filosofía como instrumento de innovación e transformación desde hai máis de 2500 anos; todo iso resúmese na súa vocación orixinaria, o amor ao saber, e iso filosofando, idea clave que se lle debe transmitir ao alumnado desde esta materia e que constitúe o punto de partida.

-No ámbito práctico, o estudo da ética e da filosofía política desenvolve a comprensión da realidade individual, cultural e social da man da capacidade normativa e transformadora da filosofía, permitindo realizar razoamentos críticos e dialogantes e fomentando o respecto polos valores universais e a participación activa na vida democrática. Dende os estudos de estética



alcánzanse competencias culturais, como o respecto á liberdade de expresión e á diversidade cultural.

-Finalmente, a materia debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia que está na base do amor ao saber, por saber, finalidade que se encarna na Filosofía como en ningunha outra materia e que constitúe o punto de apoio para experimentar e xerar iniciativas persoais, enfrontándose á vida e, en definitiva, crecendo como persoas.

#### 4.4. Como contribúe a materia á consecución das competencias básicas

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

A materia de Filosofía potencia o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á **competencia en comunicación lingüística**, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A **competencia de aprender a aprender** maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. E nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a **matemática e a ciencia** se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non abonda coa admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de **iniciativa e o espírito emprendedor** nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento e iniciativa, como nos lembra Kant. A **competencia dixital** capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación. O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as **expresións culturais** que nos fan ser o que somos.

Nesta Programación de Filosofía para 1.º de Bacharelato potenciamos o

desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, conciencia e expresións culturais e as competencias sociais e cívicas. Evidentemente, o resto das competencias tamén foron consideradas, particularmente o fomento da aprendizaxe autónoma (aprender a aprender). Para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Ademais, cabe recordar que serán os estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

### **Comunicación lingüística (CCL)**

Na medida que a filosofía é unha disciplina fundamentalmente racional, discursiva e conceptual, os estudantes deberán practicar a comprensión textual, a definición de termos específicos da materia, a expresión escrita, a adecuación a certos contextos de comunicación e a comunicación oral en debates e argumentacións na clase.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Tendo en conta que a filosofía foi historicamente a nai de diferentes disciplinas científicas, e que tamén abordou cuestións como a estrutura do coñecemento científico e das consecuencias da tecnoloxía para a vida humana, esta competencia é crucial neste proxecto. Ademais, a Lóxica, como disciplina que vincula filosofía e matemática, recibe un coidadoso tratamento nunha unidade específica.

### **Competencia dixital (CD)**

A competencia dixital trabállase fundamentalmente mediante a análise de produtos audiovisuais, películas en especial, que tratan temas que podemos vincular coas cuestións desenvolvidas en cada unidade.

### **Aprender a aprender (CAA)**

Foméntase a autonomía dos estudantes e o seu desenvolvemento como aprendices capaces de xerar novo coñecemento a partir dos contidos impartidos na clase. Así mesmo, na clase pódense traballar actividades orientadas a crear hábitos de esquematización, resumo e definición, que son básicos para posibilitar a autonomía no estudo.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A función social da filosofía e a súa vinculación coa teoría da sociedade implican que a reflexión sobre os valores sociais e morais, os hábitos, etc., sexan parte ineludible do labor filosófico. Por unha parte, intentamos presentar nocións e teorías básicas relativas á natureza social do ser humano. Por outra, ademais, pretendeuse cultivar a capacidade de diálogo e entendemento a través de actividades participativas, como o debate.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)**

Valores como o liderado, a creatividade, a iniciativa persoal ou a autonomía non son alleos á educación filosófica. Capacidades como a argumentación, o razoamento ou a exposición pública están ligadas ao fomento da iniciativa individual.

### **Conciencia e expresións culturais (CEC)**

A importancia da cultura, a arte, a historia, etc., e a necesaria conciencia do seu valor tamén desempeñan un papel relevante na materia de Filosofía de 1.º de Bacharelato. Mediante a análise de diferentes obras de arte, pretendemos incentivar a conciencia e o gusto estético. Polo demais, a conexión entre a Filosofía e o ámbito da cultura en xeral é evidente, e, por conseguinte, é necesario fomentar unha actitude de respecto, tolerancia e coñecemento do amplo patrimonio cultural que constitúe a nosa forma de vida.

## **4.5. Contidos.**

Os contidos da materia de Filosofía están estruturados neste nivel educativo en dez temas que relacionamos a continuación.

### **TEMA 1: O SABER FILOSÓFICO**

- B2.1. A Filosofía. O seu sentido, a súa necesidade e a súa historia.
- B2.2. O saber racional. A explicación pre-racional: mito e maxia. A explicación racional: a razón e os sentidos.
- B2.3. Funcións e vixencia da Filosofía.
- B2.4. As disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico.
- B2.5. Racionalidade teórica e práctica.
- B2.6. O saber filosófico a través da súa historia. Características da Filosofía.

### **TEMA 2: OS LÍMITES DO COÑECEMENTO**

- B.3.1. A teoría do coñecemento.
- B3.2. Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento, sensibilidade.
- B.3.3. A abstracción.
- B.3.4. Os problemas implicados no coñecer: as súas posibilidades, os seus límites, os intereses, o irracional.
- B.3.5. O problema filosófico do coñecemento.
- B.3.6. A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación.
- B.3.7. Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.

### **TEMA 3: CIENCIA E MÉTODO CIENTÍFICO**

- B.3.8. Filosofía, ciencia e tecnoloxía. A filosofía da ciencia.
- B.3.9. Obxectivos e instrumentos da ciencia.
- B.3.10. O método hipotético-dedutivo.
- B.3.11. A investigación científica na modernidade e na época contemporánea: das matemáticas e a técnica como ferramentas de coñecemento e interpretación fundamentais e reformulándos conceptos clásicos.

- B.3.12. Técnica e Tecnoloxía: saber e praxe
- B.3.13. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución
- B.3.14. A visión aristotélica do quefacer científico.
- B.3.15. A interrelación entre a filosofía e a ciencia.

#### TEMA 4: A REALIDADE E AS COSMOVISIÓNS CIENTÍFICAS

- B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade.
- B4.2. A pregunta polo ser como punto de partida da Filosofía. Platón vs. Aristóteles.
- B4.3. A interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: o problema da aparencia e a realidade.
- B4.4. A pregunta pola orixe e estrutura do real.
- B4.5. A caracterización da realidade: o cambio ou a permanencia, o substancialismo estático fronte o devir. Esencialismo e existencialismo.
- B4.6. A necesidade de categorizar racionalmente o real.
- B4.7. As cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da Natureza como admiración filosófica pola Natureza.
- B4.8. O paradigma cualitativo organicista: O universo aristotélico.
- B4.9. O Universo máquina: a visión mecanicista na Modernidade. Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: A busca das leis universais dun Universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade.
- B4.10. A visión contemporánea do Universo.
- B4.11. O reencontro da Filosofía e a Física na Teoría do Caos.

#### TEMA 5: A DEFINIÇÃO DO SER HUMANO. ANTROPOLOXÍA FILOSÓFICA. A VISIÓN DO SER HUMANO AO LONGO DA HISTORIA E O SENTIDO DA EXISTENCIA HUMANA

- B5.1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: A antropoloxía filosófica.
- B5.2. As implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e Bioloxía.
- B5.3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.
- B5.4. A visión grega: o heroe homérico: concepto socrático; dualismo platónico, o animal racional e político aristotélico, materialismo e individualismo helenista.
- B5.5. O pensamento medieval: creación á imaxe divina, nova concepción do corpo e a alma, da morte, da liberdade.
- B5.6. O Renacemento: antropocentrismo e humanismo.
- B5.7. A Modernidade e o século XIX: razón, emocións e liberdade.
- B5.8. O ser humano na filosofía contemporánea.
- B5.9. As visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo.
- B5.10. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.
- B5.11. A cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a Historia, a necesidade de transcendencia.
- B5.12. A reflexión filosófica sobre o corpo.
- B5.13. As distintas teorías filosóficas sobre a relación mente-corpo

## TEMA 6. A ÉTICA

B2.5. Racionalidade teórica e práctica.

B6.1. A orixe da Ética occidental: Sócrates vs. Sofistas.

B6.2. A Ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madureza moral.

B6.3. Principais teorías sobre a moral humana.

B6.4. A busca da felicidade.

B6.5. A boa vontade: Kant.

B6.6. A xustiza como virtude ético-política.

B6.7. Relativismo e universalismo moral.

## TEMA 7: A POLÍTICA.

B6.8. Os fundamentos filosóficos do Estado.

B6.9. Principais interrogantes da Filosofía Política.

B6.10. A Xustiza segundo Platón.

B6.11. O convencionalismo nos Sofistas.

B6.12. O realismo político: Maquiavelo.

B6.13. O contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu.

B6.14. A paz perpetua de Kant

B6.15. Os fundamentos filosóficos do capitalismo no s.XIX. John Stuart Mill.

Alienación e ideoloxía segundo Marx.

B6.16. A disputa política entre Popper e a Escola de Frankfurt.

B6.17. A función do pensamento utópico

B6.18. Legalidade e lexitimidade.

## TEMA 8: A CAPACIDADE SIMBÓLICA DO SER HUMANO: ARTE E CREATIVIDADE

B6.19. A capacidade simbólica, E. Cassirer.

B6.20. A creatividade, H. Poincaré.

B6.21. A Estética filosófica, función e características.

B6.22. A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade.

B6.23. A Estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade dende a arte, a literatura e a música.

B6.24. As relación da arte coa ética, o coñecemento e a técnica.

B6.25. O sentimento, a experiencia e o xuízo estético. A beleza. Creación artística e sociedade.

Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade.

B6.26. A Filosofía e a arte. Filosofía e literatura. A Filosofía e a música.

## TEMA 9: REGRAS DA ARGUMENTACIÓN: LÓXICA SIMBÓLICA E RETÓRICA DO DISCURSO.

B6.27. Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación dende a filosofía.

B6.28. A importancia da comunicación e a súa relación coa linguaxe, a

verdade e a realidade.

B6.29. A lóxica proposicional.

B6.30. A Retórica e a composición do discurso

B6.31. A argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos.

B6.32. Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada.

#### TEMA 10: FILOSOFÍA E EMPRESA.

B6.33. A filosofía e a empresa como proxecto racional.

B6.34. O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa.

B6.35. Os procesos de cuestionamento e a importancia da definición de obxectivos

B6.36. Proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.

B6.37. Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.

B6.38. Deseño dun proxecto vital e laboral. Papel da Estética no desenvolvemento do pensamento creativo e innovador.

B6.39. Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo.

B6.40. Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.

#### 4.6. Temporalización.

Os contidos anteriormente relacionados serán distribuídos do seguinte xeito entre as tres avaliacións do curso:

##### 1ª AVALIACIÓN (65 días lectivos, aproximadamente 40 sesións):

- Tema 1: O saber filosófico.
- Tema 2: Os límites do coñecemento.
- Tema 3: Ciencia e método científico.
- Tema 4: A realidade e as cosmovisións científicas.

##### 2ª AVALIACIÓN (52 días lectivos, aproximadamente 38 sesións):

- Tema 5. A definición do ser humano. Antropoloxía filosófica. A visión do ser humano ao longo da historia e o sentido da existencia humana.
- Tema 6: A ética.
- Tema 7: A política

##### 3ª AVALIACIÓN (56 días lectivos, aproximadamente 28 sesións):

- Tema 8: A capacidade simbólica do ser humano: Arte e creatividade.
- Tema 9: Reglas de la argumentación: Lóxica simbólica e retórica do discurso.
- Tema 10: Filosofía e empresa.

#### 4.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos transversais				
b d e h m	B1.1. Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	B1.1. Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores/as destacados/as.	FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores/as destacados/as, identifica a problemática e as solucións expostas (distinguindo as teses principais e a orde da argumentación) e relaciona os problemas propostos nos textos co estudado na unidade, e/ou co achegado por outros/as filósofos/as ou correntes, e/ou con saberes distintos da filosofía.	CAA
b d e	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B1.2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.	FIB1.2.1. Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita, con claridade e coherencia, e demostrando un esforzo creativo e educativo na valoración persoal dos problemas filosóficos analizados.	CCL CSC
b d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	B1.3. Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes.	FIB1.3.1. Selecciona e sistematiza información obtida tanto de libros específicos como de internet, usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.	CD CSC
			FIB1.3.2. Elabora listas de vocabulario de conceptos e comprende o seu significado, aplícaos con rigor e organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a	CAA

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			comprensión da filosofía.	
d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	B1.4. Analizar e argumentar sobre formulacións filosóficas, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.	FIB1.4.1. Elabora con rigor esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas, etc., amosando a comprensión dos eixes conceptuais estudados.	CAA
<b>Bloque 2. O saber filosófico</b>				
b d e h	B2.1. Filosofía: sentido, necesidade e historia. B2.2. Saber racional. Explicación prerracional: mito e maxia. Explicación racional: razón e sentidos. B2.3. Funcións e vivencia da filosofía.	B2.1. Coñecer e comprender a especificidade e a importancia do saber racional en xeral e do filosófico en particular, en tanto que saber de comprensión e interpretación da realidade, valorando que a filosofía é, á vez, un saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a creatividade e a innovación.	FIB2.1.1. Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando a filosofía desde a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, como o científico ou o teolóxico.  FIB2.1.2. Explica a orixe do saber filosófico diferenciándoo dos saberes prerracionais, como o mito ou a maxia.	CAA  CCEC CSC
d e	B2.4. Disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico. B2.5. Racionalidade teórica e práctica.	B2.2. Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos, as características, as disciplinas, os métodos e as funcións, relacionándoa paralelamente con outros saberes de comprensión da realidade.	FIB2.2.1. Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do labor filosófico, así como as disciplinas que conforman a filosofía.	CAA CSC
b d e h	B2.6. O saber filosófico a través da súa historia. Características da filosofía.	B2.3. Contextualizar histórica e culturalmente as problemáticas analizadas e expresar por escrito as achegas máis importantes do pensamento filosófico desde a súa orixe, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas, e argumentando as propias opinións ao respecto.	FIB2.3.1. Recoñece as principais problemáticas filosóficas características de cada etapa cultural europea.  FIB2.3.2. Expresa por escrito as teses fundamentais dalgunhas das correntes filosóficas máis importantes do pensamento occidental.	CCEC  CCL
b e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	B2.4. Comprender e utilizar con precisión o vocabulario filosófico fundamental, realizando un glosario de termos de xeito colaborativo mediante as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.	FIB2.4.1. Comprende e usa con rigor conceptos filosóficos como razón, sentidos, mito, logos, arché, necesidade, continxencia, causa, existencia, metafísica, lóxica, gnoseoloxía, obxectividade, dogmatismo, criticismo, etc.	CCL



Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e l	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coa temática filosófica estudada.	B2.5. Analizar de maneira crítica fragmentos de textos significativos e breves sobre a orixe, a caracterización e a vixencia da filosofía, identificando as problemáticas e solucións expostas, distinguindo as teses principais e a orde de argumentación, relacionando os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e coa presentación doutros intentos de comprensión da realidade, como o científico e o teolóxico, ou outros tipos de filosofía, como a oriental.	FIB2.5.1. Le e analiza de xeito crítico fragmentos de textos breves e significativos sobre a orixe da explicación racional e acerca das funcións e as características do pensamento filosófico, pertencentes a pensadores/as, que identifiquen as problemáticas filosóficas formuladas.	CCL
<b>Bloque 3. O coñecemento</b>				
d e h	B3.1. Teoría do coñecemento. B3.2. Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento e sensibilidade. B3.3. Abstracción. B3.4. Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.	B3.1. Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemento humano, analizadas desde o campo filosófico, os seus graos, as ferramentas e as fontes, e expor por escrito os modelos explicativos do coñecemento máis significativos.	FIB3.1.1. Identifica e expresa de xeito claro e razoado os elementos e as problemáticas que implica o proceso do coñecemento da realidade, como é o dos seus graos, as súas posibilidades e os seus límites.	CCL
d e h g	B3.5. Problema filosófico do coñecemento. B3.6. A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e adecuación. B3.7. Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.	B3.2. Explicar e reflexionar sobre o problema do acceso á verdade, identificando as problemáticas e as posturas filosóficas que xurdiron en torno ao seu estudo.	FIB3.2.1. Coñece e explica teorías acerca do coñecemento e a verdade, como son o idealismo, o realismo, o racionalismo, o empirismo, o perspectivismo, o consenso ou o escepticismo, e contrasta semellanzas e diferenzas entre os conceptos clave que manexan.  FIB3.2.2. Explica e contrasta criterios e teorías sobre a verdade, tanto no plano metafísico como no gnoseolóxico, usando con rigor termos como gnoseoloxía, razón, sentidos, abstracción, obxectividade, certeza, dúbida, evidencia, escepticismo, autoridade, probabilidade, prexuízo, coherencia, adecuación, consenso, incerteza, interese, irracional, etc., e construír un glosario de conceptos de xeito colaborativo, usando internet.	CCEC  CD CSC

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionadas coas temáticas filosóficas estudadas.	B3.3. Analizar de forma crítica fragmentos de textos significativos sobre a análise filosófica do coñecemento humano, os seus elementos, as súas posibilidades e os seus límites, valorando os esforzos por alcanzar unha aproximación á verdade arredándose do dogmatismo, da arbitrariedade e dos prexuízos.	FIB3.3.1. Analizar fragmentos de textos breves de Descartes, Hume, Kant, Nietzsche, Ortega y Gasset, Habermas, Popper, Kuhn ou Michel Serres, entre outros.	CCL
d e h i l	B3.8. Filosofía, ciencia e tecnoloxía. Filosofía da ciencia. B3.9. Obxectivos e instrumentos da ciencia. B3.10. Método hipotético-dedutivo. B3.11. Investigación científica na modernidade e na época contemporánea: das matemáticas e a técnica como ferramentas de coñecemento e interpretación fundamentais á reformulación dos conceptos clásicos.	B3.4. Coñecer e explicar a función da ciencia, os seus modelos de explicación, as súas características, os seus métodos e a tipoloxía do saber científico, expondo as diferenzas e as coincidencias do ideal e a investigación científica co saber filosófico, como pode ser a problemática da obxectividade ou a adecuación teoría-realidade, argumentando as propias opinións de xeito razoado e coherente.	FIB3.4.1. Explica os obxectivos, as funcións e os principais elementos da ciencia, manexando termos como feito, hipótese, lei, teoría ou modelo.	CMCCT
			FIB3.4.2. Constrúe unha hipótese científica, identifica os seus elementos e razoa a orde lóxica do proceso de coñecemento.	CMCCT
			FIB3.4.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos como indución, hipotético-dedutivo, método, verificación, predición, realismo, causalidade, obxectividade, relatividade, caos e indeterminismo, entre outros.	CMCCT
d e h i l	B3.12. Técnica e tecnoloxía: saber e praxe.	B3.5. Relacionar e identificar as implicacións da tecnoloxía, en tanto que saber práctico transformador da natureza e da realidade humana, reflexionando, desde a filosofía da tecnoloxía, sobre as relacións coa ciencia e cos seres humanos.	FIB3.5.1. Extrae conclusións razoadas sobre a inxenuidade humana por transformar e dominar a natureza, póndoa ao servizo do ser humano, así como das consecuencias desta actuación, e participa de debates acerca das implicacións da tecnoloxía na realidade social.	CMCCT CSC
b d l	B3.13. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución B3.14. Visión aristotélica do quefacer científico.	B3.6. Analizar de xeito crítico fragmentos de textos filosóficos sobre a reflexión filosófica acerca da ciencia, a técnica e a filosofía, identificando as problemáticas e as solucións propostas, distinguindo as teses principais e a orde da argumentación, relacionar os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e razoado a postura propia.	FIB3.6.1. Analiza fragmentos de textos breves e significativos de pensadores como Aristóteles, Popper, Kuhn, B. Russell, A. F. Chalmers ou J. C. Borrón, entre outros.	CMCCT
d	B3.15. Relación entre filosofía	B3.7. Entender e valorar a	FIB3.7.1. Identifica e reflexio-	CMCCT

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h i g l	e ciencia.	relación entre a filosofía e a ciencia.	na de forma argumentada acerca de problemas comúns aos campos filosófico e científico, como son o problema dos límites e as posibilidades do coñecemento, a cuestión da obxectividade e a verdade, a racionalidade tecnolóxica, etc.	
			FIB3.7.2. Investiga e selecciona información en internet, procedente de fontes solventes, sobre as problemáticas citadas, e realiza un proxecto de grupo sobre algunha temática que afonde na interrelación entre a filosofía e a ciencia.	CD CSC
<b>Bloque 4. A realidade</b>				
d e h	B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade.	B4.1. Recoñecer e valorar a metafísica, disciplina que estuda a realidade en tanto que totalidade, distinguíndoa das ciencias, que versan sobre aspectos particulares desta.	FIB4.1.1. Coñece o que é a metafísica e usa a abstracción para comprender os seus contidos e a súa actividade, razoando sobre eles.	CAA
d e h	B4.2. Pregunta polo ser como punto de partida da Filosofía. Platón fronte a Aristóteles. B4.3. Interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: problema da aparencia e a realidade. B4.4. Pregunta pola orixe e a estrutura do real. B4.5. Caracterización da realidade: cambio ou permanencia, substancialismo estático fronte ao devir. Esencialismo e existencialismo. B4.6. Necesidade de categorizar racionalmente o real.	B4.2. Coñecer e explicar, desde un enfoque metafísico, os principais problemas que presenta a realidade.	FIB4.2.1. Describe as principais interpretacións metafísicas e os problemas que suscita o coñecemento metafísico da realidade.	CCEC
			FIB4.2.2. Comprende e utiliza con rigor conceptos metafísicos como ser, sistema metafísico, realidade, aparencia, materia e espírito, unidade, dualidade, multiplicidade, devir, necesidade, continxencia, transcendencia, categoría e abstracción, materialismo, espiritualismo, existencialismo ou esencialismo, entre outros.	CCL
			FIB4.2.3. Realiza unha análise crítica ante teorías metafísicas diverxentes de interpretación da realidade.	CAA
			FIB4.2.4. Analiza e comprende fragmentos de textos breves e significativos sobre as problemáticas metafísicas que presenta a realidade, de pensadores como	CAA

Filosofía. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			Platón, Aristóteles, Tomé de Aquino, Descartes, Marx, Nietzsche, etc., comparando e establecendo semellanzas e diferenzas entre os enfoques, e disertando coherentemente sobre as posturas históricas.	
dehihi	B4.7. Cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da natureza como admiración filosófica pola natureza.	B4.3. Coñecer e comparar as explicacións dadas desde as grandes cosmovisións sobre o universo.	FIB4.3.1. Explica e compara dúas das grandes cosmovisións do Universo: o paradigma organicista aristotélico e o modelo mecanicista newtoniano.	CMCCT
	B4.8. Paradigma cualitativo organicista: universo aristotélico.		FIB4.3.2. Describe os caracteres esenciais das interpretacións relativista e cuántica contemporáneas da realidade, explicando as implicacións filosóficas asociadas a eses caracteres.	CMCCT
	B4.9. Universo máquina: visión mecanicista na Modernidade. Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: procura das leis universais dun universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade. B4.10. Visión contemporánea do Universo. B4.11. Reencontro da filosofía e a física na teoría do caos.		FIB4.3.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos e científicos como cosmovisión, paradigma, Universo, natureza, finalismo, organicismo, determinismo, orde, causalidade, conservación, principio, mecanicismo, materia, relatividade, cuántica, espazo, tempo, azar, determinismo, indeterminismo, probabilidade, gaia e caos, entre outros.	CMCCT
deghi	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas.	B4.4. Elaborar táboas e/ou mapas conceptuais comparando os caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas.	FIB4.4.1. Elabora esquemas, táboas e/ou mapas conceptuais que comparen os caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando historicamente e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas.	CD
dehihi	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	B4.5. Ler e analizar de xeito crítico textos filosóficos, epistemolóxicos e científicos sobre a comprensión da realidade, tanto desde o plano metafísico como desde o físico, usando con precisión os termos técnicos estudados, relacionar os problemas presentados nos textos co estudado nas uni-	FIB4.5.1. Analiza textos filosóficos e científicos, clásicos e contemporáneos, que aborden as mesmas problemáticas, e investigar a vivencia das ideas expostas.	CMCCT
			FIB4.5.2. Reflexiona sobre as implicacións filosóficas que afectan a visión do ser hu-	CAA

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		dades e razoar a postura propia.	mano en cada cosmovisión filosófico-científica estudada, e argumenta as súas propias ideas de xeito razoado e creativo.	
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía				
b c d e	B5.1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: antropoloxía filosófica.	B5.1. Recoñecer en que consiste a antropoloxía filosófica.	FIB5.1.1. Utilizar con rigor vocabulario específico da temática, como evolución, dialéctica, proceso, progreso, emerxencia, azar, selección natural, apto, reduccionismo, creacionismo, evolución cultural, vitalismo, determinismo xenético, natureza e cultura.	CCL
d e h i	B5.2. Implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e bioloxía.	B5.2. Coñecer e explicar as implicacións filosóficas da evolución, en relación cos contidos metafísicos e cos/coas pensadores/as xa estudados/as.	FIB5.2.1. Coñece e explica as consideracións filosóficas implicadas na teoría da evolución, como a consideración dinámica e dialéctica da vida ou o indeterminismo, entre outras.	CMCCT
			FIB5.2.2. Analiza fragmentos breves e significativos de E. Morin, K. Popper, R. Dawkins, J. Mosterín, A. Gehlen, M. Harris ou M. Ponty, entre outros.	CCEC
d e g h i l	B5.3. A dialéctica natureza-cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.	B5.3. Recoñecer e reflexionar, de maneira argumentada, sobre a interacción dialéctica entre o compoñente natural e o cultural que caracterizan o ser humano como tal, sendo o culturalmente adquirido condición para a innovación e a creatividade que caracterizan a especie.	FIB5.3.1. Identifica e expón en que consiste o compoñente natural innato do ser humano, e a súa relación cos elementos culturais que xorden nos procesos de antropoxénese e humanización, dando lugar á identidade propia do ser humano.	CCEC CSC
			FIB5.3.2. Diserta sobre o ser humano en tanto que resultado da dialéctica evolutiva entre o xeneticamente innato e o culturalmente adquirido, condición para a innovación e a capacidade creativa que caracterizan a nosa especie.	CSIEE CCEC
			FIB5.3.3. Localiza información en internet acerca das investigacións actuais sobre a evolución humana, e reflicte a información seleccionada e sistematizada de	CD CSC

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			xeito colaborativo.	
a b c e h	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B5.4. Valorar os coñecementos adquiridos nesta unidade, rexeitando os prexuízos tanto etnocéntricos como por motivos físicos, e tamén as actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.	FIB5.4.1. Argumenta con coherencia, baseándose nos datos obxectivos aprendidos, sobre as implicacións de adoptar prexuízos etnocéntricos para xulgar os seres humanos e as culturas.	CSC
b c d e h	B5.4. Visión grega. Heroe homérico: concepto socrático. Dualismo platónico. Animal racional e político aristotélico. Materialismo e individualismo helenista. B5.5. Pensamento medieval: creación á imaxe divina; nova concepción do corpo e a alma, da morte e da liberdade. B5.6. Renacemento: antropocentrismo e humanismo. B5.7. Modernidade e século XIX: razón, emocións e liberdade. B5.8. O ser humano na filosofía contemporánea.	B5.5. Coñecer e reflexionar sobre as concepcións filosóficas sobre o ser humano como tal que se viñeron dando ao longo da filosofía occidental, comparando semellanzas e diferenzas entre as sucesivas formulacións, analizando criticamente a influencia do contexto sociocultural na concepción filosófica, e valorando algunhas formulacións diverxentes que abriron camiño cara á consideración actual da persoa.	FIB5.5.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente sobre o ser humano. FIB5.5.2. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dos grandes pensadores. FIB5.5.3. Usa con rigor termos como dualismo e monismo antropolóxico, areté, mente, corpo, espírito, creacionismo, antropocentrismo, teocentrismo, alma, humanismo, persoa, dignidade, sentido, estado de natureza, estado de civilización, existencia, liberdade, emoción, paixón, determinismo, alienación, nihilismo, existencia, inconsciente, morte, historia ou transcendencia, entre outros.	CCEC CCL CCL
b e h	B5.9. Visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo.	B5.6. Comparar a visión filosófica occidental do ser humano coa visión filosófica oriental, o budismo, o taoísmo e o hinduísmo, e argumentar as opinións propias sobre semellanzas e diferenzas.	FIB5.6.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que se viñeron dando historicamente no contexto da filosofía occidental sobre o ser humano, coa visión filosófica oriental, o budismo, o taoísmo e o hinduísmo.	CCEC
b d e h	B5.10. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana. B5.11. Cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia e a necesidade de transcendencia.	B5.7. Disertar, de forma oral e escrita, sobre as temáticas intrinsecamente filosóficas no ámbito do sentido da existencia, como poden ser a cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a historia ou a necesidade de transcendencia, entre outras.	FIB5.7.1. Diserta, de xeito oral e escrito, sobre as grandes cuestións metafísicas que lle dan sentido á existencia humana. FIB5.7.2. Argumenta e razoa, de xeito oral e escrito, acerca dos puntos de vista propios sobre o ser humano, desde a filosofía e sobre diferentes temáticas filosóficas relacionadas co sentido da existencia humana.	CCL CCL

Filosofía. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c d e h	B5.12. Reflexión filosófica sobre o corpo. B5.13. Teorías filosóficas sobre a relación entre mente e corpo.	B5.8. Coñecer algunhas teorías filosóficas occidentais sobre o corpo humano, e reflexionar de xeito colaborativo e argumentar acerca dos puntos de vista propios.	FIB5.8.1. Coñece as teorías filosóficas da relación entre mente e corpo (monismo, dualismo e emergentismo), e argumenta sobre esas teorías comparando similitudes e diferenzas, de forma colaborativa.	CMCCT
Bloque 6. A racionalidade práctica				
a b c d e h	B2.5. Racionalidade teórica e práctica. B6.1. Orixe da ética occidental: Sócrates fronte aos sofistas.	B6.1. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana.	FIB6.1.1. Recoñece a función da racionalidade práctica para dirixir a acción humana, aínda recoñecendo os seus vínculos ineludibles coa razón teórica e a intelixencia emocional.  FIB6.1.2. Explica a orixe da ética occidental no pensamento grego, contrastando, de forma razoada, a concepción socrática coa dos sofistas.	CSC  CCEC
a b c d e	B6.2. A ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madurez moral.	B6.2. Recoñecer o obxecto e función da ética.	FIB6.2.1. Explica e razoa acerca do obxecto e a función da ética.	CSC
a b c d e h	B6.3. Principais teorías sobre a moral humana. B6.4. Procura da felicidade. B6.5. A boa vontade: Kant. B6.6. A xustiza como virtude ético-política. B6.7. Relativismo e universalismo moral.	B6.3. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade, e sobre o desenvolvemento moral.	FIB6.3.1. Expresa de xeito crítico as argumentacións das principais teorías éticas sobre a felicidade e a virtude, razoando as súas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.  FIB6.3.2. Expresa de maneira crítica as argumentacións das principais teorías éticas sobre a xustiza, razoando as súas propias ideas, e achega exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.  FIB6.3.3. Analiza textos breves dalgúns dos filósofos representantes das principais teorizacións éticas e sobre o desenvolvemento psicolóxico moral do individuo.  FIB6.3.4. Usa con rigor termos como ética, moral, acción moral, autonomía, respon-	CSIEE CSC  CSIEE  CSC  CCL

Filosofía. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sabilidade, convención moral, madurez moral, virtude moral, subxectivismo, relativismo e universalismo moral, utilitarismo, deber moral, ética de máximos, ética de mínimos, consenso, xustiza, eudemonismo, hedonismo, emotivismo e utilitarismo.	
a b c d e h	B6.8. Fundamentos filosóficos do Estado. B6.9. Principais interrogantes da filosofía política.	B6.4. Explicar a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política, como a orixe e a lexitimidade do Estado, as relacións entre o individuo e o Estado ou a natureza das leis.	FIB6.4.1. Identifica a función, as características e os principais interrogantes da filosofía política.	CSC
			FIB6.4.2. Utiliza con rigor conceptos como democracia, Estado, xustiza, dereito, dereitos naturais, Estado democrático e de dereito, legalidade, lexitimidade, convención, contractualismo, alienación, ideoloxía, utopía, entre outros conceptos clave da filosofía política.	CCL
a b c d e h	B6.10. A xustiza segundo Platón. B6.11. O convencionalismo nos sofistas. B6.12. Realismo político: Maquiavelo. B6.13. Contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu. B6.14. A paz perpetua de Kant. B6.15. Fundamentos filosóficos do capitalismo no século XIX. John Stuart Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx. B6.16. Disputa política entre Popper e a escola de Frankfurt.	B6.5. Coñecer as teorías e os conceptos filosóficos principais que estiveron na base da construción da idea de Estado e das súas funcións, apreciando o papel da filosofía como reflexión crítica.	FIB6.5.1. Explica de xeito coherente as formulacións filosófico-políticas de Platón, os sofistas, Maquiavelo, Locke, Montesquieu, Rousseau, Hobbes, Kant, John Stuart Mill, Popper ou Habermas, entre outros.	CCEC CSC
			FIB6.5.2. Analiza e reflexiona sobre a relación entre individuo e Estado, sobre a base do pensamento dos sofistas, Marx e a escola de Frankfurt.	CSC
			FIB6.5.3. Analiza de xeito crítico textos significativos e breves dalgúns dos autores estudados, nos que se argumente sobre o concepto de Estado, os seus elementos e as súas características.	CSC
			FIB6.5.4. Valora e utiliza a capacidade argumentativa, de forma oral e escrita, contra a arbitrariedade, o autoritarismo e a violencia.	CSC
a b	B6.17. Función do pensamento utópico.	B6.6. Disertar de xeito oral e escrito sobre a utilidade do pensamento utópico, anali-	FIB6.6.1. Reflexiona por escrito sobre as posibilidades do pensamento utópi-	CSC



Filosofía. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c d e h		zando e valorando a súa función, para propor posibilidades alternativas, proxectar ideas innovadoras e avaliar o xa experimentado.	co, e argumenta as súas propias ideas.	
a b c d e h	B6.18. Legalidade e lexitimidade.	B6.7. Distinguir os conceptos de legalidade e lexitimidade.	FIB6.7.1. Describe e compara os conceptos de legalidade e lexitimidade.	CCL CSC
b d e h p	B6.19. Capacidade simbólica. E. Cassirer. B6.20. Creatividade. H. Poincaré.	B6.8. Recoñecer a capacidade simbólica como elemento distintivo da especie humana.	FIB6.8.1. Explica as teses fundamentais de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica humana, e as de H. Poincaré sobre o proceso creativo.	CCEC
b d e h n p	B6.21. Estética filosófica: función e características. B6.22. A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade. B6.23. A estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade desde a arte, a literatura e a música.	B6.9. Coñecer o campo da estética, reflexionando sobre as contribucións filosóficas realizadas por tres das construcións simbólicas culturais fundamentais.	FIB6.9.1. Comprende e usa conceptos como estética, creatividade, creación, símbolo, signo, arte, experiencia estética, mímese, beleza, gusto, subxectividade, xuízo estético e vangarda.	CCL CCEC
			FIB6.9.2. Contrasta e relaciona algunhas construcións simbólicas fundamentais no contexto da cultura occidental, e analiza, de xeito colaborativo, textos literarios, audicións musicais e visualizacións de obras de arte para explicar os contidos da unidade.	CAA CCEC
a b d e h n p	B6.24. Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica.	B6.10. Relacionar a creación artística con outros campos como o da ética, o coñecemento e a técnica.	FIB6.10.1. Diserta sobre a relación e a posibilidade transformadora da realidade humana, a creación artística, a ciencia e a ética.	CSC CCEC
b d e h n p	B6.25. Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza. Creación artística e sociedade. Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade. B6.26. Filosofía e arte. Filosofía e literatura. Filosofía e música.	B6.11. Analizar textos en que se comprenda o valor da arte, a literatura e a música como vehículos de transmisión do pensamento filosófico, utilizando con precisión o vocabulario específico propio da estética filosófica.	FIB6.11.1. Coñece e describe algúns dos elementos fundamentais da reflexión estética sobre a arte, analizando textos significativos de filósofos como Platón, Schelling, Hume, Kant, Nietzsche, Walter Benjamin, Gadamer, Marcuse ou Adorno, entre outros, e aplica esas ideas ao estudo de diversas obras de arte.	CCEC

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			FIB6.11.2. Entende o valor filosófico da literatura, analizando textos breves de pensadores e literatos como Platón, Santo Agostiño, Calderón de la Barca, Pío Baroja, A. Machado, Voltaire, Goethe, Sartre, Unamuno, Borges ou Camus, entre outros.	CCEC
			FIB6.11.3. Coñece a visión filosófica da música a través da análise de textos filosóficos sobre as visións dos pitagóricos, de Platón, Schopenhauer, Nietzsche ou Adorno, entre outros, así como mediante audicións significativas.	CCEC
d g h n	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B6.12. Reflexionar por escrito sobre algunha das temáticas significativas estudadas, argumentando as propias posicións, e ampliar en internet a información aprendida.	FIB6.12.1. Diserta de xeito claro e coherente sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas, e procura e selecciona información en internet que amplíe o xa aprendido.	CD CSC
b d e	B6.27. Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación desde a filosofía. B6.28. Importancia da comunicación e a súa relación coa linguaxe, a verdade e a realidade.	B6.13. Entender a importancia da comunicación para o desenvolvemento do ser humano e as sociedades.	FIB6.13.1. Coñece e manexa con rigor conceptos como símbolo, comunicación, linguaxe formal, lóxica, xuízo lóxico, razoamento, demostración, discurso, elocuencia, orador, retórica, exordio, inventio, dispositio, argumentación, elocutio, compositio, actio, falacia, debate, negociación, persuasión e concepto universal, entre outros.	CCL
b d e	B6.29. Lóxica proposicional.	B6.14. Coñecer en que consiste a lóxica proposicional e apreciar o seu valor para amosar o razoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental para as relacións humanas.	FIB6.14.1. Utiliza os elementos e as regras do razoamento da lóxica de enunciados.	CAA
b d e	B6.30. Retórica e composición do discurso.	B6.15. Coñecer as dimensións que forman parte da composición do discurso retórico, e aplicalas na composición de discursos.	FIB6.15.1. Comprende e explica a estrutura e o estilo da retórica e da argumentación. FIB6.15.2. Coñece a estrutura e a orde do discurso, e escribe breves discursos retóricos establecendo cohe-	CCL CCL

Filosofía. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			rentemente a exposición e a argumentación.	
b d e	B6.31. Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos. B6.32. Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada.	B6.16. Coñecer e utilizar as regras e as ferramentas básicas do discurso baseado na argumentación demostrativa.	FIB6.16.1. Constrúe un diálogo argumentativo no que demostra as súas propias teses mediante as regras e as ferramentas da argumentación.	CSIEE CSC
			FIB6.16.2. Distingue un argumento veraz dunha falacia.	CAA
			FIB6.16.3. Analiza e comenta textos breves e significativos sobre a arte da retórica e a argumentación de Platón, Aristóteles, Cicerón, Quintiliano, Tácito e autores/as contemporáneos/as.	CCEC
b d e m p	B6.33. A filosofía e a empresa como proxecto racional.	B6.17. Coñecer as posibilidades da filosofía na creación dun proxecto, en xeral, e no ámbito empresarial en particular, e valorar o seu papel potenciador da análise, a reflexión e o diálogo.	FIB6.17.1. Utiliza conceptos con sentido filosófico e aplícaos ao contexto empresarial: principios, saber, orde lóxica, finalidade, demostración, razoamento, indución, dedución, argumentación, sentido, significado, creatividade, diálogo, obxectivo/subxectivo, emocións, globalidade e valor, entre outros.	CSIEE
b e m p	B6.34. O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa. B6.35. Os procesos de cuestionamento e a importancia da definición de obxectivos.	B6.18. Comprender a importancia do modo de "preguntar radical" da metafísica para proxectar unha idea ou un proxecto vital ou empresarial, facilitando os procesos de cuestionamento e definición das preguntas radicais e as respostas a estas.	FIB6.18.1. Formula correctamente os interrogantes filosóficos radicais que deben estar na base da creación dun proxecto, tanto vital como laboral, como "que son?", "que fago?", "por que?", "para que?", "cal é o meu obxectivo?", "cal é o seu sentido, a súa razón de ser?", etc., e saber argumentar a defensa das respostas.	CSIEE CSC
b m p	B6.36. Proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.	B6.19. Comprender o valor da teoría do coñecemento, a razón crítica e a lóxica para introducir racionalidade na orixe e no desenvolvemento dun proxecto.	FIB6.19.1. Deseña un proxecto vital ou empresarial, sobre a base da filosofía, valorando a íntima relación entre os pensamentos e as accións, entre a razón e as emocións, a través do diálogo, da argumentación e a linguaxe filosófica.	CSIEE
b e m	B6.37. Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.	B6.20. Valorar as técnicas do diálogo filosófico, a argumentación e a retórica para organizar a comunicación	FIB6.20.1. Coñece e utiliza as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de dilemas e conflitos	CSC

Filosofía. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		entre as partes e a resolución de negociacións e de conflitos, para xerar diálogo baseado na capacidade de argumentar correctamente, para definir e comunicar correctamente o obxectivo dun proxecto.	dentro dun grupo humano.	
am n	B6.38. Deseño dun proxecto vital e laboral. Papel da Estética no desenvolvemento do pensamento creativo e innovador.	B6.21. Valorar a capacidade da estética filosófica para favorecer o pensamento creativo e innovador que permite adaptarse e anticiparse aos cambios, xerando innovación e evitando o estancamento, valorando así a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.	FIB6.21.1. Valora a posibilidade de crear tarefas innovadoras, valorando a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.	CSIEE
abcfmp	B6.39. Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo.	B6.22. Comprender e apreciar a función axiolóxica da ética para establecer un sistema de valores que permita mellorar o clima laboral, comprendendo que os valores éticos son clave para lograr o equilibrio entre innovación, sustentabilidade e competitividade.	FIB6.22.1. Realiza un decálogo de valores éticos que deben rexer no mundo laboral e de cara á sociedade e á natureza.	CSC
			FIB6.22.2. Valora e diserta sobre a importancia do traballo para desenvolvernos como seres humanos, para o avance dunha cultura e para transformar a realidade.	CSC
bm p	B6.40. Razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.	B6.23. Coñecer e valorar a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.	FIB6.23.1. Comprende e valora a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.	CSC

#### 4.8. Metodoloxía.

Ademais dos principios e estratexias que sinalamos con carácter xeral para todas as materias na Programación do Departamento, a materia de Filosofía de Primeiro de Bacharelato organizarase de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

-Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.

- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os **criterios de avaliación transversais** a todo o temario de Filosofía de 1.º de Bacharelato, que son os seguintes:

- 1.Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados.
- 2.Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
- 3.Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.
- 4.Analizar e argumentar sobre propostas filosóficas, elaborando de forma colaboradora esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

Non obstante, resulta conveniente utilizar **estratexias didácticas** variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiado, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

- As tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- O estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para

motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.

-Os proxectos de investigación, estudos ou traballos de redacción habitúan o alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a formular preguntas e a adquirir experiencia na busca e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia.

En calquera das estratexias didácticas adoptadas é esencial a **realización de actividades** por parte do alumnado.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permítelle ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

#### 4.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

##### 4.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS propostos e OBSERVACIÓN directa do alumno.

**-O 70% da cualificación corresponde ás probas obxectivas individuais.**

A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 6 desta Programación.

**-O 25% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno.**

Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os **traballos de investigación e a súa exposición en clase**, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.

**-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno.**

Valorarase a participación na clase, a asistencia, a puntualidade, a colaboración na aula e nas actividades, a actitude e boa disposición, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a

contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

PROCEDEMENTO	MÍNIMO	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO
Cuestionario (1/2 por av.)	5 puntos sobre 10	70 %	Examen
Traballos propostos e exposición na clase.	Nivel C na rúbrica de avaliación de traballos escritos.	25 %	Rúbrica
Observación directa do alumno	Asistencia, puntualidade e participación regulares	5 %	Observación diaria por parte do profesorado.

**Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes.**

Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a **cualificación final** do curso será a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un **traballo de ampliación** –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

**4.9.2 Actividades de recuperación:** A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

**4.9.3 Avaliación extraordinaria:** Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberán presentarse a un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

#### 4.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.	A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.	A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.
CONTIDO	O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento bo dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos seus diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.
VOCABULARIO	Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.	Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún	Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.	O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.



		erro.		
<b>GRAMÁTICA</b>	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.	Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.	Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Non comete ningún erro ortográfico.	Comete un ou dous erros ortográficos.	Comete entre tres e cinco erros ortográficos.	Comete máis de cinco erros ortográficos.
<b>PRESENTACIÓN</b>	A presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada e coidada, pero non é atractiva e inclúe algún recurso visual (fotografía, gráfico...).	A presentación do traballo non é esmerada, é descoidada e non resulta atractiva, e non inclúe recursos visuais.
<b>ENTREGA</b>	Cumpre o prazo establecido para a entrega do traballo.	Atrásase na entrega do traballo, pero faíno no mesmo día do prazo establecido.	Atrásase na entrega do traballo un ou varios días despois do prazo establecido.	Non entrega o traballo no prazo establecido.

#### 4.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación.

En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de traballos que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

<b>TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL</b>	<b>MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE</b>	<b>GRAO DE CONSECUCCIÓN</b>
<b>DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN</b>	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.

	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se plantexan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
<b>DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.		
<b>DIVERSIDADE DE INTERÉS E MOTIVACIÓN</b>	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas á súa realidade.	
<b>DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	

	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en algunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grado de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se plantexan.	Propoñer problemas dacordo ás súas capacidades para ir desenvolvendoas.	
<b>DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN</b>	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

#### 4.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.

-Libro de texto: Recoméndase o uso do libro de texto publicado pola Editorial McGraw-Hill: *Filosofía* (Galicia), Lozano, M. et al. Non obstante, de xeito complementario o profesor poderá empregar para docencia dos seus grupos outros materiais impresos ou audiovisuais que considere oportunos.

-Outros recursos: Os sinalados con carácter xeral na Programación xeral do Departamento.

### -Lecturas recomendadas:

- BAROJA, Pío: *El árbol de la ciencia*, Alianza Editorial.
- BAILLARGEON, Normand: *Curso de autodefensa intelectual*. Editorial Crítica.
- BRECHT, Bertolt: -*Historias de Almanaque*, Alianza Editorial. *Historias del Señor Keuner*, Editorial Alba.
- DAGERMAN, Stig: - *Otoño alemán*, Editorial Octaedro.
- DARWIN, Charles: -*Autobiografía y otros escritos*, Alianza Editorial.  
-*EL VIAJE DEL BEAGLE*
- DE QUINCEY, Thomas: *Los últimos días de Immanuel Kant*, Ed. Valdemar.
- EINSTEIN, Albert: *Escritos autobiográficos*. Alianza Editorial.
- GOETHE, J. W.: *Fausto* (1ª parte), Alianza Editorial.
- GOMBRICH, E.H.: *Breve historia del mundo*, Edit. Península.
- HESSE, Hermann: -*Bajo las ruedas*. *Demian*. Ambas obras en Alianza Editorial.
- LESSING, G. E.: *Natán, el sabio*. Espasa-Calpe (y otras). Teatro.
- MAETERLINCK, M.: -*Vida de las abejas*.  
-*Vida de las hormigas*.  
-*Vida de los termites*. Edits. Espasa-Calpe y EDAF.
- MANN, Thomas: *Confesiones del estafador Felix Krull*. Editorial Edhasa.
- MEYRINK, Gustav: *El Golem*, Editorial Tusquets.
- MUSIL, Robert: *Las tribulaciones del estudiante Törless*, Ed. Seix Barral.
- RAMÓN Y CAJAL, Santiago: *Los tónicos de la voluntad*, Ed. Espasa-Calpe.
- REMARQUE, Erich Mª: *Sin novedad en el frente*. Edhasa y otras editoriales.
- RILKE, Rainer Mª: *Cartas a un joven poeta*. Alianza Editorial (y otras).
- ROUSSEAU, J. J.: *Discurso sobre el origen y los fundamentos de la desigualdad entre los hombres*. Alianza Editorial.
- SERRANO, P.: *Desinformación. Cómo los medios nos ocultan el mundo*. Editorial Península.
- SCHILLER, Friedrich: -*Los bandidos*, *Don Carlos*, *Guillermo Tell*. Editorial Aguilar. Editorial Planeta.
- SLOTERDIJK, Peter: *El árbol mágico*. Editorial Seix-Barral.
- TWAIN, Mark: *El forastero misterioso*. Editorial Siruela.
- WATSON, J.: *La doble hélice*. Alianza Bolsillo.
- WASSERMANN, J.: *Caspar Hauser*. Ediciones El Acantilado.
- ZWEIG, Stefan: -*Momentos estelares de la Humanidad*., *El mundo de ayer: memorias de un europeo*, *Castellio contra Calvino*. , *Carta de una desconocida*. Todas ellas en Ediciones El Acantilado.

## 12. Procedimientos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

Ademáis dos consignados con carácter xeral no capítulo 21 da presente Programación para todas as materias do Departamento, neste apartado remitímonos ás consideracións realizadas máis arriba en relación coa materia optativa Filosofía de Cuarto Curso de ESO

## 5 Programación didáctica de Ética e Filosofía do Dereito.

### Materia optativa de modalidade de Segundo Curso de Bacharelato

#### Índice:

- 5.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.
- 5.2. Obxectivos xerais por curso.
- 5.3. Obxectivos xerais para a materia.
- 5.4. Como contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.
- 5.5. Contidos.
- 5.6. Temporalización.
- 5.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe
- 5.8. Metodoloxía.
- 5.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
  - 5.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.
  - 5.9.2 Actividades de recuperación.
  - 5.9.3 Avaliación extraordinaria.
  - 5.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.
- 5.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación
- 5.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector
- 5.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

## 5.1. Introdución. Contextualización e xustificación da materia.

A presenza no currículo de Bacharelato da materia optativa de Ética e Filosofía do Dereito pretende dotar ao alumnado da rama de Humanidades e Ciencias Sociais dos instrumentos de análise que lle permitan abordar dun xeito máis consciente e racional os distintos niveis de códigos normativos que conforman e regulan a convivencia nas sociedades contemporáneas, complexas e plurais no moral e no ideolóxico. Estes instrumentos inclúen as teses e os conceptos básicos legados polos principais teóricos que reflexionaron sobre o feito moral e acerca das normas xurídicas.

No que atinxe á Ética, a materia debe contribuír ao desenvolvemento da conciencia crítica do alumnado e da súa capacidade para elaborar racional e autonomamente principios e normas universais.

Polo que se refire á Filosofía do Dereito, tamén se pretende ofrecerlle ao alumnado de bacharelato interesado nas ciencias xurídicas unha primeira aproximación ao mundo do Dereito, no que atinxe tanto á súa caracterización, e á súa estrutura, como á problemática da súa validez, do seu sentido e da súa xustificación.

Por último, a materia pretende que o alumnado reflexione sobre os ámbitos da xustiza, a democracia e os dereitos humanos, como espazos ideais de contacto entre o xurídico, o político e o moral, que deben funcionar como metas e patróns de todo proxecto práctico.

## 5.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e

- mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
  - e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
  - f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
  - g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
  - h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu medio social.
  - i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
  - j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
  - k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
  - l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
  - n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
  - n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

### 5.3. Obxectivos xerais para a materia de Ética e Filosofía do Dereito.

1. Analizar, contrastar e interpretar informacións diversas sobre os diferentes aspectos das condutas e códigos morais e da súa teorización ética, realizando actividades de documentación e de indagación, e incorporando a expresión persoal, tanto oral coma escrita, o correspondente vocabulario específico.
2. Comprender as raíces da estrutura moral do ser humano e a xénese histórico-cultural dos códigos morais, analizando criticamente as súas diferentes formas de lexitimación e de reprodución.
3. Caracterizar e avaliar os diferentes tipos e niveis de conciencia moral valorando especialmente aquelas modalidades que comportan o desenvolvemento dunha racionalidade crítica e autónoma.
4. Analizar a funcionalidade dos códigos morais e as frecuentes pretensións etnocéntricas dos mesmos así como o grao de conciencia de dita funcionalidade.

dade, tendo en conta a posibilidade dunha dobre perspectiva de interpretación, interna e acrítica ou externa e crítica.

5. Desenvolver formas de racionalidade dialóxica adoptando as actitudes de empatía, respecto e tolerancia que as fan posibles.

6. Coñecer –fundamentalmente ó traveso da análise de textos– as diferentes interpretacións que do ben moral fan as diversas teorías éticas e apreciar as súas propostas como aportacións valiosas para o desenvolvemento moral tanto persoal como da sociedade contemporánea.

7. Analizar e comprender as relacións entre moral e dereito dende a perspectiva da xustiza, como ideal de imparcialidade, e valorar as posturas de desobediencia civil lexítima –fronte a outros tipos de desobediencia ao Dereito– como manifestacións e esixencias de actitudes morais críticas e orientadas a promover un ordenamento legal máis xusto.

8. Comprender e valorar o significado e alcance da formulación e da proclamación moderna dos dereitos humanos e a problemática da súa implantación práctica, adoptando actitudes de solidariedade e de compromiso consecuentes.

9. Comprender que a dignidade humana ten a súa base na liberdade e autonomía moral do individuo, asumindo, en consecuencia, a primacía da función práctica ou moral da razón como guía última de todo esforzo de emancipación, tanto individual como colectiva.

#### 5.4. Como contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.

No que respecta ás competencias asociadas aos estándares de aprendizaxe, o obxectivo da materia é implicar ao alumnado en procesos que permitan mellorar as súas competencias clave e, malia estaren presentes as **competencias sociais e cívicas**, e a de **comunicación lingüística** en case a totalidade dos estándares, debido á especificidade desta materia, moitos deses procesos afondan na súa **competencia dixital** e no fomento da creatividade e do **sentido da iniciativa**. A **competencia de aprender a aprender** é unha constante nas materias de índole filosófica; a de **conciencia e expresións culturais** trabállase non só no que respecta ao patrimonio cultural filosófico, senón tamén na comparación dos sistemas normativos occidentais cos doutras culturas. Por outra banda, aínda que os contidos desta materia estean bastante afastados dos que resultan máis afíns ás **competencias matemáticas e científico-tecnolóxicas**, tentárase promover as actitudes de rigor no uso de conceptos, de respecto polos datos e de solidez argumental, ademais de valorar os intentos metodolóxicos das teorías do Dereito, para establecer as bases dunha verdadeira ciencia xurídica.



## 5.5. Contidos.

A materia está estruturada en **catro bloques**. O primeiro trata os temas clásicos da ética descritiva e a metaética. O segundo, dedicado á ética prescritiva, presenta as teorías sobre o ben moral dos pensadores e das pensadoras máis salientables da historia da filosofía. O terceiro refírese ao tema do Dereito, tanto de xeito descritivo, expondo o máis básico dunha teoría do dereito, como de xeito fundacional, presentando as posturas que se dan sobre a validez e o sentido das normas xurídicas. Por último, o cuarto bloque está dirixido á reflexión sobre a xustiza, a democracia e os dereitos humanos como ideais morais e xurídicos para a cidadanía do século XXI.

### Bloque 1. A Ética como reflexión filosófica sobre o feito moral.

- B1.1. Ética e moral.
- B1.2. Especificidade do feito moral.
- B1.3. Liberdade e racionalidade humana como condicións da responsabilidade moral.
- B1.4. Determinismos.
- B1.5. Autonomía moral segundo Kant: autoimposición de normas
- B1.6. Características das normas morais.
- B1.7. Normas morais e outros códigos normativos.
- B1.8. Historicidade e variedade social dos códigos morais.
- B1.9. Riscos do etnocentrismo na fundamentación intersubxectivista das normas morais.
- B1.10. Perda de validez e sentido das normas morais nas posicións relativistas.
- B1.11. Límites da fundamentación subxectivista das normas morais.
- B1.12. Fundamentación obxectivista das normas morais. Problema da realidade dos valores.
- B1.13. Falacia naturalista.

### Bloque 2. A ética prescritiva. O problema do ben moral.

- B2.1. Ética prescritiva e morais de segundo nivel.
- B2.2. Pequenos fragmentos de textos referidos ao ben moral de autores como Platón, Aristóteles, Epicuro, autores estoicos, Tomé de Aquino, Kant ou Stuart Mill, entre outros.
- B2.3. O ben moral como felicidade e virtude na Antigüidade e no Medievo: Platón, Aristóteles, epicureísmo, estoicismo e Tomé de Aquino.
- B2.4. O utilitarismo, entre o ben moral como felicidade e o consecuencialismo contemporáneo.
- B2.5. Ética formal kantiana. O ben moral como deber
- B2.6. Deontoloxía, consecuencialismo e éticas da virtude na reflexión ética contemporánea.
- B2.7. Éticas da virtude nas tradicións non occidentais.
- B2.8. O material e o formal-procedemental como bases da análise ética.
- B2.9. O ben común como maior ben na tradición das éticas da felicidade.
- B2.10. Principio e lei universal do dereito en Kant.

B2.11. Tránsito das normas morais derivadas das éticas prescritivas ás normas xurídicas.

### Bloque 3. O Dereito.

- B3.1. Características esenciais distintivas das normas xurídicas.
- B3.2. Comparativa das normas xurídicas fronte ás normas morais. Semellanza, diferenzas e relación dialéctica.
- B3.3. Conflito entre legalidade e moralidade.
- B3.4. Noción e características do ordenamento xurídico.
- B3.5. Lagoas xurídicas e solucións a estas.
- B3.6. Ramas do Dereito
- B3.7. Suxeitos e obxectos para o Dereito
- B3.8. Obriga xurídica e dereitos subxectivos. Dereitos reais e dereitos persoais.
- B3.9. Feito xurídico, acción xurídica, delito e sanción. Carácter coercitivo do Dereito.
- B3.10. Xeración de normas. Órganos xurídicos e competencias.
- B3.11. Aplicación do Dereito. Procedemento xudicial.
- B3.12. Diferenzas entre o Dereito de casos e o Dereito de código.
- B3.13. Características do Dereito de casos anglosaxón.
- B3.14. O Dereito Romano nas compilacións e na codificación de Xustiniano como base do Dereito de códigos.
- B3.15. O código civil napoleónico como modelo das codificacións noutros países.
- B3.16. Dereito de casos anglosaxón.
- B3.17. Tradicións xurídicas non occidentais.
- B3.18. A lexitimación do Dereito nas cosmovisións mítico-relixiosas.
- B3.19. Primeiros intentos de fundamentar filosoficamente o Dereito. Debate entre nomos e physis na sofística grega.
- B3.20. Iusnaturalismo
- B3.21. Posturas de Platón, o estoicismo e Cicerón ao respecto da lei natural.
- B3.22. A lei natural na escolástica de Tomé de Aquino.
- B3.23. O iusnaturalismo na modernidade en filosofía do dereito e en filosofía política.
- B3.24. Positivismo xurídico ou iuspositivismo
- B3.25. Obra de Kelsen. Intento dunha teoría pura do Dereito.
- B3.26. Límites do iuspositivismo

### Bloque 4. A xustiza, a democracia e os dereitos humanos como puntos de encontro da ética, a filosofía do dereito e a filosofía política.

- B4.1. A xustiza como ponte entre o Dereito e a moral.
- B4.2. A xustiza como finalidade do Dereito.
- B4.3. Xustiza distributiva e os outros tipos de xustiza.
- B4.4. Criterios para a xustiza distributiva: necesidade, mérito e igualdade.
- B4.5. A xustiza como imparcialidade de Rawls: situación orixinaria e principios da xustiza.
- B4.6. Democracia: carácter específico da súa lexitimidade.
- B4.7. Léxico xurídico-político asociado ao concepto de democracia.

B4.8. Valores democráticos: liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político.

B4.9. Problema para os dereitos humanos de que o Dereito se identifique co Estado. O Dereito universal como problema e como necesidade.

B4.10. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos como norma fundante dos ordenamentos xurídicos orientados á xustiza global.

B4.11. Situación dos dereitos humanos no mundo do século XXI.

## 5.6. Temporalización.

A materia de Ética e Filosofía do Dereito está dotada dunha carga horaria de dúas horas semanais.

A distribución de contidos por avaliacións quedará como sigue:

- Primeiro trimestre (65 días lectivos, aprox. 28 sesións): Bloques 1 e 2
- Segundo trimestre (52 días lectivos, aprox. 24-26 sesións): Bloque 3
- Terceiro trimestre (56 días lectivos, aprox. 18-20 sesións): Bloque 4

## 5.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A ética como reflexión filosófica sobre o feito moral				
b d e h	1. B1.1. Ética e moral. 2. B1.2. Especificidade do feito moral.	3. B1.1. Entender e apreciar a especificidade do ámbito da moral, valorando a reflexión ética sobre ese campo como camiño para obter unha visión máis racional dunha serie de experiencias constitutivas da persoa, por sérennos obrigadas e por definirmos ao afrontalas.	4. EFDB1.1.1. Discime entre os conceptos de "ética" e "moral", e valora a necesidade da reflexión racional sobre a moralidade como xeito de dar sentido e entender mellor un ámbito ineludible da experiencia de todas as persoas.	5. CCL 6. CAA
			7. EFDB1.1.2. Define "feito moral" e explica con rigor conceptual as características que distinguen os feitos morais doutras facetas da realidade humana, salien-	8. CCL 9. CSC 10. E CSIE

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			tando a construción da propia persoa en cada un dos feitos morais dos que somos suxeitos.	
a b d e g h	11. B1.3. Liberdade e racionalidade humana como condicións da responsabilidade moral. 12. B1.4. Determinismos. 13. B1.5. Autonomía moral segundo Kant: auto-imposición de normas	14. B1.2. Explicar e apreciar o papel da liberdade e a racionalidade na constitución do suxeito como responsable moral e autónomo, recoñecendo como os argumentos dos distintos determinismos poñen límites a esa autonomía, e identificando a defensa que dela fai Kant como condición básica do feito moral.	15. EFDB1.2.1. Elabora, usando a súa iniciativa persoal e empregando ferramentas informáticas, unha presentación na que se recollan situacións en que, ben por falta de liberdade, ben por limitacións da racionalidade, non se lle poida atribuír responsabilidade moral ao suxeito.	16. CD 17. CSIE E
			18. EFDB1.2.2. Investiga, en colaboración grupal, procurando e seleccionando información en internet, acerca de cales son os argumentos empregados polas escolas deterministas, e razoa sobre a incidencia deses argumentos en conceptos morais asociados ao de responsabilidade, como os de mérito e culpa.	19. CD 20. CAA 21. CCL
			22. EFDB1.2.3. Identifica nalgún texto de Kant a súa concepción sobre a persoa como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais, apreciando o valor máximo e innegociable que teñen as persoas segundo esta tese.	23. CCL 24. CSC
b d e	25. B1.6. Características das normas morais. 26. B1.7. Normas morais e outros códigos normativos.	27. B1.3. Recoñecer a especificidade das normas morais, distinguíndoas doutros códigos normativos que tamén regulan a conduta humana.	28. EFDB1.3.1. Enumera e explica con rigor conceptual os caracteres que fan que unha norma poida ser considerada como norma moral.	29. CCL
			30. EFDB1.3.2. Elabora un cadro comparativo de distintos tipos de códigos normativos que regulan a conduta humana, incluíndo o moral, reflexionando sobre a claridade ou a vaguidade dos límites entre os diferentes códigos.	31. CAA 32. CSIE E
a b d e g h	33. B1.8. Historicidade e variedade social dos códigos morais. 34. B1.9. Riscos do etnocentrismo na fundamentación intersubxectivista das normas morais. 35. B1.10. Perda de validez e sentido das nor-	36. B1.4. Manexar e analizar información, procedente de distintos ámbitos, referida ás producións morais humanas (normas e valores), pondo de relevo os aspectos que teñen relación cos contextos históricos e culturais nos que xorden e operan, e valorando	37. EFDB1.4.1. Recoñece e valora criticamente o carácter histórico-cultural dos códigos morais, pondo exemplos deste carácter buscados e seleccionados en internet, e identificando os procesos de reprodución e transmisión deses códigos nos distintos	38. CCEC 39. CD 40. CSC

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	mas morais nas posicións relativistas.	criticamente os riscos enfrontados do etnocentrismo e o relativismo.	contextos históricos e culturais onde xurdiron e operan.  41. EFDB1.4.2. Recoñece os caracteres do etnocentrismo, identificando lexitimacións históricas de imposicións etnocéntricas de normas e valores morais, e amosando especial coidado por evitar esa actitude cando se axuizan valores e normas de culturas alleas.  44. EFDB1.4.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre os riscos de entender que a validez e o sentido das normas morais depende por completo do contexto social en que esas normas xurdiron e operan, para o que propón exemplos obtidos en internet e valora a posibilidade de progreso moral nos códigos, perfilando un camiño que nos puidera apartar á vez dos riscos do etnocentrismo e do relativismo extremo.	42. CCL 43. CSC  45. CAA 46. CD 47. CSC 48. CCL
b e g h	49. B1.11. Límites da fundamentación subxectivista das normas morais. 50. B1.12. Fundamentación obxectivista das normas morais. Problema da realidade dos valores. 51. B1.13. Falacia naturalista.	52. B1.5. Comparar as fortalezas e as debilidades respectivas das posicións subxectivistas e obxectivistas ao respecto da fundamentación das normas morais.	53. EFDB1.5.1. Explica e valora a necesidade de que a norma sexa interior ao suxeito para que poida ser considerada como moral, expondo ao mesmo tempo o problema da existencia doutros suxeitos igualmente lexitimados para emitir normas propias, e valorando criticamente o perspectivismo moral ao que nos conduciría unha postura estritamente subxectivista.  56. EFDB1.5.2. Valora criticamente o intento de fundamentar a validez das normas morais na realidade obxectiva, en forma de entidades ou calidades morais, localizando en internet e describindo algún exemplo dese tipo de fundamentación, e reflexionando sobre a dificultade de establecer criterios para aceptar tanto a realidade desas entidades ou calidades morais como a validez dos coñecementos que puidésemos ter delas.	54. CCL 55. CSC  57. CD 58. CSC 59. CAA 60. CMC CT
			61. EFDB1.5.3. Le	62. CAA

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			textos de Hume e/ou outros/as autores/as nos que se expoña a falacia naturalista, e deseña desde a súa iniciativa argumentos a favor e en contra desa tese.	63. CCL 64. CSIE E
<b>Bloque 2. A ética prescritiva. O problema do ben moral.</b>				
b d e	65. B2.1. Ética prescritiva e morais de segundo nivel.	66. B2.1. Explicar a dimensión prescritiva da ética como base para as morais de segundo nivel, e apreciar a aposta pola racionalidade destes códigos morais	67. EFDB2.1.1. Expón a dimensión prescritiva da ética e a súa utilidade para fundamentar códigos morais racionalmente baseados, disertando por escrito sobre as consecuencias que para a racionalidade supón a variedade destes códigos.	68. CCL 69. CAA
b e h	70. B2.2. Pequenos fragmentos de textos referidos ao ben moral de autores como Platón, Aristóteles, Epicuro, autores estoicos, Tomé de Aquino, Kant ou Stuart Mill, entre outros.	71. B2.2. Analizar textos filosóficos pertencentes ás principais teorías éticas, así como calquera outro que presente un claro contido moral caracterizando as súas interpretacións do ben moral.	72. EFDB2.2.1. Utiliza o rigor e a precisión conceptual e terminolóxica para analizar criticamente textos filosóficos de autores que se ocuparon de definir o ben moral, como Platón, Aristóteles, Epicuro, autores estoicos, Tomé de Aquino, Kant ou Stuart Mill e outros, e identifica neles os trazos máis salientables das súas teorías éticas.	73. CCL 74. CSC
b d e g h m	75. B2.3. O ben moral como felicidade e virtude na Antigüidade e no Medievo: Platón, Aristóteles, epicurismo, estoicismo e Tomé de Aquino. 76. B2.4. O utilitarismo, entre o ben moral como felicidade e o consecuencialismo contemporáneo.	77. B2.3. Examinar o desenvolvemento da idea de ben moral como felicidade, desde a conexión entre felicidade e virtude na Grecia clásica e no cristianismo medieval, ata o xiro cara ao consecuencialismo que lle dan os autores utilitaristas ingleses no século XIX.	78. EFDB2.3.1. Utiliza ferramentas informáticas para elaborar unha liña de tempo que recolla os principais autores da Antigüidade e do Medievo que relacionaron ben moral e felicidade, sinalando en cada un deles os trazos máis característicos da súa reflexión. 82. EFDB2.3.2. Identifica os trazos básicos do utilitarismo, amosando tanto o que o une á tradición clásica das éticas da felicidade como o que o separa delas, por esquecerse da virtude do axente e pór nas consecuencias medibles todo o peso do xuízo moral.	79. CD 80. CAA 81. CSIE E 83. CCL
b e h	84. B2.5. Ética formal kantiana. O ben moral como deber	85. B2.4. Distinguir as principais características da ética formal kantiana e apreciar nela tanto o rigor analítico que o leva á defensa do actuar só por deber, como o innegable valor que lle dá Kant á persoa como suxeito autónomo do moral.	86. EFDB2.4.1. Comenta e explica as tres formulacións do imperativo categórico kantiano, pondo de relevo como cada unha delas (universalidade, persoa como ben en si e autonomía da vontade) contribúe á pura formalidade, e valorando a esixencia de	87. CCL 88. CSC

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			rigor analítico que termina por plasmarse no amor ao deber como norma básica e máxima de acción.	
b d e g h m n	89. B2.6. Deontoloxía, consecuencialismo e éticas da virtude na reflexión ética contemporánea. 90. B2.7. Éticas da virtude nas tradicións non occidentais. 91. B2.8. O material e o formal-procedementa como bases da análise ética.	92. B2.5. Identificar as grandes correntes na reflexión ética contemporánea, incorporando na paisaxe de teorías éticas as reflexións sobre a virtude de tradicións non occidentais, e transferir á análise ética de problemáticas actuais os conceptos e os principios éticos adquiridos.	93. EFDB2.5.1. Elabora, con axuda de ferramentas informáticas, un mapa conceptual explicativo das diferenzas entre as tres grandes correntes éticas actuais (a deontoloxía, o consecuencialismo e as éticas da virtude), imaxinando situacións onde se manifesten as diferenzas entre as análises.	94. CD 95. CAA 96. CSIE E
			97. EFDB2.5.2. Procura información sobre o tratamento da virtude en distintas tradicións non occidentais, e compón un pequeno relato en que o/a protagonista se enfronte a unha situación onde ten que escoller entre cumprir cunha virtude e alcanzar outros fins.	98. CCL 99. CD 100. CCEC 101. CSIE E
			102. EFDB2.5.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre problemáticas éticas contemporáneas, identificando as posicións que sobre eses problemas manteñen as teorías éticas, e incorporando na súa análise moral tanto o plano material como o formal-procedementa das normas, transferindo a situacións concretas os conceptos e os principios éticos adquiridos.	103. CCL 104. CAA 105. CSC
a b d e g h	106. B2.9. O ben común como maior ben na tradición das éticas da felicidade. 107. B2.10. Principio e lei universal do dereito en Kant. 108. B2.11. Tránsito das normas morais derivadas das éticas prescritivas ás normas xurídicas.	109. B2.6. Explicar o papel central da idea de ben común nas éticas da felicidade, e relacionar o principio e a lei universal do dereito de Kant coa súa ética do deber, valorando como en ambos os casos as éticas prescritivas apuntan á necesidade dunha norma xurídica externa que conxugue a convivencia social coa realización das normas éticas.	110. EFDB2.6.1. Analiza textos de Aristóteles e de Stuart Mill onde se poña de relevo o carácter supremo do ben común.	111. CCL 112. CSC
			113. EFDB2.6.2. Explica o principio universal do dereito e a lei universal do dereito, expondo como se formula con eles a reconciliación entre o respecto máximo ao individuo como libre e ben supremo e a harmonización necesaria entre distintas vontades autónomas obrigadas a convivir.	114. CCL
			115. EFDB2.6.3. Participa nun foro nalgunha plataforma informática onde se debata se a ética preci-	116. CCL 117. CSC 118. CAA

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sa do dereito para a súa realización plena, ou se poderíamos vivir só con normas morais, argumentando a súa posición con rigor terminolóxico e conceptual, amosando respecto cara ao resto de participantes e tolerancia cara ás súas preferencias e os seus puntos de vista, e tendo como guía de debate a racionalidade, a orde e a soledade dos argumentos empregados.	119. CSIE E 120. CD 121. CMC CT
<b>Bloque 3. O Dereito</b>				
a b e n	122. B3.1. Características esenciais distintivas das normas xurídicas.	125. B3.1. Identificar as características esenciais que distinguen as normas xurídicas doutros sistemas normativos, e comprender a problemática relación que ten o dereito coas normas morais, que se plasma nos casos de conflito entre legalidade e moralidade.	126. EFDB3.1.1. Distingue as características propias das normas xurídicas, pondo exemplos propios de como outros códigos normativos non reúnen todos eses trazos.	127. CCL 128. CSIE E
	123. B3.2. Comparativa das normas xurídicas fronte ás normas morais. Semellanza, diferenzas e relación dialéctica.		129. EFDB3.1.2. Explica e caracteriza con precisión a noción de dereito e a súa conexión cos principios básicos da moralidade, salientando as posibles semellanzas, diferenzas e relacións dialécticas entre as normas morais e as legais.	130. CCL 131. CSC
	124. B3.3. Conflito entre legalidade e moralidade.		132. EFDB3.1.3. Procura información sobre a traxedia de Antígona e, tomándoa como referencia, analiza outros casos, reais ou ficticios (literarios ou cinematográficos) de dilemas e conflitos entre moralidade e legalidade.	133. CCL 134. CSC 135. CCEC
a b d e g l m n	136. B3.4. Noción e características do ordenamento xurídico.	139. B3.2. Define o ordenamento xurídico en relación coa comunidade política, e valora a pretensión de que o ordenamento sexa completo e consistente, reflexionando sobre os problemas xerados pola presenza de lagoas ou baleiros xurídicos, e recoñecendo as ramas do dereito incluídas no ordenamento.	140. EFDB3.2.1. Expón con rigor conceptual a noción de ordenamento xurídico, referíndoo á comunidade política en que impera e indicando que características presenta a súa estrutura das normas, con aprecio á racionalidade intrínseca no feito de que os ordenamentos aspiren a ser ordenados, completos e consistentes.	141. CCL 142. CSC 143. CMC CT
	137. B3.5. Lagoas xurídicas e solucións a estas.		144. EFDB3.2.2. Investiga casos de lagoas xurídicas, usando distintas fontes, e utiliza a súa iniciativa persoal para imaxinar unha situación de lagoa xurídica e expor argumen-	145. CD 146. CSIE E 147. CCL
	138. B3.6. Ramas do dereito			



Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			tadamente o problema que supón para o ordenamento e suxerir unha posible solución.	
			148. EFDB3.2.3. Utiliza, en colaboración grupal, a técnica de brainstorming para recoller un abano moi variado de normas, e logo procura e selecciona información de distintas fontes e xera, coa axuda de medios informáticos, un mapa conceptual das ramas do dereito, define o obxecto propio de cada unha delas e sinala en que rama se situaría cada unha das normas antes recollidas.	149. CAA 150. CD 151. CSC 152. CCL
a b e g	153. B3.7. Suxeitos e obxectos para o dereito 154. B3.8. Obriga xurídica e dereitos subxectivos. Dereitos reais e dereitos persoais. 155. B3.9. Feito xurídico, acción xurídica, delito e sanción. Carácter coercitivo do dereito.	156. B3.3. Coñecer e utilizar con rigor os conceptos básicos do dereito (persoa, suxeito activo, suxeito pasivo, ben, propiedade, obriga, prestación, dereito real, dereito persoal, acción xurídica, delito, sanción, suposto xurídico, carácter coercitivo do dereito, etc.).	157. EFDB3.3.1. Realiza, usando ferramentas informáticas, un glosario cos conceptos básicos do dereito que inclúa termos como persoa, suxeito activo, suxeito pasivo, ben, propiedade, obriga, prestación, dereito real, dereito persoal, acción xurídica, delito, sanción, suposto xurídico, carácter coercitivo do dereito, etc., e fai un uso rigoroso deses termos en preferencias tanto orais como escritas.	158. CAA 159. CD 160. CCL
b d e g m	161. B3.10. Xeración de normas. Órganos xurídicos e competencias. 162. B3.11. Aplicación do dereito. Procedemento xudicial.	163. B3.4. Recoñecer o carácter dinámico do dereito, tanto na súa vertente de xeración de novas normas por parte de órganos xurídicos competentes, como na vertente da aplicación das normas vixentes nos procedementos xudiciais, e usar con precisión e fluidez o léxico propio destes dous procesos xurídicos.	164. EFDB3.4.1. Presenta nunha composición escrita distintos procedementos de creación de normas por parte de órganos xurídicos competentes que se dan no ordenamento español, reflexionando argumentadamente sobre o motivo que pon en marcha o proceso, os posibles problemas de competencias entre órganos que poden aparecer, e os problemas de coherencia e xerarquía entre normas derivados do encaixe da nova norma co ordenamento vixente. 167. EFDB3.4.2. En colaboración grupal, procura e selecciona información en distintas fontes sobre o procedemento xudicial, e usa esa información para realizar unha presentación en soporte informático dun caso penal hipotético, que inclúa unha liña do tempo desde a comisión do delito	165. CCL 166. CSC 168. CD 169. CSC 170. CCL 171. CSIE E 172. CCEC

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ata a resolución do caso na xustiza penal, describindo con precisión o papel que xogan os axentes xurídicos en cada momento do procedemento.	
b d e g h m n	173. B3.12. Diferenzas entre o dereito de casos e o dereito de código.	179. B3.5. Expor as diferenzas entre as tradicións xurídicas do dereito de casos anglosaxón e o dereito de código continental, valorando os fitos históricos que para este último supuxeron a elaboración dunha compilación e codificación do dereito romano emprendida polo emperador Xustiniano e o código civil napoleónico, así como recoñecer e valorar outras tradicións xurídicas de corte non occidental.	180. EFDB3.5.1. Define xurisprudencia e distingue, a partir do papel xogado por esta figura, as tradicións do dereito de casos ("common law") e o dereito de código ("civil law"), sinalando vantaxes e inconvenientes que atope en cada tradición.	181. CCL 182. CSC
	174. B3.13. Características do dereito de casos anglosaxón.		183. EFDB3.5.2. Identifica as características do dereito anglosaxón de casos, usando a súa iniciativa para as exemplificar con referentes literarios ou da cultura popular audiovisual.	184. CCEC 185. CSIE E
	175. B3.14. O dereito romano nas compilacións e na codificación de Xustiniano como base do dereito de códigos.		186. EFDB3.5.3. Procura e selecciona información en internet, e realiza, en colaboración grupal, unha wiki na que os contidos destaquen o mantemento nos códigos civís actuais de categorías, institucións, conceptos e normas do dereito romano tal e como foi compilado polo emperador Xustiniano.	187. CD 188. CAA 189. CSC
	176. B3.15. O código civil napoleónico como modelo das codificacións noutros países.		190. EFDB3.5.4. Elabora un pequeno traballo de investigación sobre a orixe e o sentido do código civil napoleónico no contexto da Revolución Francesa, e a súa enorme influencia na lexislación doutros moitos países que manteñen un dereito de código.	191. CAA 192. CCL
	177. B3.16. Dereito de casos anglosaxón.		193. EFDB3.5.5. Utiliza a súa iniciativa para atopar información sobre algunha tradición xurídica de corte non occidental, como as do oriente asiático, a hindú, a musulmá, etc., e diserta argumentadamente sobre os seus trazos esenciais, analizándoa nos seus logros e nas súas carencias, e comparándoa co dereito de códigos continental e o dereito de casos anglosaxón.	194. CD 195. CSIE E 196. CCEC 197. CSC
d	178. B3.17. Tradicións xurídicas non occidentais.			
	198. B3.18. A lexitimación do dereito nas cosmo-	199. B3.6. Describir o papel xogado polos discurs-	200. EFDB3.6.1. Le algún texto de carácter mí-	201. CCL

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	visións mítico-relixiosas.	<p>os lexitimadores do dereito, e recoñecer algunha das primeiras xustificacións, producidas en sociedades onde imperaban as cosmovisións mítico-relixiosas</p>	<p>tico-relixioso no que se faga referencia á orixe e ao valor dos códigos xurídicos, e analízao e coméntao á luz do fragmento do Eutífron platónico, onde se discute a fundamentación relixiosa da xustiza.</p>	<p>202. CSC 203. CCEC</p>
b d e h	<p>204. B3.19. Primeiros intentos de fundamentar filosoficamente o dereito. Debate entre <i>nomos</i> e <i>physis</i> na sofística grega.</p>	<p>205. B3.7. Explicar e valorar o papel dos pensadores sofistas ao debater sobre o criterio de validez das normas da pole, diferenciándoas claramente das leis naturais, e recoñecer algunha das posturas máis salientables neste debate.</p>	<p>206. EFDB3.7.1. Procura e selecciona información sobre a figura e o pensamento de autores sofistas como Protágoras, Critias, Antífote, Gorgias, Hipias, Trasímaco, Calicles e outros, e, en colaboración grupal, realiza un cadro esquemático coas posturas máis salientables de cada un ao respecto da validez da norma social ou <i>nomos</i>.</p>	<p>207. CD 208. CSC 209. CCL</p>
b d e g h	<p>210. B3.20. Iusnaturalismo</p> <p>211. B3.21. Posturas de Platón, o estoicismo e Cicerón ao respecto da lei natural.</p> <p>212. B3.22. A lei natural na escolástica de Tomé de Aquino.</p> <p>213. B3.23. O iusnaturalismo na modernidade en filosofía do dereito e en filosofía política.</p>	<p>214. B3.8. Recoñecer os fitos máis importantes do iusnaturalismo, desde as posturas de Platón, o estoicismo e Cicerón na antigüidade clásica, pasando pola reflexión sobre a lei natural en Tomé de Aquino, e identificar as características do iusnaturalismo na modernidade, comparando o iusnaturalismo en filosofía política co que se dá en filosofía do dereito.</p>	<p>215. EFDB3.8.1. Define a posición iusnaturalista e analiza textos clásicos de Platón, Cicerón e autores estoicos onde se evidencie a existencia desa lei natural que pode ser coñecida polos seres humanos.</p> <p>218. EFDB3.8.2. Expón a posición da lei natural no contexto da teoría da lei de Tomé de Aquino, identificando os ámbitos da acción humana nos que se manifesta, e argumentando a posición subsidiaria en que queda a lexislación positiva sobre eses ámbitos.</p> <p>220. EFDB3.8.3. Procura información en internet sobre o xurdimento do iusnaturalismo na modernidade nas obras de Grocio, Pufendorf ou Tomasio, e elabora un mapa conceptual onde se recollen tanto as características dese movemento que o diferencian do iusnaturalismo clásico, como as relacións de semellanza e distinción que gardan as escolas iusnaturalistas en filosofía do dereito e filosofía política.</p>	<p>216. CCL 217. CSC</p> <p>219. CCL</p> <p>221. CD 222. CCL 223. CSC 224. CAA</p>
d e g h l m	<p>225. B3.24. Positivismo xurídico ou iuspositivismo</p> <p>226. B3.25. Obra de Kelsen. Intento dunha teoría pura do dereito.</p> <p>227. B3.26. Límites do iuspositivismo</p>	<p>228. B3.9. Definir o positivismo xurídico ou iuspositivismo, comprendendo como e por que quen defende esta corrente, en especial o pensador HansKelsen, presenta unha separación radical entre</p>	<p>229. EFDB3.9.1. Diserta sobre os problemas que formulan as fundamentacións iusnaturalistas do dereito, relacionándoos cos que se lles presentaban ás posicións obxectivistas en ética, e expón con rigor as</p>	<p>230. CCL 231. CSC</p>

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		moral e dereito como necesaria para a formulación dunha teoría pura do dereito, estimando o intento de facer do dereito un ámbito de estudo estritamente científico, pero sendo conscientes dos límites desta posición e avaliando criticamente un dereito que se pretenda completamente amoral.	teses básicas do iuspositivismo. 232. EFDB3.9.2. Procura e selecciona información en distintas fontes sobre o libro "Teoría pura do dereito", de Hans Kelsen, e elabora, en colaboración grupal, un esquema dos temas máis importantes tratados nel, facendo especial incidencia na separación entre dereito e moral, a concepción do dereito como unha árbore xerárquica baseada na norma fundante, ou o carácter coercitivo das normas, que apuntan ao exercicio do poder, e valorando o intento de "purificar" o coñecemento xurídico para o converter nun discurso estritamente científico.	233. CD 234. CCL 235. CAA 236. CMC CT
			237. EFDB3.9.3. Participa nun debate en grupo sobre os riscos contrarios de naturalizar ou positivizar completamente o dereito, expondo de xeito argumentado as súas propias conclusións sobre as limitacións de ambos os enfoques, e amosando respecto e tolerancia polas razóns achegadas por outras persoas que poidan disentir.	238. CCL 239. CSC 240. CSIE E
<b>Bloque 4. A xustiza, a democracia e os dereitos humanos como puntos de encontro da ética, a filosofía do dereito e a filosofía política</b>				
a b c d e	241. B4.1. A xustiza como ponte entre o dereito e a moral. 242. B4.2. A xustiza como finalidade do dereito.	243. B4.1. Recoñecer a dimensión intersubxectiva da xustiza como elemento que lle permite funcionar como nexa entre a moral e o dereito, comprendendo o seu papel como finalidade dos ordenamentos xurídicos.	244. EFDB4.1.1. Identifica no concepto de xustiza a referencia á intersubxectividade e aos criterios para repartir bens, dereitos, obrigas e cargas entre os membros dun grupo, e explica como estes trazos permiten que sirva coma ponte entre o ámbito da moral e o do dereito, podendo ser tomada como a finalidade última dos ordenamentos xurídicos.	245. CSC 246. CCL
a b c d e g m	247. B4.3. Xustiza distributiva e os outros tipos de xustiza. 248. B4.4. Criterios para a xustiza distributiva: necesidade, mérito e igualdade. 249. B4.5. A xustiza	250. B4.2. Definir os tipos de xustiza e distinguir os criterios que poden orientar a xustiza distributiva, valorando a teoría da xustiza como imparcialidade de John Rawls ao respecto, e distinguindo as	251. EFDB4.2.1. Explica o concepto de xustiza distributiva, comparándoa cos outros tipos de xustiza. 253. EFDB4.2.2. Usando a técnica de brainstorming en colaboración	252. CCL 254. CCL 255. CAA

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n	como imparcialidade de Rawls: situación orixinaria e principios da xustiza.	teses básicas desta teoría	grupal, identifica as vantaxes e os inconvenientes que presenta cada un dos principais criterios de aplicación da xustiza distributiva (necesidade, igualdade e mérito), argumenta de xeito rotatorio a favor de cada un dos criterios e extrae as súas propias conclusións.	256. CSC 257. CSIE E
			258. EFDB4.2.3. Realiza, en colaboración grupal e usando a súa creatividade, unha presentación audiovisual onde se presenten as teses básicas da teoría da xustiza de John Rawls, a da posición orixinal e os dous principios da xustiza, como criterios para comprobar a xustiza de determinadas situacións ou accións.	259. CSC 260. CSIE E 261. CD 262. CAA 263. CCEC
a b c d e g h m n	264. B4.6. Democracia: carácter específico da súa lexitimidade.	267. B4.3. Describir e valorar o carácter específico da lexitimidade democrática, usar con rigor o léxico xurídico-político asociado a este concepto, e distinguir na liberdade, a igualdade, a solidariedade e o pluralismo político os valores irrenunciabes que inspiran os sistemas democráticos.	268. EFDB4.3.1. Explica como a democracia é a forma de goberno que máis se adecúa ao ideal de xustiza, comprendendo e valorando o carácter específico da lexitimidade democrática fronte a outras modalidades de lexitimación.	269. CCL 270. CSC
	265. B4.7. Léxico xurídico-político asociado ao concepto de democracia.		271. EFDB4.3.2. Procura e selecciona información en internet e realiza, en colaboración grupal, unha wiki sobre a democracia, onde se recollan, polo menos, os seguintes ítems: as formas de goberno alternativas, as regras básicas do xogo democrático, as súas dimensións social e liberal, os seus tipos con respecto á distribución territorial da soberanía, a representatividade, os tipos de elección, os poderes, etc.	272. CD 273. CCL 274. CSC 275. CAA 276. CSIE E
	266. B4.8. Valores democráticos: liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político.		277. EFDB4.3.3. Identifica e define con rigor os valores esenciais dos sistemas democráticos (liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político) e, en colaboración grupal, elabora a presentación dunha distopía onde un deses valores desaparecera.	278. CCL 279. CSC 280. CSIE E 281. CCEC
a	282. B4.9. Problema para os dereitos humanos	285. B4.4. Recoñecer os problemas que para a	286. EFDB4.4.1. Explica as limitacións aos	287. CCL

Ética e Filosofía do Dereito. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b c d e g h	de que o dereito se identifica co Estado. O dereito universal como problema e como necesidade. 283. B4.10. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos como norma fundante dos ordenamentos xurídicos orientados á xustiza global. 284. B4.11. Situación dos dereitos humanos no mundo do século XXI.	realización dos ideais de xustiza, democracia e dereitos humanos supón o feito de que haxa tantos ordenamentos xurídicos como estados, valorar os movementos a favor dunha internacionalización cada vez maior dos dereitos, e usar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos como base xurídica de todos os dereitos internacionais, e ideal desde onde analizar ética e xuridicamente os acontecementos máis salientables da actualidade.	ideais de democracia, xustiza e dereitos humanos derivadas do feito de que os ordenamentos xurídicos sexan estatais, reflexiona sobre a problemática do dereito internacional, e formula as súas propias conclusións ao respecto dos medios para facer real unha xustiza global, valorando a contribución das institucións internacionais nese sentido.	288. CSC
			289. EFDB4.4.2. Analiza os artigos da Declaración e valóraos como posible norma fundante (no sentido de Kelsen) dos ordenamentos xurídicos xustos.	290. CCL 291. CSC
			292. EFDB4.4.3. Selecciona e integra fontes de información diferentes, e transfere conceptos desenvolvidos ao longo do proceso de aprendizaxe a situacións e acontecementos salientables da actualidade (discriminación, tortura, terrorismo, fundamentalismo, ausencia de liberdades, etc.), examinándoos á luz da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e argumentando sobre eles, amosando tolerancia e respecto cara ás opinións das demais persoas, pero guiándose polo rigor, a coherencia e a solidez dos argumentos empregados.	293. CD 294. CCL 295. CSC 296. CMC CT

## 5.8. Metodoloxía.

Ademais dos principios e estratexias que sinalamos con carácter xeral para todas as materias na Programación do Departamento, a materia optativa de Ética e Filosofía do Dereito organizarase de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

-Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.

-Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.

-Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula,

combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.

-Motivación: procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.

-Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos desta materia e os doutras disciplinas doutras áreas.

-Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

-Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os **criterios de avaliación transversais** a todas as disciplinas de carácter filosófico, que son os seguintes:

1.Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados.

2.Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.

3.Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.

4.Analizar e argumentar sobre propostas filosóficas, elaborando de forma colaboradora esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

## 5.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### 5.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS propostos e OBSERVACIÓN directa do alumno.

**-O 70% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais.**

A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 6 desta Programación.

**-O 25% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno.**

Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os **traballos de investigación e a súa exposición en clase**, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.

**-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno.**

Valorarase a participación na clase, a asistencia, a puntualidade, a colaboración na aula e nas actividades, a actitude e boa disposición, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

PROCEDEMENTO	MÍNIMO	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO
Cuestionario (1/2 por av.)	5 puntos sobre 10	70 %	Examen
Traballos propostos e exposición na clase.	Nivel C na rúbrica de avaliación de traballos escritos.	25 %	Rúbrica
Observación directa do alumno	Asistencia, puntualidade e participación regulares	5 %	Observación diaria por parte do profesorado.

**Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes.**

Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a **cualificación final** do curso será a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un **traballo de ampliación** –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

**5.9.2 Actividades de recuperación:** A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames



correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

**5.9.3 Avaliación extraordinaria:** Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberán presentarse a un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

**5.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.**

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.	A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.	A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.
CONTIDO	O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás	O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento bo dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes	O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.

	fontes de onde se obtivo.		de onde se obtivo.	
<b>VOCABULARIO</b>	Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.	Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún erro.	Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.	O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.
<b>GRAMÁTICA</b>	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.	Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.	Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Non comete ningún erro ortográfico.	Comete un ou dous erros ortográficos.	Comete entre tres e cinco erros ortográficos.	Comete máis de cinco erros ortográficos.
<b>PRESENTACIÓN</b>	A presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada e coidada, pero non é atractiva e inclúe algún recurso visual (fotografía, gráfico...).	A presentación do traballo non é esmerada, é descoidada e non resulta atractiva, e non inclúe recursos visuais.
<b>ENTREGA</b>	Cumpre o prazo establecido para a entrega do traballo.	Atrásase na entrega do traballo, pero faino no mesmo día do prazo establecido.	Atrásase na entrega do traballo un ou varios días despois do prazo establecido.	Non entrega o traballo no prazo establecido.

### 5.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación.

En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de traballos que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCCIÓN	
<b>DIVERSIDADE NA COMPREENSÓN</b>	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos dacordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se plantexan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
<b>DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.		
<b>DIVERSIDADE DE INTERÉS E MOTIVACIÓN</b>	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas á súa realidade.	

<b>DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en algunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grado de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se plantexan.	Propoñer problemas dacordo ás súas capacidades para ir desenvolvendoas.	
<b>DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN</b>	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

### 5.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.

Este Departamento non esixe ningún libro de texto en concreto para a materia de Ética e Filosofía do Dereito, aínda que recomenda o emprego como material de consulta da obra de Pedro Pérez Vérez e Luis Otero Couso: *Ética e Filosofía do Dereito*. 2º de Bacharelato. Ed. Xerais. O profesor encargado anualmente da materia recomendará, no seu caso, o libro de texto e/ou outros materiais da súa elección.

Tamén empregaranse como material de referencia os numerosos textos e recursos didácticos audiovisuais que aparecen no portal web Ética e Filosofía do Dereito: <http://nexusfilosofia.org/dereito/index.htm>

Outros enlaces útiles en relación coa materia e coa filosofía en xeral:

### **Enciclopedias**

<http://www.RedAnimal.com/EnciclopediaRedAnimal/Indice%20Enciclopedia.htm>

[www.icarito.cl/enc\\_virtual/c\\_nat](http://www.icarito.cl/enc_virtual/c_nat)

<http://www.encyclonet.com>

### **Páxinas de opinión, artigos e foros:**

[www.casalibertad.org](http://www.casalibertad.org)

<http://www.glocalrevista.com>

<http://perso.wanadoo.es/jupin/filosofia>

<http://www.sindominio.net/tortugamorada/>

[www.carbonell.com.ar](http://www.carbonell.com.ar)

[www.un.org/Pubs/CyberSchoolBus/](http://www.un.org/Pubs/CyberSchoolBus/) (Páxina educativa da ONU)

<http://Centro5.pntic.mec.es/ies.avenida.de.los.toreros/revista.htm> (revista interactiva Gaia)

[www.a-i.es](http://www.a-i.es)

[www.monografias.com](http://www.monografias.com)

### **Filosofía do dereito**

<http://www.iepala.es/DDHH>

[www.derechos.or.ve](http://www.derechos.or.ve)

<http://www.mju.es>

### **Filosofía política**

[www.civnet.org](http://www.civnet.org)

<http://www.geocities.com/CapitolHill/3103/Globalizacion.htm>

### **Filosofía en xeral**

<http://www.filosofia.net>

<http://usuarios.tripod.es/akademos>

[www.cibernous.com](http://www.cibernous.com)

## **5.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.**

Co fin de poder mellorar a programación didáctica dos vindeiros anos recómendase:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizar unha comprobación dos indicadores que se especifican no cadro seguinte:

### **ESCALA: 1 2 3 4**

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.

7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
10. Adecuación do libro de texto.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos etc.
13. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.

## 6. Programación didáctica de Historia da Filosofía.

### Materia optativa de Segundo Curso de Bacharelato

6.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.

6.2. Obxectivos xerais por curso.

6.3. Obxectivos xerais para a materia.

6.4. Como contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.

6.5. Contidos.

6.6. Temporalización.

6.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe

6.8. Metodoloxía.

6.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

6.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

6.9.2 Actividades de recuperación.

6.9.3 Avaliación extraordinaria.

6.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.

6.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación

6.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector

6.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación



## 6.1 Introdución. Contextualización e xustificación da materia.

A Historia da Filosofía, materia optativa de Segundo Curso de Bacharelato proporciona sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas e conceptos que se presentaron nas materias de Filosofía de Cuarto Curso de ESO e Filosofía de Primeiro de Bacharelato. Deste xeito, contribúe a un desenvolvemento integral dos alumnos de Bacharelato, permitíndolles valorar a súa existencia como ser pensante e autónomo, reflexionar acerca das crenzas, ideas e conviccións propias e do mundo no que habitan, e asumilas, rexeitalas ou modificalas dun xeito crítico e razoado.

Frente ao enfoques meramente cronolóxicos ou doxográficos habituais na materia, tentaremos realizar una historia do pensamento occidental baseada nos principais problemas plantexados historicamente pola nosa cultura, cuxa continuidade sexa posible rastrexar e describir ao longo dos séculos. Trataremos de comprender o pasado e o desenvolvemento histórico das principais cuestións que teñen ocupado aos pensadores occidentais (o coñecemento, a moral, a política, etc.) para proporcionar uns coñecementos e destrezas que permitan ao alumnado abordar os problemas do seu presente e do futuro. Repensando criticamente o que pensaron outros e pensando con outros, a materia de Historia da Filosofía trata de estimular o pensamento autónomo do alumno para que este sexa capaz xerar as súas propias ideas, comprendendo de onde proceden e mantendo una actitude tolerante cos que manteñen ideas diferentes.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao Bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

## 6.2 Obxectivos xerais por curso.

No ámbito da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles facultan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución

- española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
  - c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
  - d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
  - e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.
  - f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
  - g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
  - h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
  - i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
  - l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
  - m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
  - n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
  - ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
  - o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

### 6.3 Obxectivos xerais para a materia.

A Historia da Filosofía é unha materia que pon o alumnado en contacto coa historia das ideas do pensamento occidental, á vez que facilita os recursos necesarios para a comprensión do seu desenvolvemento e as relacións que se dan entre elas. O coñecemento da Historia da Filosofía contribúe á educación de persoas autónomas, con capacidade de pensamento crítico e propio, dado que, como nos ensinou Kant, a filosofía se fundamenta na autonomía da propia razón e no xuízo crítico das ideas, tanto alleas coma propias.

A Historia da Filosofía contribúe ao desenvolvemento persoal e á formación da propia identidade, ao formularlle ao alumnado cuestións de significado profundo sobre a súa propia existencia e o marco social no que se

desenvolve, permitiéndolle unha maior capacidade de participación nos procesos sociais, culturais e económicos nos que está inmerso e nos cambios da sociedade actual; pero, ademais, contribúe activamente ao desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe, que permitirá ao alumnado adquirir as competencias e as habilidades necesarias para o desenvolvemento de actividades complexas e da capacidade de aprender ao longo de toda a vida.

Por todo iso, a Historia da Filosofía preséntase como unha materia que persegue conseguir o logro da maior parte dos obxectivos e as competencias do Bacharelato: tanto os relacionados co desenvolvemento persoal e social (autonomía, capacidade crítica e de diálogo), o exercicio da cidadanía democrática e o desenvolvemento dunha conciencia cívica ou o fomento da igualdade de dereitos entre homes e mulleres, como os que permiten alcanzar os coñecementos, as capacidades do pensamento abstracto e as habilidades da investigación e o traballo intelectual, ademais dos referidos aos hábitos de estudo, aos recursos orais e de uso das tecnoloxías da información e a comunicación e ao afianzamento de actitudes de asertividade, iniciativa e traballo en equipo.

Coa materia de Historia da Filosofía alcánzanse unha gran diversidade de habilidades cognitivas (a través do desenvolvemento do pensamento abstracto), permítese o logro das competencias transversais (como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar) e transmítense actitudes (como a confianza, o entusiasmo ou a constancia), ao valorar o esforzo da filosofía por resolver os grandes problemas do ser humano e a súa sociedade en todas as épocas.

A materia preséntase en continuidade coa Filosofía de 4.º de ESO e de 1.º de Bacharelato, desenvolvendo desde a perspectiva histórica as problemáticas que se viron en cursos anteriores, e presentando no pensamento de cada filósofo estudado as súas achegas con respecto aos núcleos temáticos que se trataron nestas materias.

#### **6.4 Como contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

Nesta Programación de Historia da Filosofía para 2.º de Bacharelato potenciamos o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, conciencia e expresións culturais e as competencias sociais e cívicas. Evidentemente, o resto das competencias tamén foron consideradas, particularmente o fomento da aprendizaxe autónoma (aprender a aprender). Para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, realízanse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Ademais, cabe lembrar que serán os estándares de aprendizaxe avaliables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao seren postos en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

#### Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

Na medida na que a Historia da Filosofía é unha disciplina fundamentalmente racional, discursiva e conceptual, os estudantes deberán practicar a comprensión textual, a definición de termos específicos da materia, a expresión escrita, a adecuación a certos contextos de comunicación e a comunicación oral en debates e argumentacións en clase.

#### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Na medida en que a filosofía foi historicamente a nai de diferentes disciplinas científicas, e que tamén abordou cuestións como a estrutura do coñecemento científico e as consecuencias da tecnoloxía para a vida humana, esta competencia é crucial neste proxecto. Diversos autores da historia da filosofía tamén tiveron un papel relevante no desenvolvemento da ciencia moderna, como o caso de Bacon, Galileo ou Descartes, por exemplo.

#### Competencia dixital (CD)

A competencia dixital trabállase fundamentalmente mediante tarefas de busca en Internet e a preparación de traballos de exposición en clase. Por outra parte, tamén se intenta fomentar o uso de novas tecnoloxías na exposición didáctica por parte do profesorado.

### Aprender a aprender (CAA)

Foméntase a autonomía dos estudantes e o seu desenvolvemento como aprendices capaces de xerar novo coñecemento a partir dos contidos impartidos en clase. Así mesmo, na clase pódense traballar actividades orientadas a crear hábitos de esquematización, resumo e definición, que son básicos para posibilitar a autonomía no estudo.

### Competencias sociais e cívicas (CSC)

A función social da filosofía e a súa vinculación coa teoría da sociedade implican que a reflexión sobre os valores sociais e morais, os hábitos, etc., sexa parte ineludible do labor filosófico. Por unha parte, a reflexión sobre a sociedade e a política é consubstancial á historia da filosofía. Por outra, ademais, preténdese cultivar a capacidade de diálogo e de entendemento a través de actividades participativas, como o debate.

### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE)

Valores como o liderado, a creatividade, a iniciativa persoal ou a autonomía non son alleos á educación filosófica. Capacidades como a argumentación, o razoamento ou a exposición pública están ligadas ao fomento da iniciativa individual. O diálogo coa historia da filosofía permite desenvolver o pensamento propio e crítico ao enfrontarse a diversas opcións teóricas.

### Conciencia e expresións culturais (CEC)

A importancia da cultura, a arte, a historia, etc., e a necesaria conciencia do seu valor, tamén desempeñan un rol crucial na materia Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato. Polo demais, a conexión entre a filosofía e o ámbito da cultura en xeral é evidente, e, polo tanto, cómpre fomentar unha actitude de respecto, de tolerancia e de coñecemento do amplo patrimonio cultural que constitúe a nosa forma de vida.

## 6.5 Contidos.

A materia está organizada en **cinco bloques**: o primeiro é transversal e, polo tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia;

os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época

### Bloque 1. Contidos transversais.

B1.1. Comentario de texto.

B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.

B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.

B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.

### Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga

B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.

B2.2. Dialéctica socrática.

B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas

B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.

B2.5. A física de Demócrito.

B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.

B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.

B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo.

B2.9. Científicos helenísticos.

B2.10. A Biblioteca de Alexandría.

### Bloque 3. A filosofía medieval

B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade.

B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.

B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.

### Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración

- B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.
- B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.
- B4.3. Implicacións da revolución científica.
- B4.4. Realismo político de Maquiavelo.
- B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.
- B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.
- B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto
- B4.8. Locke: liberalismo político.
- B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.
- B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.
- B4.11. Lei Moral e paz perpetua.
- B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.
- B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.

#### Bloque 5. A filosofía contemporánea

- B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.
- B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.
- B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.
- B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.
- B5.5. A vontade en Schopenhauer.
- B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.
- B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.
- B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.
- B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.
- B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual.

## 6.6 Temporalización.

A distribución de contidos por avaliacións quedará como sigue:

- Primeiro trimestre (65 días lectivos, 40 sesións). Bloques 1 (técnicas de análise) e 2.
- Segundo trimestre (52 días lectivos\*, aprox. 38 sesións). Bloques 3 e 4.
- Terceiro trimestre (56 días lectivos\*, aprox. 20 sesións): Bloque 5.

## 6.7 Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Contidos transversais</b>				
b d e h	B1.1. Comentario de texto. B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	CCL
			HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	CAA CCL
			HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.	CAA CCL
a b c d e	B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.	HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.	CCL CSIEE
			HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns.	CSC
b	B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da	B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os proce-	HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada	CAA



Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e g m	filosofía.	dementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.	autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícao nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.	
			HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícao con rigor.	CAA CCL
			HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.	CD
			HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.	CSIEE
d g m	B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.	B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.	HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.	CD
			HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.	CD
			HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	CD
<b>Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga</b>				
b c d	B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.	B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón,	HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, epis-	CCL

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e h	B2.2. Dialéctica socrática. B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.	analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.	teme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mimese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.	
			HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	CCL
			HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.	CAA
			HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	CSC
b d e h	B2.5. A física de Demócrito. B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles. B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.	B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga.	HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.	CCL
			HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na	CCL

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón.	
			HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles.	CAA
			HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	CMCCT
d e h l	B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo. B2.9. Científicos helenísticos. B2.10. A Biblioteca de Alexandria.	B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandria.	HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	CMCCT
Bloque 3. A filosofía medieval				
b c d e h	B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade.	B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.	HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.	CCEC
d e h	B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.	B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.	HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL
			HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita,	CCL

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	
			HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.	CAA
			HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	CSC
d e h	B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillermo de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.	B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillermo de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.	HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillermo de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	CCEC
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración				
b c d e h l	B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana. B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento. B4.3. Implicacións da revolución científica. B4.4. Realismo político de Maquiavelo.	B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo.	HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.  HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.	CMCCT  CSC
b c d e h	B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico. B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu con-	B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios sociocultu-	HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.  HFB4.2.2. Comprende e	CCL  CCL

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	texto.	rais da Idade Moderna.	<p>explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.</p>	
			HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.	CCEC
			HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	CSC
b c d e h l	B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto	B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	CCL
	B4.8. Locke: liberalismo político.		HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	CMCCT
			HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaos coas solucións aportadas por Hume.	CSC

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	CSC
b c d e h	B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, aprofundando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.	HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	CSC
b c d e h	B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento. B4.11. Lei Moral e paz perpetua. B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant. B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nómeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.	CAA
			HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	CCL
			HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.	CCL
			HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións	CSC

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 5. A filosofía contemporánea				
b c d e h	B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo. B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.	B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.	CSC
			HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.	CCL
			HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.	CSC
			HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	CSC
b c d e h	B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora. B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto. B5.5. A vontade en Schopenhauer.	B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícalos con rigor.	CCL
			HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía anti-	CCL

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ga, medieval, moderna e contemporánea.	
			HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.	CCEC
			HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.	CSC
b c d e h	B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.	B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.	HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	CCL
			HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.	CCL
			HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valora o seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	CSC
b c d e h	B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso. B5.8. Racionalidade dialóxica	B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da	HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e	CSC



Historia da Filosofía. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa. B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea. B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vivencia actual.	Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX.	conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.  HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.  HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.  HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.  HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.  HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vivencia.	CCL  CAA  CSC  CSC  CAA CCL

## 6.8 Metodoloxía.

Ademais das consideracións metodolóxicas que con carácter xeral describimos no apartado correspondente e que son comúns a todas as materias asignadas ao Departamento, a metodoloxía específica para a materia de Historia da Filosofía estará orientada polas seguintes consideracións:

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e de análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá coma con outras materias.

En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica de Historia da Filosofía responde aos criterios metodolóxicos seguintes:

-Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa .

-Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.

-Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.

-Motivación: procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.

-Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos de Historia da Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.

-Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

-Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os criterios de avaliación transversais a todo o temario de Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato, que son os seguintes:

1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis relevantes da Historia da Filosofía e ser capaz de transferir os coñecementos a outros autores ou problemas.

2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.

3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.

4. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación na realización e exposición dos traballos de investigación filosófica.

A forma de conseguir estes obxectivos queda, en cada caso, a xuízo do profesorado, en consonancia co propio carácter, a concepción do ensino e as características do seu alumnado.

Non obstante, resulta conveniente utilizar **estratexias didácticas** variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiada, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación, e as estratexias de indagación.

#### As estratexias expositivas

Presentan o alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos, especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

#### As estratexias de comentario e de análise textual

Presentan ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe elaborar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a textos, argumentacións e debates problemáticos nos que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

-As tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.

-O estudo de casos ou feitos e situacións concretos como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.

-As actividades de interpretación e de conexión das teorías que aparecen nos textos co marco xeral da filosofía do autor estudado.

En calquera das estratexias didácticas adoptadas é esencial a **realización de actividades** por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes:

-Afianzan a comprensión dos conceptos e permiten ao profesorado comprobalo.

-Son a base para o traballo cos textos e para fomentar as capacidades de comprensión, análise e razoamento.

-Permiten dar unha dimensión múltiple aos conceptos, percibindo as súas conexións con outras nocións e a súa aplicación a diferentes ámbitos do coñecemento.

-Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.

### Tipos de actividades

As actividades programadas ha de responder a unha tipoloxía variada que se encadre dentro das categorías seguintes:

-Actividades de ensinanza-aprendizaxe.

Como son as actividades de comentario de textos clásicos.

-Actividades de aplicación dos contidos teóricos á realidade e ao contorno do alumnado. Inclúense entre as actividades formuladas ao fío da exposición teórica; noutros casos, preséntanse como traballos de investigación ou reflexión persoal argumentada sobre algúns temas.

-Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade...

-Por outra parte, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.

-A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado en clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

## 6.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### 6.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS propostos e OBSERVACIÓN directa do alumno.

#### **-O 70% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais.**

A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 6 desta Programación.

#### **-O 25% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno.**

Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os traballos de investigación e a súa exposición en clase, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.

#### **-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno.**

Valorarase a participación na clase, a asistencia, a puntualidade, a colaboración na aula e nas actividades, a actitude e boa disposición, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

PROCEDEMENTO	MÍNIMO	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO
Cuestionario (1/2 por av.)	5 puntos sobre 10	70 %	Examen
Traballos propostos e exposición na clase.	Nivel C na rúbrica de avaliación de traballos escritos.	25 %	Rúbrica
Observación directa do alumno	Asistencia, puntualidade e participación regulares	5 %	Observación diaria por parte do profesorado.

**Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes.**

Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a **cualificación final** do curso é a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un **traballo de ampliación** –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

**6.9.2 Actividades de recuperación:** A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

**6.9.3 Avaliación extraordinaria:** Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberán presentarse a un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

**6.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.**

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.

	<p>estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).</p>			
<b>ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN</b>	<p>A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.</p>	<p>A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.</p>	<p>A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.</p>	<p>A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.</p>
<b>CONTIDO</b>	<p>O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás fontes de onde se obtivo.</p>	<p>O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento bo dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.</p>	<p>O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes de onde se obtivo.</p>	<p>O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.</p>
<b>VOCABULARIO</b>	<p>Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.</p>	<p>Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún erro.</p>	<p>Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.</p>	<p>O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.</p>
<b>GRAMÁTICA</b>	<p>Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.</p>	<p>Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.</p>	<p>Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.</p>	<p>Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.</p>
<b>ORTOGRAFÍA</b>	<p>Non comete ningún erro ortográfico.</p>	<p>Comete un ou dous erros ortográficos.</p>	<p>Comete entre tres e cinco erros ortográficos.</p>	<p>Comete máis de cinco erros ortográficos.</p>
<b>PRESENTACIÓN</b>	<p>A presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).</p>	<p>A maior parte da presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).</p>	<p>A maior parte da presentación do traballo é esmerada e coidada, pero non é atractiva e inclúe algún recurso visual (fotografía, gráfico...).</p>	<p>A presentación do traballo non é esmerada, é descoidada e non resulta atractiva, e non inclúe recursos visuais.</p>

<b>ENTREGA</b>	Cumpre o prazo establecido para a entrega do traballo.	Atrásase na entrega do traballo, pero faino no mesmo día do prazo establecido.	Atrásase na entrega do traballo un ou varios días despois do prazo establecido.	Non entrega o traballo no prazo establecido.
----------------	--	--	---	--

### 6.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación.

En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de traballos que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos diferentes medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCCIÓN
<b>DIVERSIDADE NA COMPRESIÓN</b>	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.
	Ten dificultades para entender os contidos que se plantexan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.
<b>DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN</b>	Non ten dificultades	Potenciar estas a través de



<b>E DESENVOLVEMENTO</b>	(alumnos e alumnas de altas capacidades).	actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.		
<b>DIVERSIDADE DE INTERÉS E MOTIVACIÓN</b>	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas á súa realidade.	
<b>DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en algunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grado de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se plantexan.	Propoñer problemas dacordo ás súas capacidades para ir desenvolvendoas.	
<b>DIVERSIDADE</b>	Exprésase de	Propoñer tarefas	

<b>NA COMUNICACIÓN</b>	forma oral e escrita con claridade e corrección.	que sigan perfeccionado a expresión oral e escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

### 7.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.

Este Departamento non esixe un determinado libro de texto para o uso alumnado, aínda que recomenda como material de consulta a obra de Diego Sánchez Meca et al: *Historia da Filosofía. 2*, publicada pola editorial Anaya. O profesor encargado da materia poderá empregar este libro de texto, así como outro material da súa elección, ou mesmo non empregar ningún.

## **7. Programación didáctica de Psicología.**

### **Materia optativa de Segundo Curso**

### **de Bacharelato**

#### Índice:

7.1. Introducción. Contextualización e xustificación da materia.

7.2. Obxectivos xerais por curso.

7.3. Obxectivos xerais para a materia.

7.4. Como contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.

7.5. Contidos.

7.6. Temporalización.

7.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe

7.8. Metodoloxía.

7.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

7.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

7.9.2 Actividades de recuperación.

7.9.3 Avaliación extraordinaria.

7.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.

7.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación

7.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector

## 7.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación

### 7.1. Introdución. Contextualización e xustificación da materia.

Na actual sociedade do coñecemento de inicios do século XXI os seres humanos habitamos un mundo moito máis complexo e debemos afrontar problemas moi diferentes aos que plantexaban as sociedades tradicionais. Esta sociedade que aparece como consecuencia da revolución tecnolóxica desenvolvida nas últimas décadas do século XX está caracterizada por unha cultura universal baseada na difusión mundial da información a través de Internet e dos outros medios de comunicación de masas. Estas redes e medios, que transcenden fronteiras, culturas, idiomas, relixións ou contextos políticos veñen de orixinar un novo espazo virtual, aínda sen regulación, no que o suxeito se educa, desenvolve e relaciona, e que xa non é o país, a rexión, a familia ou a cidade de orixe. Nos últimos anos, e dun xeito case inadvertido, producíronse profundas modificacións na vida humana e nas relacións interpersoais que supuxeron un cuestionamento das tradicionais autoridades políticas, relixiosas, educativas, médicas ou paternais. O aumento da mobilidade, a inseguridade no traballo ou as esixencias da sociedade de consumo, así como a citada dispersión dos lazos familiares e sociais teñen xerado novos problemas de desarraigo, incertidume, inseguridade e ansiedade que a psicoloxía pode axudar a comprender e a afrontar.

Neste contexto histórico e cultural complexo e case improvisado, a psicoloxía foise convertindo nun estudo académico e nunha profesión cun ámbito moi amplo de aplicacións, cada vez máis demandada e con maior consideración social. Desde a súa transformación en ciencia experimental, a psicoloxía foi adquirindo cada vez maior protagonismo en numerosos ámbitos da vida cotidiana das sociedades avanzadas. Unha parte da psicoloxía actual está dedicada ao diagnóstico e tratamento das psicopatoloxías, pero o psicólogo está hoxe presente nos centros educativos, nos departamentos de marketing e nos procesos de selección de persoal das grandes empresas ou en áreas como o desenvolvemento infantil, a publicidade e os medios de comunicación, o envellecemento, o deporte, a xustiza ou as ciencias forenses.

Como ciencia que estuda a conduta e os procesos mentais de persoas e outros animais, os obxectivos fundamentais da psicoloxía consisten en describir o comportamento, explicalo, predecilo e, se resulta necesario, modificalo para mellorar a vida do individuo e da sociedade en xeral. Ningunha manifestación humana, sexa individual ou social, é allea á psicoloxía. Por iso o seu estu-

do está centrado principalmente en analizar o funcionamento do pensamento, a memoria, a aprendizaxe, as emocións, a personalidade, os trastornos mentais ou as dinámicas dos grupos sociais.

Este estudo realízao a psicoloxía desde unha dobre perspectiva humanística e científica e é por iso polo que esta materia resulta de grande interese para a formación do alumnado de Segundo Curso de Bacharelato, pois establece conexións entre as diferentes materias do currículo, á vez que está dotada dunha marcada orientación práctica que mellora as estratexias e os hábitos de traballo, reforza a adquisición das competencias básicas e fomenta o autoconñecemento e o control da propia conduta, así como o desenvolvemento dunha actitude máis tolerante e eficaz para afrontar os distintos desafíos da sociedade contemporánea.

En definitiva, a psicoloxía é un coñecemento e unha práctica que pretende contribuir a un mellor e máis saludable funcionamento das sociedades e ao benestar das persoas, facilitando o seu desenvolvemento e preparándoas para xestionar os retos dun entorno cada vez máis complexo e esixente.

### 7.7.2. Obxectivos xerais por curso.

Para esta materia consideramos esenciais os seguintes obxectivos propostos para o Bacharelato, obxectivos que adecuaremos aos contidos específicos da materia: a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua ga-

lega e a lingua castelá.

f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos e o estatuto específico da psicoloxía como ciencia e os seus límites.

j) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.

k) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psicolóxica.

### 7.3. Obxectivos xerais para a materia de psicoloxía.

Ademais dos xa mencionados con carácter xeral para a etapa educativa, consideramos aos seguintes como obxectivos específicos da materia de psicología:

a) Comprender mellor o seu propio funcionamento psicolóxico e o dos demais, fomentando o metacoñecemento e evitando o etnocentrismo.

b) Desenvolver a intelixencia emocional ensaiando actitudes máis comprensivas e tolerantes con respecto á conduta e ás ideas dos demais, especialmente de aqueles que, por razóns sociais ou culturais, diferéncianse máis do propio alumno.

c) Adquirir estratexias máis efectivas para a análise dos seus propios problemas de aprendizaxe, relación social e control emocional, que lles proporcionen un maior control sobre a súa conduta e as súas consecuencias nos demais.

d) Aplicar algúns dos coñecementos e técnicas adquiridos para acadar un óptimo aproveitamento e rentabilidade do seu proceso de aprendizaxe.

e) Comprender como os principios e métodos da psicoloxía, poden utilizarse para describir, explicar, predecir e cambiar hábitos.

f) Promover e valorar aquelas respostas no alumnado cuxo contido sexa lograr unha mellor calidade de vida, evitando factores de risco para un modo de vida saludable.

g) Promover o descentramento cognitivo para poder adoptar un xuízo moral fundamentado na cooperación entre iguais.

#### 7.4. Como contribúe a materia á adquisición das competencias básicas.

Tal e como se describe na LOMCE todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Tales competencias, dacordo coas especificacións da Lei (Orden ECD/65/2015) son as seguintes:

1. Competencia comunicación lingüística. (CCL)
2. Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Competencia aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIE).
7. Competencia conciencia e expresión culturais (CEC).

Na presente Programación de Psicoloxía para 2.º curso de Bacharelato potenciamos o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, conciencia e expresión culturais así como as competencias sociais e cívicas. Igualmente, o resto das competencias tamén son consideradas, particularmente o fomento da aprendizaxe autónoma (aprender a aprender). Para acadar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, temos incluído actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara ós resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Ademáis, cabe recordar que serán os estándares de aprendizaxe evaluables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendimento ou o desempeño acadado en cada una de elas.

##### 1. Comunicación lingüística (CCL).

A competencia lingüística é, naturalmente, outra das capacidades que ten que desenvolver no alumnado o estudo da Psicoloxía. A comprensión con rigor conceptual dos textos que debe estudar así como a expresión das ideas asimiladas e a procura de información noutras fontes, sexan libros ou artigos de revistas científicas ou nas novas tecnoloxías, esíxenlles e ao mesmo tempo os capacitan para o desenvolvemento desta competencia.

## 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

A competencia matemática e a competencia clave en ciencia e tecnoloxía non son alleas ao estudo da Psicoloxía. Se ben non son empregadas do mesmo xeito en todos os ámbitos estudados na materia, resultan imprescindibles para a comprensión dos estudos psicométricos nos ámbitos nos que se aplican: a intelixencia factorial, teorías da persoalidade, teorías da aprendizaxe, etc.

## 3. Competencia dixital (CD).

A competencia dixital é igualmente requerida na procura de información que pode resultar esencial especialmente polo carácter innovador que levan consigo as investigacións psicolóxicas actuais coa conseguinte abundancia de información e de recursos audiovisuais. Estes recursos poden complementar de modo sustancial os textos e imaxes que ofrecen os libros de texto convencionais.

## 4. Aprender a aprender (CAA).

A competencia aprender a aprender facilita ao alumnado comprender e controlar os mecanismos psíquicos implicados, precisamente, nos procesos cognitivos da aprendizaxe, de xeito que poda interactuar con estes procesos corrixindo e obtendo un maior rendimento e aproveitamento dos seus recursos cognitivos.

## 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As competencias sociais e cívicas son tamén propiciadas de modo esencial polo estudo da Psicoloxía por canto esta ciencia ilumina dun xeito decisivo os numerosos matices que subxacen nas relacións sociais. Unha psique madura implica unha sociabilidade máis eficiente ao mesmo tempo que é garantía de superación de conflitos interpersoais.

## 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIE).

Hemos de sinalar que unha das competencias que facilita o estudo da Psicoloxía de xeito máis relevante é o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, por canto esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto.

## 7. Conciencia e expresións culturais (CEC).

Finalmente a competencia de conciencia e expresións culturais tampouco está excluída no estudo da Psicoloxía por canto que os condicionamentos sociais resultan esenciais na configuración do psiquismo. Deste xeito a asignatura contribúe significativamente ao desenvolvemento destas competencias facilitando unha comprensión e actitude tolerante cos diferentes modos culturais que explican aspectos esenciais do carácter das persoas.

### 7.5. Contidos.



Os contidos desta materia organízanse en seis bloques temáticos:

- I. A psicoloxía como ciencia.
- II. Fundamentos biolóxicos da conduta.
- III. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria.
- IV. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento.
- V. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.
- VI. Psicoloxía social e das organizacións.

Ao longo do curso pretendemos desenvolver con detalle **dez** dos núcleos temáticos que aparecen a continuación e que dan resposta ás cuestións fundamentais plantexadas polos seis bloques mencionados arriba. **Estes dez temas constitúen igualmente os contidos mínimos esixibles ao alumnado.** O desenvolvemento do resto dependerá da dispoñibilidade de tempo para impartilo.

- 1. A Psicoloxía como ciencia.**
- 2. As bases fisiolóxicas do comportamento e dos procesos mentais.**
- 3. Sensación, percepción e atención.**
- 4. A memoria humana.**
- 5. A aprendizaxe.**
6. Estados de conciencia.
- 7. A intelixencia e o pensamento.**
8. A comunicación e a linguaxe.
9. A adolescencia.
10. A sexualidade humana.
- 11. Motivación e emoción.**
- 12. A personalidade.**
- 13. Os trastornos emocionais e da conduta.**
- 14. A influencia social. Os grupos.** (A obediencia á autoridade).

#### 4.1. Secuenciación dos contidos.

##### Bloque 1. A psicoloxía como ciencia.

B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.

- B1.2. Constitución da psicoloxía como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.
- B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución.
- B1.4. Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes.
- B1.2. Obxectivos que caracterizan a psicoloxía.
- B1.4 Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e ámbitos de aplicación.
- B1.5. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.
- B1.2. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.
- B1.2. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.
- B1.2. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.

## Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta.

- B2.3. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.
- B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.
- B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.
- B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.
- B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.
- B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.
- B2.6. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina.
- B2.7. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.
- B2.4. Sistema endocrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.

## Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria.

- B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.
- B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía

- B3.3. Leis da percepción da Gestalt.
- B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.
- B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc.
- B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.
- B3.7. A memoria. Atención e concentración.
- B3.8. Tipos de atención.
- B3.9. Alteracións da atención.
- B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana.
- B3.11. Esquecemento: causas.
- B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc.
- B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.

#### Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento.

- B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.
- B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.
- B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.
- B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.
- B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.
- B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.
- B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.
- B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.
- B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.

#### Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.

- B5.1. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.
- B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.

- B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.
- B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.
- B5.5. Teorías da personalidade
- B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade
- B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.
- B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos inconscientes.
- B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.
- B5.10. Identidade e autoestima.
- B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.
- B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adicións.
- B5.13. Trastornos en relación ás emocións.
- B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais.
- B5.15. Trastornos en relación á personalidade.
- B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo.
- B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.
- B5.18. Relación entre emoción e cognición.
- B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.
- B5.20. Teorías sobre a emoción, como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o equilibrio da persoa.
- B5.21. Trastornos e problemas emocionais.
- B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicoloxía da sexualidade.
- B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.

#### Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións.

- B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva.
- B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.
- B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.
- B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller
- B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica.

B6.6. Estudo psicológico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.

B6.7. Psicoloxía de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.

B6.8. Medidas para prever a conversión das persoas en masa.

B6.9. Aplicación da Psicoloxía no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.

B6.10. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación, fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos.

6.11. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral.

## 7.6. Temporalización.

A distribución de contidos por avaliacións quedará como sigue:

- Primeiro trimestre (65 días lectivos, aprox.43 sesións): Bloques 1, 2 e 3
- Segundo trimestre (52 días lectivos, aprox. 38 sesións) : Bloques 4 e 5
- Terceiro trimestre (56 días lectivos, aprox. 18 sesións): Bloque 6

## 7.7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A psicoloxía como ciencia</b>			

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. A psicología desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.</li> <li>▪ B1.2. Constitución da psicología como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.</li> <li>▪ B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución.</li> <li>▪ B1.4. Obxecto propio da psicología. A psicología e outros saberes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicología, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicología ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicología desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Obxectivos que caracterizan a psicología.</li> <li>▪ B1.4 Facetas teórica e práctica da psicología, e ámbitos de aplicación.</li> <li>▪ B1.5. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicología: describir, explicar, predicir e modificar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.4.1. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicología, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.5.1. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica, test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.</li> <li>B1.2. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.</li> <li>B1.2. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.2.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.2.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.2.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB1.2.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSIEE</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.</li> <li>▪ B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.3.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.</li> <li>▪ B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.3.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.4.1 Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> <li>▪ B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.5.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.6.1 Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina.</li> <li>▪ B2.7. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB2.6.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	doenzas producidas por alteracións xenéticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2.7.1. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, deleción, etc.</li> <li>PSB2.7.2. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB2. 4.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climatério, etc.</li> <li>PSB2.4.2. Investiga as diferenzas endocrinolóxicas entre homes e mulleres, e os seus efectos na conduta, valorando o coñecemento destas diferenzas como un instrumento que permite un entendemento e unha comprensión mellores entre as persoas de diferente sexo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
<b>Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.</li> <li>B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB3.1.2. Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
cognitivismo e neuropsicología. ▪ B3.3. Leis da percepción da Gestalt. ▪ B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos. ▪ B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobbelle), etc.	sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.	▪ PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).	▪ CSIEE
		▪ PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciando dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia.	▪ CD
		▪ PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobbelle) entre outros, e expón as súas conclusións a través de soportes de presentación informáticos.	▪ CD
▪ B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.	▪ B3.2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos.	▪ PSB3.2.1. Discime e elabora conclusións, en colaboración grupal, sobre a influencia dos factores individuais (motivación, actitudes e intereses) e sociais (cultura e hábitat) no fenómeno da percepción, utilizando, por exemplo, os experimentos sobre prexuízos realizados por Allport e Kramer.	▪ CSC
▪ B3.7. A memoria. Atención e concentración. ▪ B3.8. Tipos de atención. ▪ B3.9. Alteracións da atención.	▪ B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgúns teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores.	▪ PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir.	▪ CCL

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana.</li> <li>▪ B3.11. Esquecemento: causas.</li> <li>▪ B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc.</li> <li>▪ B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.</li> </ul>	<p>res que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.4. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos records, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.</li> <li>▪ B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.</li> <li>▪ B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo os coñecementos previos adquiridos, as capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</li> <li>▪ B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de me-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.</li> <li>▪ B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.</li> </ul>	<p>dición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.2.4. Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e xulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.</li> <li>▪ B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.</li> <li>▪ B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.</li> <li>▪ B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Teorías da personalidade</li> <li>▪ B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade</li> <li>▪ B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.</li> <li>▪ B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos incons-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
cientes. ▪ B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade. ▪ B5.10. Identidade e autoestima.		▪ PSB5.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.	▪ CSIEE
		▪ PSB5.2.3. Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PI-R e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.).	▪ CMCCT
		▪ PSB5.2.4. Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os soños ou a hipnose.	▪ CCL
		▪ PSB5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada.	▪ CSC
		▪ PSB5. 2.6. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital.	▪ CSIEE

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.</li> <li>▪ B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións.</li> <li>▪ B5.13. Trastornos en relación ás emocións.</li> <li>▪ B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais.</li> <li>▪ B5.15. Trastornos en relación á personalidade.</li> <li>▪ B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e dissociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, límite, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.</li> <li>▪ B5.18. Relación entre emoción e cognición.</li> <li>▪ B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.</li> <li>▪ B5.20. Teorías sobre a emoción, como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o equilibrio da persoa.</li> <li>▪ B5.21. Trastornos e problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de esperar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>



Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
emocionais.		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.4.3. Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.4.4. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maniaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicología da sexualidade.</li> <li>B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicología da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB5.5.2. Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
Bloque 6. Psicología social e das organizacións			
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva.</li> <li>B6.2. Proceso de socializa-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>

Psicoloxía. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>ción. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.</li> <li>▪ B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller</li> </ul>	<p>na conduta das persoas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.2. Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica.</li> <li>▪ B6.6. Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</li> <li>▪ B6.7. Psicoloxía de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.</li> <li>▪ B6.8. Medidas para previr a conversión das persoas en masa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubidade e falta de capacidade crítica, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB6.2.3. Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.9. Aplicación da Psicología no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.</li> <li>B6.10. Aplicación da psicología no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación, fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos.</li> <li>B6.11. Aplicación da psicología no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Entender e describir a importancia da psicología no campo laboral e o desenvolvemento das organizacións, reflexionando sobre a importancia do liderado como condición necesaria para a xestión das empresas, reflexionando sobre os erros psicolóxicos que se producen na súa xestión e procurando os recursos axeitados para afrontar os problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicología no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>

Psicología. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.3.3. Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>PSB6.3.4. Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>

## 7.8. Metodoloxía.

A metodoloxía didáctica está baseada na utilización adecuada de diferentes procedementos que permitan desenvolver competencias clave, nun eficaz aproveitamento da aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal, fomento da autoestima e desenrolo da intelixencia emocional. Dado o dobre carácter humanístico e científico desta disciplina, cremos que debe desenvolverse desde un punto de vista eminentemente transversal e práctico. A fin de proporcionarlle ao alumnado un contexto en función dos seus intereses académicos e persoais, os traballos propostos terán un desenvolvemento transversal que permita, por unha parte, adquirir os coñecementos disciplinares e, por outra, aplicarlos a contextos culturais, sociais ou disciplinares do seu interese.

Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema que o alumnado deberá resolver facendo un uso axeitado dos coñecementos disciplinares e integrando diferentes competencias. Incluirá prácticas de traballo individual e cooperativo.

Coa finalidade de comprobar uns mínimos nos coñecementos da materia por parte do alumnado, recoméndase realizar cuestionarios de aplicación de

coñecementos por cada unidade didáctica. Estes cuestionarios serán pechados co fin de garantir a súa obxectividade.

En consecuencia, propoñemos unha metodoloxía orientada na seguinte dirección:

- Mostrar a pluralidade xestionada pola multiplicidade e complexidade dos procesos humanos e que supón relacionar os seus elementos cos da socioloxía, economía, filosofía, psiquiatría, etc.
- Seleccionar tempos para o debate, onde se poden ensaiar as argumentacións que permitan ao alumnado irse afianzando no desenvolvemento de habilidades comunicativas, controlando impulsos de descalificación total cara ao outro, xestionando a súa labilidade afectiva.
- Permitir ao alumnado contrastar as diferentes posturas explicativas sobre un mesmo fenómeno psíquico conductual e aprender a diferenciar entre o saber científico e os prexuízos y falsas crezas.

Na medida das disponibilidades de tempo e horario, o profesorado debería aproveitar calquera resposta do alumnado que considere significativa para enriquecer as actividades e reorientar os debates. Ante a multiplicidade de respostas, se poderá constatar que o aula é un microcosmos xerador de reaccións, que se poden converter en foro de debate, ensaio e discusión.

Resulta imprescindible expor os principais sistemas teóricos e unha variedade de problemas ou casos para estudar, analizando as solucións desde diversas perspectivas.

Sería interesante para o alumnado que se tiveran en conta, nas actividades de reflexión sobre o seu propio proceso de evolución persoal, cantas manifestacións impliquen aos educandos en formas de vida saludable.

O profesorado deberá:

- Tomar en consideración os coñecementos, experiencias e expectativas dos alumnos e alumnas.
- Facer explícitos e discernibles os códigos ideolóxicos que rixen a súa acción, renunciando á neutralidade valorativa e á inculcación impositiva.
- Potenciar aquelas actividades que favorezan o conflito e a afloración de ideas, así como a indagación e o vertiente dialóxica do coñecemento psicolóxico.
- Seleccionar o tipo de actividades en función do desenvolvemento das Competencias clave.

As Competencias clave quedarán explicitadas nos seguintes aspectos:

- A eficiencia na competencia comunicativa vén determinada pola relevancia que teñen as actividades sen solución única, nas que distintas opcións ou conclusións son aceptables e válidas.
- A dinámica de relacións sociais que crea o traballo en grupo, proporciona ao alumnado un medio idóneo, para que se acostume a asumir actitudes críticas, creativas, solidarias, e evitar dogmatismos e exclusivismos. É así como regulará a súa propia conduta, dacordo con principios persoais e á vez comunitarios.
- A igualdade de oportunidades entre os sexos aplicarase ao informar ao alumnado dos determinantes socioculturales que, ao fixar aa estrutura do rol de xénero, teñen determinado actitudes intelectuais diferenciadas en homes e mulleres. Rexeitar as explicacións das «psicoloxías cotidiás», basadas en tópicos e causalidades aparentes é un obxectivo que non se debe obviar.
- A educación para a vida saudable contéplase desde a contribución positiva que os coñecementos psicolóxicos poden facer ao noso propio autoconcepto, á nosa autoestima e, en xeral, a todo o proceso de realización persoal.
- Todos aqueles aspectos relacionados co coñecemento da creatividade permiten ao alumnado estar en disposición de utilizala, sempre dando respostas positivas aos retos do entorno. A información sobre os determinantes da percepción permitiralle adoptar posturas críticas fronte á presión social dos medios de comunicación. O procesamento analizado da información que recibe o alumnado pódelle igualmente axudar a ser protagonista no seu proxecto de vida saudable.

## 7.9. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

### 7.9.1 Procedementos, instrumentos e ponderación.

A constatación de que o alumno acada os distintos estándares de avaliación realizarase por medio de tres procedementos de avaliación: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS propostos e OBSERVACIÓN directa do alumno.

**-O 70% da cualificación corresponde á/ás probas obxectivas individuais.**

A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 6 desta Programación.

**-O 25% da cualificación corresponde aos traballos realizados polo alumno.**

Valorarase fundamentalmente a realización das tarefas encomendadas diariamente, os traballos de investigación e a súa exposición en clase, así como as contestacións ás cuestións que se lle vaian plantexando.

**-O 5 % restante da cualificación corresponde á observación directa do alumno.**

Valorarase a participación na clase, a asistencia, a puntualidade, a colaboración na aula e nas actividades, a actitude e boa disposición, a atención, a presentación e realización das tarefas no tempo estipulado, a contribución ao desenvolvemento de debates, así como a capacidade de diálogo e tolerancia amosada neles.

PROCEDEMENTO	MÍNIMO	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO
Cuestionario (1/2 por av.)	5 puntos sobre 10	70 %	Examen
Traballos propostos e exposición na clase.	Nivel C na rúbrica de avaliación de traballos escritos.	25 %	Rúbrica
Observación directa do alumno	Asistencia, puntualidade e participación regulares	5 %	Observación diaria por parte do profesorado.

**Aprobar a avaliación implica acadar un mínimo de 5 puntos tras aplicar estas porcentaxes.**

Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a **cualificación final** do curso será a media aritmética das tres. Si ao longo do curso existe un progreso nas cualificacións, terase en conta para mellorar a media aritmética.

Aqueles alumnos que dominen os contidos mínimos e vaian obtendo un rendemento académico notable na materia poderán realizar e expoñer un **traballo de ampliación** –dirixido e orientado polo profesorado- que suporá como máximo 1 punto que será engadido á cualificación final obtida segundo os apartados anteriores.

**7.9.2 Actividades de recuperación:** A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos non

realizados ou avaliados negativamente e a repetición dos exames correspondentes. Para a súa corrección e cualificación empregaremos a mesma ponderación que na avaliación ordinaria.

**7.9.3 Avaliación extraordinaria:** Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das tres avaliacións deberán presentarse a un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.

**7.9.4 Rúbrica para a avaliación dun traballo escrito.**

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.	A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.	A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.
CONTIDO	O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento bo dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.



<b>VOCABULARIO</b>	Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.	Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún erro.	Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.	O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.
<b>GRAMÁTICA</b>	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.	Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.	Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Non comete ningún erro ortográfico.	Comete un ou dous erros ortográficos.	Comete entre tres e cinco erros ortográficos.	Comete máis de cinco erros ortográficos.
<b>PRESENTACIÓN</b>	A presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada, coidada e atractiva, e inclúe recursos visuais (fotografías, gráficos...).	A maior parte da presentación do traballo é esmerada e coidada, pero non é atractiva e inclúe algún recurso visual (fotografía, gráfico...).	A presentación do traballo non é esmerada, é descoidada e non resulta atractiva, e non inclúe recursos visuais.
<b>ENTREGA</b>	Cumpre o prazo establecido para a entrega do traballo.	Atrásase na entrega do traballo, pero faíno no mesmo día do prazo establecido.	Atrásase na entrega do traballo un ou varios días despois do prazo establecido.	Non entrega o traballo no prazo establecido.

### 7.10. Medidas de atención á diversidade e rúbrica para a súa avaliación.

En función dos intereses e as capacidades do alumnado poderán realizarse modificacións na proposta de traballos que tratarán de responder a calquera falla de adecuación que se observe entre as necesidades e as capacidades do alumno e os contidos da materia. Teranse en conta as posibilidades do alumnado para acceder aos dintintos medios e soportes analóxicos e dixitais. Tamén poderán modificarse os tempos elementos das probas extraordinarias, sempre contando cun informe previo de ditas necesidades avalado polo Departamento de Orientación.

<b>TRATAMIENTO</b>	<b>MEDIDAS</b>	<b>GRAO</b>
--------------------	----------------	-------------

DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL	PARA A DIVERSIDADE	DE CONSECUCIÓN	
<b>DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN</b>	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos dacordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se plantexan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
<b>DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.		
<b>DIVERSIDADE DE INTERÉS E MOTIVACIÓN</b>	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e cercanas á súa realidade.	

<b>DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS</b>	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Atopa solucións aos problemas que se plantexan en algunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grado de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se plantexan.	Propoñer problemas dacordo ás súas capacidades para ir desenvolvendoas.	
<b>DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN</b>	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

### 7.11. Recursos didácticos e contribución ao Plan Lector.

-Libro de texto: Empregaremos como material básico o libro de texto *Psicología. Segundo de Bachillerato* de José Antonio Alonso, publicado en 2016 pola editorial Mc Graw Hill.

-Materiais, información e recursos web para a materia de psicología en <http://encina.pntic.mec.es/plop0023/index.html> -

-Outros: <http://fresno.cnice.mecd.es/~jcod0002/grupopercepciones/index.htm>

-Recursos audiovisuais en distintos soportes para informar, realizar actividades comentario de texto e debate: Internet, películas, documentais, artigos de prensa.

-Selección de textos dos autores contemplados no programa.

-Proposta de lectura a escoller entre os seguintes títulos:

-*El Lenguaje Secreto de la Mente: guía visual de los misterios de la conciencia* (1997). Cohen, D. Círculo de Lectores, S. A. Unha mirada ao interior da conciencia humana que fai un repaso ás cuestións que teñen preocupado a filósofos, científicos e psicólogos ao longo da historia.

-*Neurociencia para Julia*. Xurxo Mariño. Edit. Laetoli. Un repaso pola estrutura e funcións do noso sistema nervioso, dunha forma amena e comprensible.

-*O Alienista*. Machado de Assis (2000). Edit. Zeta. O doutor Simão Bracamante volve á súa vila para dedicarse nela á súa profesión. Despois dun tempo comeza a interesarse polos estudos de psiquiatría e constrúe na cidade un manicomio que chama A Casa Verde, para poder internar aos dementes da zona. Pouco a pouco, o doutor Bracamante vai pechando nel a case todos os habitantes, e construíndo novas tipoloxías de tolemia.

-*O curioso incidente do can á medianoite*. Mark Haddon. Edit. Rinoceronte (2008). A través dunha linguaxe sinxela, a historia achéganos á mente do protagonista, un rapaz con síndrome de Asperger, e axúdanos a comprendelo. O autismo é unha das enfermidades do sistema nervoso cunha expresión na conduta e na vida dos individuos claramente observable.

-*Irracionalidad. El enemigo interior*. Sutherland, S. (1996). Alianza Editorial. Un libro ameno e acesible sobre os sesgos cognitivos e a formación dos prexuízos. Trátanse os principais erros no razoamento e achéganse exemplos claros deles e as consecuencias que teñen nas distintas áreas do coñecemento e da vida cotiá.

-*Engurras*, novela gráfica de Paco Roca (2007). El Patito Editorial. Aborda a vida nunha residencia xeriátrica e o ingreso de Emilio, un antigo executivo que padece Alzheimer. Os síntomas da súa enfermidade e a adaptación a esa nova realidade inflúen tanto nas relacións que establece dentro da residencia como na súa propia identidade.

-*Pensar rápido, pensar despacio*. Daniel Kahneman (2014), Edit. Debate. O libro ofrece unha perspectiva nova do cerebro, en función dos sistemas que modelan o noso pensamento. O sistema 1, rápido, intuitivo e emocional. O sistema 2, lento, deliberativo e lóxico. Kahneman, experto en teoría das decisións, expón a importancia do pensamento rápido, pero tamén os seus erros e sesgos. O libro propón unha animada reflexión sobre como pensamos e sobre o poder que teñen as intuicións nas nosas decisións, para axudarnos a usar distintas

técnicas que nos protexan dos fallos mentais e dos problemas que provocan.

-*Yo, robot*. Isaac Asimov (2009). Edhasa. Unha compilación de relatos nos que se tratan os principais problemas que poderían xurdir nunha suposta mente «positrónica». Os relatos propoñen diferentes situacións nas que se atoparían os robots intelixentes e aos que especialistas en robótica terán que enfrontarse a novas enfermidades psicolóxicas, paradoxos lóxicos ou enxeñosos exercicios intelectuais. A protagonista de boa parte dos relatos é Susan Calvin, experta en robotpsicoloxía.

-*El universo de las emociones*. Rafael Bisquerra, Eduard Punset e Palau Gea. Intenta ofrecer unha representación gráfica das emocións humanas unindo ciencia e arte. Inclúe 307 emocións nun mapa que permite visualizar e comprender o noso comportamento como seres humanos. Páxina do proxecto en <http://universodeemociones.com/>

-*La estrategia del Océano Azul*. W. Chan Kim e Renee Mauborgne. Neste libro defínense as novas estratexias de empresa que inciden máis na innovación ca na competencia e, a través do exemplo dunha empresa radicalmente innovadora coma O Cirque du Soleil, podemos ver a nova estrutura organizativa e as consecuencias que ten nas relacións laborais, a selección de persoal ou a promoción e liderazgo.

-*El método Grönholm*. J. Galceran (2005). Obra de teatro que representa a historia dos catro últimos aspirantes a conseguir un cargo executivo nunha multinacional. Unha proba conxunta deseñada polos psicólogos da empresa decidirá quen queda co traballo. A proba convértese nunha loita onde a crueldade e a falta de escrúpulos semella non ter límites.

-*Un feliz novo mundo*. A Huxley. Edicións Xerais (1996). A novela describe un mundo no que as emocións e os sentimentos desapareceron, a conduta das persoas condiciónase para que non teñan medo á morte e cumpran as súas funcións sociais, e a felicidade provén dunha droga (soma) que non ten efectos secundarios físicos indesexables pero que tende a facer dos individuos seres submisos. A pregunta que nos propón a lectura do libro é como sería o ser humano nese mundo e en que medida serían seres humanos sans. En contraposición, a novela mostra tamén a vida en «mal país», un mundo similar ao que coñecemos, no que o prezo da liberdade e as emocións son a enfermidade, o medo á soidade e a morte.

-*El árbol mágico*. Peter Sloterdijk. Seix Barral (2002). Amena novela acerca da orixe remota da psicanálise na época da Revolución Francesa.

-*La curación por el espíritu. Mesmer, Bakker Eddy, Freud*. Stefan Zweig. El Acantilado (2006). Ante as enfermidades do espírito, o home estivo desamparado hasta ben entrado o século XVIII, cando aínda era incapaz de establecer as causas e os motivos das enfermidades mentais. Stefan Zweig expón dun xeito claro e preciso o pensamento e a evolución de tres persoalidades que desenvolveron un método de curación psíquica: Franz Anton Mesmer, Mary Baker-Eddy e Sigmund Freud.

-*El arte de amar*. Erich Fromm. Paidós Ibérica (2000). O sociólogo, psicólogo e pensador alemán invita a reflexionar acerca do amor e a responder a preguntas como: Que significa amar e como logralo? Para el o amor é froito dunha aprendizaxe similar á de calquera outra capacidade.

-*El hombre que confundió a su mujer con un sombrero*. Oliver Sacks. Editorial Anagrama, (2009). Narra vinte historiais médicas de pacientes perdidos no mundo estraño y aparentemente irremediable das enfermidades neurolóxicas. Se trata de casos de individuos, aqueixados por inauditas aberracións da percepción, que perderon a memoria e, con ela, a maior parte do seu pasado, que son incapaces de recoñecer aos seus familiares ou os obxectos cotidiáns, que teñen sido descartados como retrasados mentais e que, sen embargo, posúen insólitos dons artísticos ou científicos.

-*Diario de un esquizofrénico*. Miguel González Purroy. Desclee De Brouwer (2011). É unha sucesión de relatos breves nos que se reflicte con toda transparencia a vida dun xoven do noso tempo que loita sen cuartel contra unha das enfermidades máis destrutivas e todavía misteriosas para a sociedade contemporánea: a esquizofrenia.

-*Anatomía de una epidemia*. Robert Whitaker. Edit. Capitán Swing, Barcelona, 2016. El célebre periodista científico cuestiona la eficacia de los fármacos anti-depresivos y pone en relación su descontrolada prescripción médica con el alarmante aumento de enfermedades mentales en el mundo desarrollado.

## 7.12. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

Co fin de poder mellorar a programación didáctica dos vindeiros anos recoméndase:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizar unha comprobación dos indicadores que se especifican no cadro seguinte:

### ESCALA: 1 2 3 4

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
10. Adecuación do libro de texto.

11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos etc.
13. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.

## 8. Procedementos para a realización da avaliación inicial (na ESO).

O Departamento de Filosofía ten ao seu cargo a docencia nos catro cursos desta etapa educativa, encargándose das seguintes materias:

-Valores éticos de 1º, 2º, 3º e 4º curso de ESO.

-Filosofía. Materia optativa de cuarto curso de ESO.

Posto que a de Valores Éticos se trata dunha materia que fomenta sobre todo *actitudes* relacionadas coa conducta moral, social e cidadá (Razón práctica), o Departamento non conta cun procedemento de avaliación inicial, que entendemos máis dirixido aos coñecementos (Razón teórica), aínda que se pode detectar a súa madurez como persoas e cidadáns a través da observación sistemática das actitudes do alumnado (respeto, tolerancia,...). Non obstante, e co propósito de poder dispoñer dun diagnóstico sobre as competencias procedimentais (expresión escrita, lectura comprensiva e valoración crítica), o profesor realizará na aula un exercicio inicial consistente nunha lectura de textos, resumo e redacción sobre a temática proposta no texto.

## 9. Plans de traballo para a superación das materias pendentes e procedemento para a superación das mesmas (na ESO).

Non existe alumnado con materias pendentes nesta etapa educativa das atribuídas ao Departamento de Filosofía, que son a optativa de Filosofía de cuarto curso e as de Valores Éticos. Non obstante e na previsión de que poideran incorporarse durante o curso novos alumnos procedentes doutros centros coas citadas materias pendentes, o Departamento solicitaralles, previa entrevista co alumno, un traballo sobre os contidos temáticos correspondentes a cada avaliación. O traballo será orientado polo profesor asignado polo Departamento e avaliado cando sexa rematado.

## 10. Programas específicos persoalizados para o alumnado repetidor (na ESO).

O Xefe do departamento coordinará ao profesorado que imparte a docencia en cada unha das asignaturas da ESO para que aquel alumnado que teña pendente a materia de Valores Éticos, poida recuperala ao longo do curso. Para elo convocarase a este alumnado e proporase un plan de recuperación consistente en pequenos traballos guiados sobre os temarios de cada unha das materias. Todo elo atendendo a dispoñibilidade horaria do alumnado .

## 11. Actividades de seguimento para alumnos pendentes da materia de Filosofía de Primeiro Curso de Bacharelato.

Ao comenzo de curso o profesorado manterá unha entrevista persoal coa alumnado con materias pendentes coa finalidade de coñecer a actitude do alumno, planificar o seu traballo ao longo do curso e recomendarlle as tarefas de estudo, planificación e realización de traballos solicitados. En cada avaliación o alumnado deberá realizar un traballo guiado polo Director do departamento quen fixará as datas de entrega e faralle o seguimento, axudando ao alumno na localización de fontes documentais, sintese informativa e redacción.

O alumno que non puidera realizar o traballo guiado de algunha das avaliacións poderá presentarse as convocatorias extraordinarias de exames de materias pendentes que oportunamente convoca a dirección do centro.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter unha calificación mínima de 5 puntos nos traballos propostos ou no exame de recuperación de materias pendentes.

## 12. Procedemento para a cualificación das materias pendentes (na ESO).

Ao longo do curso escolar e coincidindo cos períodos de cada avaliación, o profesorado realizará unha proba escrita referida aos contidos temáticos correspondentes á programación da materia. A proba, así como a súa avaliación, serán de idénticas características ás que realice o resto do alumnado matriculado na mesma. Ademais, o alumnado presentará un traballo proposto e orientado polo profesor sobre os contidos da materia a avaliar.



### 13. Procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos previos.

No segundo curso do Bacharelato, o profesorado realizará ao alumnado de Historia da Filosofía que escolla esta materia un cuestionario para avaliar os conceptos xerais desenvolto na asignatura de Filosofía do primeiro curso de Bacharelato co obxecto de comprobar o seu dominio básico do vocabulario filosófico e o seu coñecementos de conceptos moi elementais. Tamén se proporá un comentario de texto para avaliar o seu dominio dunha ferramenta que cobra especial relevancia no desenvolvemento do temario e na orientación do alumnado cara as probas de acceso á Universidade/Proba Final de Bacharelato, cuxas características están por determinar no momento de redactar esta Programación Didáctica.

### 14. Metodoloxía didáctica xeral do Departamento.

Ademais das **consideración específicas para cada materia que aparecen incluídas na Programación didáctica de cada unha** delas, este Departamento adoptará con carácter xeral os principios metodolóxicos que aparecen a continuación.

O modelo pedagóxico que subxace a esta programación é o constructivismo ou concepción constructivista da aprendizaxe. O constructivismo é un paradigma que agrupa distintas teorías que comparten uns postulados sobre o proceso de aprendizaxe. O termo fundamental é "aprendizaxe significativa", que se refire á posibilidade de establecer vínculos substantivos e non arbitrarios entre o novo contido a aprender e o que xa se sabe, presente na estrutura cognitiva do suxeito. Para acadar esta aprendizaxe significativa deben seguirse uns principios básicos: partir dos coñecementos previos do alumno e do seu nivel de desenvolvemento real e establecer o nivel de dificultade das actividades dentro do que Vigotsky denomina "zona de desenvolvemento próximo". Ademais destes principios básicos a aprendizaxe significativa debe cumprir uns requisitos: o novo contido debe ter significatividade lóxica (coherencia interna) e psicolóxica (que permita establecer conexións cos coñecementos previos); o novo contido debe ser funcional (que poida ser utilizado cando o alumno o precise); o profesor motivará ao alumno para que teña unha actitude favorable ante o novo contido.

O alumno realizará unha actividade mental para reestructurar un novo esquema de coñecementos superando o desequilibrio; o alumno utilizará unha memorización comprensiva para a posterior recuperación de contidos en situacións diferentes. Ademais do sinalado anteriormente utilizaranse na programación metodoloxías máis especificamente relacionadas co traballo filosófico. Pártese do paradigma problematizador da Filosofía que toma os

problemas para pensar a partir deles e que se apoia en respostas clásicas só como guía para o propio desenvolvemento da resposta. Relacionado con este paradigma do ensino da filosofía poñerase en práctica o método socrático, que pretende que o alumno, coa axuda do guía (o profesorado) poida ir construíndo por si mesmo os coñecementos nunha fase inicial.

En consecuencia, o traballo docente basearase nos seguintes

a) Presupostos metodolóxicos:

-Educación orientada á adquisición de destrezas cognitivas e de hábitos de reflexión crítica que preparen a persoas ilustradas.

-Deberá ofrecer ós individuos unha formación que permita orientar a súa acción cotiá e dar respostas (ou ampliar as preguntas) aos problemas persoais e colectivos.

-Favorecerá a construción dunha concepción libre e autónoma do home e do cidadán fronte ao modelo unidimensional propiciado polas novas tecnoloxías e ideoloxías.

-Deberá axudar a romper o estreito círculo do particularismo individual, social, temporal e fomentar a apertura a unha sociedade mundial, que soamente será libre se conta con individuos capaces de pensar con autonomía e comprender e actuar solidariamente cos demais.

-Deberá ter en conta as aportacións das áreas de Ciencias Sociais, formais e naturais, e reflexionar criticamente sobre elas e as posibilidades e límites do coñecemento humano.

-Proporcionará instrumentos críticos sobre a conducta e valores da nosa sociedade para potenciar unha conducta individual racionalmente fundamentada.

Obxectivos xerais:

-Cuestionar as informacións e conductas asimiladas acriticamente coma se fosen verdades evidentes ou conductas naturais.

-Analizar e cuestionar as bases do coñecemento e da acción humanas.

-Propoñer e formular preguntas radicais sobre si mesmo e sobre o mundo no que se vive.

-Recoñecer a diversidade de saberes, conductas e valores presentes na sociedade.

-Desenvolver un estilo persoal de pensar e a capacidade de expresalo oralmente e por escrito. -Coñecer as respostas anteriores ó longo da historia e o seu uso como ferramentas para o seu propio pensar actual.

-Descubrir a relación entre a ética e a filosofía, a ciencia, a política, a relixión, a economía, a arte, etc.

-Exercitar e adquirir un “aparello conceptual” suficiente que capacite ao alumnado para a análise e a reflexión crítica.

-Colaborar no desenvolvemento da clase e asumir o labor colectivo como exemplo de vida social.

-Participar nos debates, respectando as opinións alleas e argumentando con rigor as propias. -Identificar as liñas características das diversas correntes e pensadores.

-Explicar o desenvolvemento da problemática ético-filosófica ó longo da historia.

-Asimilar os conceptos fundamentais das correntes e pensadores.

-Aplicación do aprendido a novos contextos.

-Modificación de actitudes e hábitos.

b) Metodoloxía didáctica:

O esquema metodolóxico aplicable ós distintos temas da área consta de tres fases:

-Fase de sensibilización

Nela tratarase de conseguir que os alumnos cheguen a ser conscientes da problemática que subxace no tema, que descubran a súa relación con datos e feitos da vida ordinaria ou con algúns dos seus coñecementos previos, que lles provoquen dilemas ou conflitos cognitivos que dean orixe a preguntas ou interrogantes. Tamén se pretende conseguir nesta fase que o profesor coñeza e valore a situación da que parten os seus alumnos, de xeito que con esta avaliación inicial poida adecuar o desenvolvemento do tema á súa situación real. A motivación que se consiga nesta fase será fundamental para o logro dos obxectivos propostos. Como técnicas motivadoras empregaranse a lectura de textos (periodísticos, literarios, filosóficos,...), o uso de medios audiovisuais, etc.

-Fase de información

Nesta fase combinaranse as técnicas de exposición e de indagación. É o momento da aprendizaxe na que o alumno recibe a información académica.

Convén que as fontes de información (por exposición ou indagación) sexan varias ou xerarquizadas -o profesor indicará os textos de lectura obrigatoria e os opcionais para quen desexe profundizar nalgún aspecto concreto. A información reunida polo alumno deberá quedar ordenada en torno a:

- as diversas teses expostas.
- os conceptos básicos utilizados.
- as fundamentacións e probas aportadas.
- algúns autores significativos que as defenden.
- algunhas das manifestacións socio-culturais nas que se reflicten.
- as críticas e reflexións que esas teorías suscitaron nos alumnos.

O labor de guía do profesor nesta fase é máis importante que en ningunha outra xa que é neste momento cando o alumno deberá mellorar ou adecuar a súas técnicas de traballo ás necesidades da materia.

-Fase de exercicios e actividades de aplicación: Este é o momento máis decisivo e máis longo en número de clases. Nel o alumno, mediante o uso persoal e reiterado dos coñecementos adquiridos, deberá integrar no seu saber persoal o saber académico recibido. As actividades e exercicios poden ser moi variados: resposta oral e escrita a preguntas formuladas polo profesor, exercicios de aplicación e transferencia do aprendido a casos concretos reais ou ficticios, realizacións audiovisuais, sínteses persoais sobre determinados aspectos, dicionarios persoais que recollan os conceptos fundamentais estudados, agrupación dos conceptos por familias, categorizacións, contrastación de ideas iniciais coas adquiridas na fase de información.

## A) MATERIAIS AUDIOVISUAIS

Estamos convencidos de que o traballo con películas é unha estratexia didáctica que pode resultar extraordinariamente efectiva en relación cos obxectivos de todas as materias impartidas polo profesorado do Departamento de Filosofía, pero moi especialmente na ESO, nas materias de Valores Éticos e na Optativa de Filosofía de 4<sup>o</sup> curso.

Por iso nos libros do alumno hai unha variada e ampla selección de filmes. Nalgúns casos, aínda que non sempre, as películas —acompañadas de cadansúas fichas técnicas— complétanse cun cuestionario no que procuramos avanzar do seguinte modo: intentamos formular, en primeiro lugar, preguntas de comprensión daquilo que a película relata; preguntas que requiren unha atención por parte do alumno durante o pase do filme. Neste sentido convén considerar os cuestionarios antes de ver a película, para estimular xustamente unha actitude activa e interrogativa ben diferente da actitude ás veces

desatenta con que os adolescentes se confrontan aos medios audiovisuais. Debe notarse, ademais, que frecuentemente a comprensión dunha película require que o alumno vaia máis aló do que conta a película e realice algunhas consultas, de carácter histórico ou sociolóxico, que lle permitan comprender máis cabalmente aquilo que se lle relatou. Pero comprender non é —ou non soamente é— o obxectivo que perseguimos. E de aquí un segundo aspecto no tratamento que facemos das películas. As que seleccionamos suscitan dilemas morais cuxa resposta non é fácil e que, en todo caso, require afinar na valoración ética. Os alumnos e as alumnas deben argüír e debater para lles dar resposta a eses dilemas morais. E esa é, desde o noso punto de vista, a mellor xustificación do traballo con películas. Estas presentan historias concretas nun medio a que os alumnos están habituados. Pero o concreto de cada historia pon en xogo a necesidade da reflexión valorativa desde os principios da ética cidadá que cada alumno e alumna debe ir construíndo. En cada unidade hai máis películas das que se dan visto nun curso. cada profesor decidirá pasar a película enteira e limitarse a algunhas secuencias que considere de especial interese, confiando ao traballo en casa o acabar de ver o filme na súa totalidade.

## B) OS XOGOS

Outro elemento característico da proposta de actividades que facemos é a recompilación de xogos colectivos que pode atoparse no libro do alumno. Para presentar cuestións complexas, nas cales se esixe a valoración ética argumentada, é conveniente situar os alumnos en primeiro lugar en contextos lúdicos nos que se escenifique dalgún xeito a cuestión que se está a traballar. Esa primeira etapa, por suposto, debe prepararse e realizarse con atención. Un xogo non debería ser nunca unha actividade improvisada, senón todo o contrario. Hai que se dar tempo. Cómpre avisar os alumnos de cando se van a realizar os xogos e distribuír os roles que cada un terá que representar. Nalgúns casos fai falta un atrezzo ao cal tamén se lle debe prestar a atención debida. Dito doutro xeito, en primeira instancia o xogo ha de resultar valioso en por si: non é un medio polo que hai que pasar o máis rápido posible, senón unha actividade colectiva que pide o esforzo de todos. Só dese xeito o xogo pode cumprir a súa función de os alumnos e as alumnas interiorizaren os dilemas morais implicados en cada proposta lúdica. E só a partir desa interiorización, fundamentada no principio de poñerse en lugar doutro vai ser logo posible abrir o debate e a reflexión sobre as cuestións máis conceptuais que se representaron en cada xogo.

## C) ANÁLISES DE TEXTOS

No libro do alumno unha boa parte das actividades están organizadas a partir dunha proposta de análise de textos. A maioría son fragmentos simples, moitas veces de carácter xornalístico, aínda que algúns son textos máis

especializados. As posibilidades que ofrece o traballo a partir de textos son múltiples, desde o noso punto de vista. Por medio da súa lectura comprensiva, guiados en ocasións por preguntas, os alumnos e as alumnas poderán adquirir un vocabulario específico sobre o tema desenvolvido, aprender a captar a estrutura dos fragmentos ou a comparar as súas teses principais coas doutros fragmentos xa traballados. A primeira tarefa que debe considerarse en relación aos textos é, xa que logo, a de análise e comprensión. Mais calquera fragmento sobre o cal se propoñan exercicios non é máis ca o punto de partida para un traballo posterior que, alén da análise, esixe dos alumnos un debate razoado sobre o tema en consideración ou ben un proceso de valoración, reflexión e investigación persoal. Os textos non son, pois, valiosos soamente en por si, senón tamén como catalizadores de actividades de debate e de valoración que, en definitiva, constitúen o principal obxectivo, ao noso entender, da materia de Valores Éticos.

#### D) TRABALLOS DE DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN

En moitas ocasións, as actividades levarán os alumnos e as alumnas a efectuar pequenos traballos de documentación e de investigación. Ás veces tal investigación partirá dun simple acto de observación crítica da súa propia realidade persoal e do seu contorno; noutros momentos deberán investigar a partir dos recursos dixitais dispoñibles en internet, a partir de enciclopedias e bibliotecas ou de novelas e películas. Cremos que este tipo de traballos en que os estudantes teñen que aprender por si mesmos a buscar solucións e recursos intelectuais favorecen o pensamento crítico e autónomo e os familiarizan, ademais, cuns procedementos que son básicos para calquera cidadán que queira entender a realidade social. Así mesmo estes procesos de investigación —que en función das súas características ou da elección dos profesores poderán levarse a cabo en grupo ou de forma individual— poden compartirse posteriormente co resto dos compañeiros mediante a exposición e o debate na aula.

#### E) DISERTACIÓNS

As disertacións son un tipo de composición, oral ou escrita, que tanto polo seu interese coma pola súa dificultade requiren unha especial atención. De entrada, hai que pensar que é un tipo de actividade que os alumnos posiblemente realicen por primeira vez, aínda que deberían ir avanzando ao longo dos cursos da Secundaria Obrigatoria en adquirir a competencia necesaria que lles permita realizar ese tipo de exercicio correctamente. Pódeselles pedir aos alumnos que constrúan unha disertación á propósito dun texto (por exemplo, a partir dalgún artigo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos) ou ben para tratar de responder unha pregunta xeral (por exemplo, de que modo os medios de comunicación configuran o comportamento dos individuos dunha sociedade?). En esencia este tipo de traballo, por moito que

varíe a súa forma, sempre consistirá en realizar a defensa máis sólida posible dunha argumentación propia. Para ese fin os alumnos e as alumnas deberán ter en conta que:

1. Non se trata dun exercicio memorístico nin temático. O obxectivo dunha disertación non é reproducir determinados contidos relacionados coa materia, senón mostrar que, partindo deles, se é capaz de elaborar unha reflexión crítica sobre determinadas cuestións.

2. Hai que intentar construír un texto con cabeza, corpo e extremidades, tanto desde o punto de vista gramatical coma lóxico e retórico. Isto supón organizar unha exposición ben ordenada nas súas partes —introdución, desenvolvemento e conclusión—, na cal os razoamentos estean correctamente trabados entre si e non conteñan falacias argumentativas co propósito de convencer a un hipotético auditorio.

3. No desenvolvemento, é dicir, na parte central do exercicio, a exposición razoada do propio punto de vista axústase normalmente a un esquema, xa clásico, de tres partes: tese, antítese e síntese. Na tese e na antítese deberá mostrarse o coñecemento de varios puntos de vista opostos en relación co asunto considerado, así como das súas respectivas implicacións. Na síntese, previa á conclusión, retomarase a modo de resumo o tema proposto desde o enfoque que resulte máis convincente e argumentarase ao respecto. A dificultade deste tipo de exercicio resulta evidente. A disertación é unha técnica de expresión que esixe dispoñer de coñecementos teóricos e saber utilizalos en defensa das propias opinións. Esixe, pois, que os alumnos e as alumnas dispoñan da información necesaria respecto dos pasos a seguir, así como dunha boa capacidade para a análise e para a síntese, de certa madurez reflexiva e, por suposto, tamén dunha determinada competencia lingüística. Trátase dun traballo moi útil, se o que se pretende é mellorar o rendemento do alumnado en calquera das capacidades antes mencionadas, aínda que só por medio da súa proposta reiterada se pode conseguir que o nivel na súa elaboración sexa razoablemente satisfactorio.

## F) VALORACIÓNS CRÍTICAS E OUTRAS PROPOSTAS CREATIVAS

Todos os procedementos que poden utilizarse nas materias do Bacharelato implican, dun modo ou outro, a creatividade do alumnado na medida en que cada un deles obriga a lle aplicar o propio pensamento, partindo dunha información teórica, á resolución dalgún tipo de problema. O caso da disertación, que considerabamos no apartado anterior, resulta modélico neste sentido. A valoración persoal e crítica é outra proposta de traballo creativo. Pode pedirse á propósito dun fragmento que previamente sexa analizado nas súas ideas principais. Tamén é posible efectuala partindo dun libro ou dunha película que ilustre aspectos da explicación dada polo profesor, dunha situación observable ou incluso como parte obrigada de toda disertación. Sen chegar ao

grao de complexidade técnica e expositiva deste último exercicio, a valoración esixe dos alumnos e alumnas unha toma de postura razoada e por regra xeral non moi extensa a propósito dalgún tema. É importante, daquela, que ante un exercicio deste estilo se entenda que:

1. Non se trata simplemente de expresar unha opinión ou uns gustos persoais; dito doutra forma, non se trata de opinar de forma acrítica, senón de procurar unhas bases ou premisas sobre as cales establecer un punto de vista.
2. Ás veces, aínda que poidan xerarse situacións provisionalmente molestas na aula, resulta interesante para os alumnos evidenciar, desde unha perspectiva de ética cidadá, a falta de bases racionais ou os prexuízos que pode haber detrás de calquera valoración.

#### G) IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL

As medidas propostas nos apartados A) ao F) deberán contribuír a un desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado favorecendo a súa capacidade de busca crítica de documentación, ferramentas e métodos que lle permitan a consecución dunha madurez intelectual orientada ao logro dos obxectivos e a planificación consciente do seu traballo persoal, á marxe da dependencia do profesor.

#### 15. Medidas de Atención á Diversidade.

O tratamento da diversidade do alumnado aparece **especificado e acompañado da rúbrica correspondente na Programación específica de cada unha das materias do Departamento**, e con carácter xeral, farase atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumna ou alumno na aula. Así, dependendo de cada caso, farase unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel proporanse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar, nun segundo nivel de profundización, ó estudo de temas máis concretos. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto. Para iso realizaranse un conxunto de Actividades de Reforzo e de Actividades de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo facilitar que todo o alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

As actividades de cada nivel tamén deberán reflectir esa diversidade. Unha serie de actividades servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumnado e corrixir os contidos deficientemente



aprendidos. Outra serie de actividades para comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte do alumnado.

## 16. Concreción dos elementos transversais que se traballarán nos distintos niveis educativos.

Nunha concepción integral da educación, a educación en valores é fundamental para procurar que o alumnado adquira comportamentos responsables na sociedade.

Estes temas –chamados elementos transversais porque non corresponden de modo exclusivo a unha única área educativa, senón que están presentes de maneira global nos obxectivos e contidos de todas elas– contribuirán a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre todas as materias. Dita unidade pode conseguirse prestando atención, no momento no que se planifican as diversas materias, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar. No caso das materias correspondentes ao Departamento de Filosofía resulta evidente que a educación en valores cobra capital importancia, xa que o núcleo central da Ética como disciplina filosófica consiste precisamente na valoración axiolóxica, é dicir, na toma de decisións morais fundamentada na conciencia moral (acto moral). De seguido tomaremos en conta aqueles aspectos que cobran especial relevancia dentro da programación do Departamento de Filosofía:

### 1. Educación para o consumo (especialmente na ESO)

-Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais e sociais do consumo (2º e 4º curso da ESO)

-Desenvolver o coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor (4º curso da ESO e Bacharelato)

-Crear una conciencia crítica ante el consumo (2º e 4º da ESO)

### 2. Educación para a saúde

-Desenvolver hábitos hixiénicos e saudables (2º e 4º da ESO)

### 3. Educación para os dereitos humanos e a paz

-Preferir a solución dialogada e consensuada antes que o conflito (ESO e BAC)

### 4. Educación ambiental (ESO e BAC)

-Concienciar acerca do deterioro do medio ambiente e das causas que o producen

-Influir nas actitudes que favorecen a conservación do medio ambiente

#### 5. Educación multicultural (ESO e BAC)

-Despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes

-Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con outras culturas

6. Educación vial (ESO) Propón dous obxectivos fundamentais: -Desenvolver conductas e hábitos que melloren a seguridade vial -Sensibilizar ante os accidentes de tráfico e as súas repercusións

#### 7. Educación para la convivencia (ESO e BAC)

Pretende educar no pluralismo, en dúas direccións:

-Favorecer o diálogo como forma de solucionar as discrepancias entre os individuos e os grupos

-Respetar a autonomía, as formas de pensar e os comportamentos dos demais

#### 8. Educación sexual (ESO e BAC)

Os seus obxectivos son:

-Consolidar actitudes de naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade

-Adquirir información suficiente e científica de todos os aspectos relativos á sexualidade

9. Educación para a igualdade entre homes e mulleres (ESO e BAC) Ten como obxectivos:

-Consolidar hábitos non discriminatorios

-Desenvolver a autoestima e a concepción do propio corpo como expresión da personalidade

-Analizar críticamente a realidade e corregir xuízos sexistas

#### 17. Accións de contribución ao Plan TIC.

Nos termos concretos que sinalamos na **Programación específica para cada materia**, utilizarase Internet para a busca de información a partir dunha serie de páxinas seleccionadas que complemente a teoría dos temas tratados.

-En todas as materias aquí programadas, buscarán de forma máis libre información relacionada cos temas tratados na aula. A partir desta búsqueda farán traballos guiados sobre estes temas individuais e tamén en grupo.

-Visionado de documentais sobre os que deberán responder a cuestionarios e posteriormente preparar un debate.

## 18. Accións de contribución ao Plan de Convivencia.

A través das materias e tendo en conta o Plan de Convivencia do centro intentarase:

-Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

-Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos, na medida do posible, de maneira consensuada e pacífica.

-Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia ou de calquera outro espazo que se utilice para impartir a materia.

-Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.

-Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos no centro.

-Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

## 19. Materiais e recursos didácticos (incluídos os libros de texto).

Na **Programación didáctica específica para cada materia sinalamos os libros de texto recomendados, así como outros recursos que se empregarán na docencia de cada unha delas.**

Con carácter xeral utilizarase para todo o alumnado a seguinte obra de referencia:

FERRATER MORA, J; *Diccionario de Filosofía Abreviado*, Ed. Edhasa.

Na Historia de Filosofía de segundo curso de Bacharelato e na optativa Ética e Filosofía do Dereito non hai establecido un libro de texto, aínda que se lle recomentan libros, se lle proporcionan ao alumnado abundantes materiais de traballo así como os textos ata agora propostos pola CIUG para as Probas de Acceso á Universidade, que ata que se especifiquen os detalles na nova

Proba Final de Bacharelato, constitúen a nosa referencia para a preparación da materia. Ademais da utilización do libro de texto e dos materiais subministrados, o alumnado realizará lecturas de textos e doutros materiais escritos que o profesorado lle entregará oportunamente e en relación con cada unidade didáctica.

-Directorio de revistas, dicionarios e asociacións de filosofía en España:

<http://www.filosofia.net/>

-Páxinas de recursos elaboradas por docentes de filosofía:

<http://www.filopolis.net/>

<http://www.webdianoia.com/index.html>

<http://www.lacavernadeplaton.com/>

<http://www.asociaciondoutorcastro.org/>

<http://jacgmur.blogspot.com.es/>

<http://www.rafaelrobles.com/wiki/index.php?title=Portada>

-Aplicación didáctica da película Matrix á filosofía

<http://www.telecable.es/personales/filomatrix/>

-Páxina de filosofía con vídeos e enlaces interesantes

<http://dolphin.blogia.com/>

Outros recursos didácticos: películas, vídeos sobre filósofos, crucigramas filosóficos, presentacións en Power Point (Platón, Aristóteles), etc.

Outras páxinas web:

[www.naya.org.ar](http://www.naya.org.ar)

[www.facebook.com/note.php%3Fnote\\_id%3D16136634575](http://www.facebook.com/note.php%3Fnote_id%3D16136634575)

[www.educared.org/wikiEducared/La\\_antropolog%25C3%25ADa\\_filos%25C3..](http://www.educared.org/wikiEducared/La_antropolog%25C3%25ADa_filos%25C3..)

[www.ucm.es/info/america2/publica.htm](http://www.ucm.es/info/america2/publica.htm)

## 20. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias e extraescolares deste curso son as contempladas con carácter xeral para o Centro coa inclusión dalgunhas outras de carácter específico do Departamento de Filosofía:

a) Educación Secundaria Obligatoria (ESO): Valores Éticos

O profesorado ten previsto facer ao longo do curso académico unha visita co alumnado ao Museo de Pontevedra.

4º curso: Filosofía

O profesorado ten previsto facer ao longo do curso académico unha visita co alumnado ao Museo de Pontevedra.

b) Bacharelato

1º curso: Filosofía .

Non hai prevista ningunha actividade complementaria ou extraescolar propia do departamento, agás as incluídas na Programación Xeral do centro.

2º curso: Historia da Filosofía

Non hai prevista ningunha actividade complementaria ou extraescolar propia do departamento, agás as incluídas na Programación Xeral do centro (visita cultural a Madrid e posible visita ao Parlamento europeo de Bruxelas).

2º curso: Ética e Filosofía do Dereito:

Non hai prevista ningunha actividade complementaria ou extraescolar propia do departamento, agás as incluídas na Programación Xeral do centro (visita cultural a Madrid e posible visita ao Parlamento europeo de Bruxelas).

2º curso: Psicoloxía

Non hai prevista en principio ningunha actividade complementaria ou extraescolar propia do departamento e a súa realización dependerá das distintas convocatorias, conferencias, congresos e outras actividades culturais que os distintos organismos públicos e privados vaian levando a cabo ao longo do curso académico.

21. Procedementos e instrumentos para avaliar a propia Programación.

Cada unha das **Programacións específicas para cada materia** que aparecen máis arriba contempla estes procedementos para avaliar a Programación e a propia práctica docente. Con carácter moi xeral, sinalamos ademáis aquí os seguintes para todas as materias do Departamento:

Ao longo do curso e nas reunións que o Departamento realice, avaliarase o cumprimento dos obxectivos propostos nesta Programación,

mediante unha posta en común dos seus membros e os procedementos e instrumentos que aparecen relacionados na Programación específica para cada cada materia. Coincidindo co final do curso académico, o Departamento analizará os resultados da súa programación co obxecto de introducir nela as melloras oportunas de cara ao seguinte curso. Nesta reunión analizaranse tamén os resultados do alumnado nas Probas de Acceso á Universidade/Proba Final de Bacharelato (cuxo contido, forma, data e demais detalles se atopan aínda sen especificar na data da redación desta Programación didáctica) coa mesma finalidade, e que servirán tamén como mecanismo de avaliación externa do noso traballo.

En Pontevedra, a 14 de setembro de 2018.

O Xefe do Departamento:

Alberto Domínguez Méndez

Os profesores:

D. Alfonso Sola Limia

Dna. Milagros Sánchez Blázquez